

CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO**A N U N C I O**

De conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, non constando a presentación de reclamacións ou suxerencias, enténdense definitivamente aprobados o Regulamento do Servizo de Subministración de Auga e o Regulamento de Verteduras e de Prestación do Servizo de Saneamento e Depuración, do Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro, procedendo á súa publicación íntegra.

**REGULAMENTO DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA DO CONSORCIO PARA A XESTIÓN
DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS****CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS**

- Artigo 1. Natureza, ámbito, réxime xurídico, potestades e competencias do CONSORCIO
- Artigo 2. Fundamento
- Artigo 3. Obxecto
- Artigo 4. Ámbito de aplicación
- Artigo 5. Definición de conceptos. Denominacións
- Artigo 6. Réxime de competencias
- Artigo 7. Vixencia

CAPÍTULO II. CONTIDO DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**SECCIÓN PRIMEIRA. DEREITOS E OBRIGAS DO CONSORCIO E DOS USUARIOS**

- Artigo 8. Contido da obriga prestacional
- Artigo 9. Obrigas do CONSORCIO
- Artigo 10. Dereitos do CONSORCIO
- Artigo 11. Obrigas dos usuarios
- Artigo 12. Dereitos dos usuarios

SECCIÓN SEGUNDA. REGULARIDADE E CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO

- Artigo 13. Regularidade e Continuidade na prestación do servizo
- Artigo 14. Restricións na subministración

SECCIÓN TERCEIRA. PRESTACIÓN DO SERVIZO

- Artigo 15. Complementariedade dos servizos de Subministración e Saneamento
- Artigo 16. Obrigatoriedade de prestación do servizo
- Artigo 17. Solicitude de alta no servizo
- Artigo 18. Solicitude de manobra na rede de distribución e/ou acometido
- Artigo 19. Subministracións que impliquen ampliación ou modificación de instalacións da rede de distribución en solo urbano
- Artigo 20. Subministracións a novos polígonos ou urbanización

CAPÍTULO III. INSTALACIÓNS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**SECCIÓN PRIMEIRA. DISPOSICIÓNS XERAIS**

- Artigo 21. Relación de instalacións de subministración
- Artigo 22. Definición das instalacións de subministración
- Artigo 23. Instalacións de subministración a usuarios en rede primaria
- Artigo 24. Ampliación ou modificación da rede de distribución
- Artigo 25. Instalacións nos novos polígonos ou urbanizacións

SECCIÓN SEGUNDA. ACOMETIDAS

- Artigo 26. Definición e elementos compoñentes das acometidas
- Artigo 27. Características das acometidas
- Artigo 28. Mantemento e conservación das acometidas
- Artigo 29. Acometidas para servizos contra incendios

SECCIÓN TERCEIRA. INSTALACIÓNS INTERIORES

- Artigo 30. Concepto de instalacións interiores
- Artigo 31. Condicións das instalacións interiores
- Artigo 32. Modificación das instalacións interiores
- Artigo 33. Facultade de inspección

SECCIÓN CUARTA. EQUIPOS DE MEDIDA

- Artigo 34. Definición, emprazamento, clases e características
- Artigo 35. Características técnicas dos contadores
- Artigo 36. Contador xeral
- Artigo 37. Batería de contadores divisionarios
- Artigo 38. Características dos locais para situación de baterías de contadores
- Artigo 39. Características dos armarios para situación de baterías de contadores
- Artigo 40. Propiedade do contador
- Artigo 41. Subministracións sen contador
- Artigo 42. Taxa de conservación do contador
- Artigo 43. Verificación do contador
- Artigo 44. Precintado do contador
- Artigo 45. Renovación periódica do contador
- Artigo 46. Substitución do contador
- Artigo 47. Montaxe e desmontaxe do contador
- Artigo 48. Cambio de emprazamento
- Artigo 49. Liquidación por verificación
- Artigo 50. Responsabilidade sobre o contador

CAPÍTULO IV. CONTRATACIÓN OU SUSCRICIÓN DOS SERVIZOS**SECCIÓN PRIMEIRA. SUBMINISTRACIÓNS EN REDE PRIMARIA**

Artigo 51. Documentación a presentar para a contratación da subministración de auga en rede primaria

Artigo 52. Particularidades no caso de comunidades de usuarios en rede primaria

SECCIÓN SEGUNDA. SUBMINISTRACIÓNS EN REDE SECUNDARIA

Artigo 53. Concesión de acometidas

Artigo 54. Contratación de acometidas

Artigo 55. Contratación ou subscrición á subministración

Artigo 56. Documentación a presentar para a contratación ou subscrición do servizo polos usuarios en rede secundaria

Artigo 57. Modelo do contrato ou póliza de subministración

Artigo 58. Subrogación no contrato ou póliza de subministración

Artigo 59. Contratos ou pólizas de subministración mediante contadores xerais

SECCIÓN TERCEIRA. CONDICIÓNS XERAIS

Artigo 60. Tipos de subministración

Artigo 61. Duración do contrato ou póliza de subministración

Artigo 62. Contratos ou pólizas de subministración de curta duración

Artigo 63. Diferenciación de contratos ou pólizas de subministración

Artigo 64. Cláusulas especiais

Artigo 65. Contratos ou pólizas de subministración para servizos contra incendios

Artigo 66. Prohibición de gratuidade

Artigo 67. Denegación do contrato ou póliza de subministración

Artigo 68. Fundamento e causas de suspensión da prestación do servizo

Artigo 69. Procedemento de suspensión da prestación do servizo

Artigo 70. Particularidades nos supostos de suspensión da prestación do servizo por falta de pagamento

Artigo 71. Procedemento nos supostos de suspensión inmediata

Artigo 72. Extinción do contrato ou póliza de subministración

CAPÍTULO V. LECTURAS E EXACCIÓN DAS TAXAS

Artigo 73. Periodicidade da lectura

Artigo 74. Sistema de lectura

Artigo 75. Determinación dos consumos a exaccionar

Artigo 76. Regularización das liquidacións

Artigo 77. Reducións por avarías fortuítas

Artigo 78. Estrutura tarifaria

Artigo 79. Requirimentos das liquidacións das taxas

Artigo 80. Liquidación ao usuario

Artigo 81. Medios de pagamento

Artigo 82. Recadación en período executivo

CAPÍTULO VI. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 83. Réxime de infraccións e sancións

Artigo 84. Sancións

Artigo 85. Órganos Competentes

Artigo 86. Procedemento

Artigo 87. Medidas cautelares

Artigo 88. Valoración de danos

CAPÍTULO VII. RECLAMACIÓNS, RECURSOS E XURISDICIÓN

Artigo 89. Réxime xurídico e procedemento

Artigo 90. Réxime dos recursos

Artigo 91. Procedementos alternativos aos recursos

Artigo 92. Xurisdición competente

DISPOSICIÓN FINAL**ANEXO I****MODELO DE SOLICITUDE DE ACOMETIDA****EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro, en adiante, Consorcio, constitúe unha entidade de ámbito supramunicipal cuxa finalidade e a prestación dos servizos de subministración de auga no ámbito dos concellos que o integran, e cuxa existencia mesma susténtase nos principios de integración da xestión do ciclo urbano da auga, homoxeneidade da calidade do servizo e uniformidade das tarifas en dito ámbito territorial.

O Consorcio está dotado para o cumprimento dos seus fins, entre outras, das potestades regulamentaria, de auto-organización e sancionadora (artigo 6 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e artigo 4, apartados a e k) dos seus Estatutos), e investido de competencias, entre as cales cabe salientar as de regulación dos servizos de subministración de auga no seu ámbito territorial e a de ordenación dos servizos de xestión, liquidación, inspección e recadación das tarifas dos correspondentes servizos, así como a súa regulamentación, con carácter uniforme, no ámbito territorial dos concellos consorciados (artigo 4, apartado b, artigo 29 e artigo 30 dos seus Estatutos).

Sobre dita base, a razón de ser da presente Ordenanza é a regulación das relacións entre o Consorcio e os usuarios dos servizos de subministración de auga no seu ámbito territorial, definindo o contido da relación prestacional, isto é, os dereitos e deberes recíprocos, erixíndose a mesma como a “lei do servizo”, e polo tanto, á cal se someterán todos os actos de xestión do servizo en relación cos usuarios; tal e como se deduce da legalidade que resulta de aplicación: artigo 84.1.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, modificada pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, reguladora das Bases de Réxime Local, así como do artigo 106 do Texto Refundido de Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado en virtude do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

No que se refire aos medios materiais e técnicos do servizo de saneamento, os mesmos rexeranse polo disposto no Regulamento de Verteduras e de Prestación do Servizo de Saneamento e Depuración, aprobado polo Comité Directivo do Consorcio.

Dado que os medios tributarios e recadatorios dos servizos de subministración de auga e saneamento son obxecto de ordenación nas correspondentes Ordenanzas Fiscais, a regulación na presente Ordenanza da actividade de “Xestión de Usuarios” está constituída pola ordenación da actividade administrativa que a prestación dos servizos de subministración de auga (e saneamento) implican, así como ás relacións xurídicas cos usuarios que a mesma xera.

A presente Ordenanza resultará, igualmente de aplicación naqueles concellos que teñan subscrito os correspondentes convenios de colaboración co CONSORCIO, para a prestación de todos ou algúns dos servizos que constitúen o seu obxecto, no medida en que iso se deduza dos termos do convenio, e se leven a cabo os trámites precisos polos respectivos concellos.

Dende un punto de vista formal, a presente Ordenanza está integrada por noventa e ous artigos agrupados en sete bloques principais ou Capítulos, así como unha disposición final.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1. NATUREZA, ÁMBITO, RÉXIME XURÍDICO, POTESTADES E COMPETENCIAS DO CONSORCIO

1. O Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro, en adiante Consorcio, constitúe unha entidade de ámbito supramunicipal cuxa finalidade primordial está constituída pola prestación dos servizos de subministración de auga e saneamento no ámbito territorial dos concellos que o integran, e cuxa existencia mesma susténtase nos principios de integración da xestión do ciclo urbano da auga, homoxeneidade da calidade do servizo e uniformidade das tarifas en dito ámbito territorial.

2. Réxese polos seus propios Estatutos, o ordenamento das Entidades Locais, así como o administrativo xeral, a lexislación de augas que resulta aplicable en función do contido das súas competencias, e cantas outras disposicións legais de carácter sectorial resulten de aplicación.

3. Para o cumprimento dos seus fins o Consorcio ten atribuídas, entre outras, as potestades administrativas regulamentaria e de auto-organización.

4. Así mesmo, o Consorcio ostenta, entre outras, as competencias de regulación dos servizos de subministración de auga e saneamento no seu ámbito territorial na medida en que asuma a prestación dos mesmos, e de ordenación do servizo de Xestión de Usuarios, mediante a súa regulamentación, con carácter uniforme no ámbito territorial dos concellos consorciados.

5. O Consorcio, de acordo co artigo 11 dos seus estatutos, e para a prestación dos servizos encomendados, poderá utilizar calquera das formas de xestión dos servizos públicos locais legalmente establecidas. No caso de que a forma de xestión escollida sexa indirecta, á empresa adxudicataria da xestión dos servizos á que se contrae este regulamento denominarase “Explotador”

ARTIGO 2. FUNDAMENTO

1. Constitúe a finalidade da presente Ordenanza a regulación das relacións entre o Consorcio e os usuarios do servizo de subministración de auga no seu ámbito territorial, configurando o contido dos dereitos, deberes e obrigas recíprocos, erixíndose a tal fin en “lei do servizo”.

2. Toda vez que o acto de autorización da subministración de auga fai nacer o vínculo entre o Consorcio e o usuario, intégrase no ámbito da presente Ordenanza o servizo de “Xestión de Usuarios”, en canto que actividade na que se concretan as relacións administrativas e económicas entre o Consorcio e os usuarios, no que se refire á prestación dos servizos de subministración e saneamento.

3. A formulación da presente Ordenanza obedece, así mesmo, á necesidade de coordinación, no campo das súas respectivas competencias, entre o Consorcio (redes primarias) e os concellos (redes secundarias) no que ao tratamento conxunto do servizo de subministración de auga, se refire.

ARTIGO 3. OBXECTO

1. Constitúen o obxecto da presente Ordenanza as seguintes prestacións e actividades do Consorcio:

- a) Servizo de subministración de auga en rede primaria, subministración en “alta” ou servizo de adución, que comprende as funcións de captación ou alumeamento, encoro, transporte, tratamento e conducción ata os grandes consumidores ou ata os depósitos de cabeceira da rede de distribución.

- b) O servizo de subministración de auga en rede secundaria, subministración en “baixa” ou servizo de distribución, que comprende as funcións de almacenamento en depósitos da auga subministrada en rede primaria e reparto ata as acometidas que conectan coas instalacións privadas dos usuarios finais (vivendas, comercios, industrias, e demais establecementos).
- c) A Xestión de Usuarios, tanto en rede primaria como en rede secundaria, que comprende o control dos equipos de medida, a contratación dos servizos, o control dos consumos, a súa liquidación e xestión recadatoria, a resolución das reclamacións, así como a potestade de imposición de sancións derivadas desta actividade.

2. Os servizos de Saneamento en Rede secundaria ou Sumidoiros e de Saneamento en Rede primaria ou Servizo de Interceptación e Depuración rexeranse polo vixente Regulamento de Verteduras e de Prestación do Servizo de Saneamento e Depuración, aprobado polo Comité Directivo do CONSORCIO, en adiante Regulamento de Verteduras, e demais normas que o desenvolvan, ou, no seu caso, pola/s disposición/óns que o substitúa/n.

3. En materia tributaria e recadatoria, as relacións cos usuarios rexeranse pola Ordenanza Fiscal vixente en cada momento no ámbito do CONSORCIO, así como polo establecido na Lei reguladora da Administración Local de Galicia, o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e demais disposicións que resulten de aplicación.

4. O Consorcio poderá aprobar cantas Ordenanzas e disposicións resulten necesarias para a xestión dos servizos de subministración de auga e de saneamento, que poderán ser complementarias ou de desenvolvemento da presente Ordenanza.

ARTIGO 4. ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. Respecto dos Concellos que integran o Consorcio, o ámbito de aplicación do contido da presente Ordenanza será o seguinte:

- a) Respecto do servizo de subministración de auga a usuarios en rede primaria resultará de aplicación uniforme en todo o ámbito territorial do Consorcio.
- b) No que respecta ao servizo de subministración en rede secundaria só resultará de aplicación naqueles concellos consorciados respecto dos cales o Consorcio haxa asumido efectivamente a prestación de dito servizo. En consecuencia, toda referencia ás redes de distribución de auga contidas na presente Ordenanza, será de aplicación en ditos Concellos. Noutro caso, rexerá o disposto nas respectivas Ordenanzas Municipais.
- c) A presente Ordenanza resultará de aplicación uniforme en todo o ámbito territorial do Consorcio, no que se refire á actividade de “Xestión de Usuarios”, tanto para usuarios en rede primaria, como en rede secundaria.

2. A presente Ordenanza resultará, así mesmo, de aplicación naqueles concellos nos que o Consorcio empreste todos ou algúns dos servizos enumerados no artigo 3 en virtude do correspondente convenio de colaboración.

ARTIGO 5. DEFINICIÓN DE CONCEPTOS. DENOMINACIÓN

1. A efectos da presente Ordenanza, enténdese por:

- a) Concellos Consorciados: Aqueles que integran o Consorcio, formando parte do mesmo como membros de pleno Dereito.
- b) Concellos non Consorciados: Os que teñen subscrito un convenio de colaboración co Consorcio para a prestación de determinadas actividades de prestación de servizos de subministración de auga ou de saneamento, pero que non integran a Entidade como membros de pleno Dereito.

- c) Usuarios: Os destinatarios do servizo que se atopan vinculados, respecto do Consorcio, por unha relación de suxeición especial. Os mesmos terán a condición de usuarios en Rede primaria ou usuarios en Rede Secundaria.
- d) Usuarios en Rede primaria: Aqueles usuarios non domésticos, individualmente considerados, que polas características da súa actividade, soliciten caudais medios por ano por un volume que faga necesaria á súa subministración dende a rede primaria. Os mesmos, deberán dispor de contrato ou póliza de subministración específico co Consorcio e ser subministrados por este dende a rede primaria.

Os usuarios en Rede primaria, á súa vez, poderán ser individuais ou Comunidades de Usuarios, sempre que, neste último caso, cada membro ostente individualmente a condición de usuario en Rede Primaria.

- e) Usuarios en Rede secundaria: Os restantes usuarios, ben sexan persoas físicas ou xurídicas, con consumo individual ou colectivo (tales como Entidades Urbanísticas Colaboradoras, Comunidades de usuarios, etc...) con contrato ou póliza de subministración formalizado co Consorcio e que sexan subministrados dende as redes de distribución secundaria.

ARTIGO 6. RÉXIME DE COMPETENCIAS

De cara a garantir a seguridade xurídica dos usuarios na aplicación da presente Ordenanza, a distribución de competencias no que se refire ás prestacións que constitúen o obxecto da mesma, derivada da conformación legal e das propias normas institucionais do Consorcio, é a seguinte:

1. Corresponderá ao CONSORCIO, no seu ámbito territorial:
 - a) A prestación do servizo de subministración de auga en rede primaria.
 - b) A execución de obras e instalacións en rede primaria para a subministración de auga, así como a conservación e explotación das mesmas.
 - c) A prestación do servizo de subministración de auga en rede primaria a industrias e demais grandes consumidores.
 - d) A realización, ampliación, explotación e mantemento das redes secundarias de subministración.
 - e) A subministración de auga aos usuarios nas debidas condicións de caudal, regularidade e potabilidade.
 - f) A regulación das acometidas que efectúen os usuarios á rede secundaria.
 - g) A Xestión de Usuarios, tanto en rede primaria como en rede secundaria, de todos os concellos consorciados, nos termos definidos no artigo 3 da presente Ordenanza.
 - h) A prestación do servizo de subministración de auga e o de Xestión de Usuarios naqueles concellos non consorciados que así o soliciten, e segundo as condicións que se establezan no Comité Directivo.
 - i) Velar polo cumprimento do establecido no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, no caso de que a captación ou condución ou tratamento ou distribución ou autocontrol da mesma sexa realizado por un xestor ou xestores distintos do Consorcio.

2. Corresponden aos Concellos non consorciados a asunción das competencias de ámbito local, e calquera outras relativas á subministración de auga, que non tiveran sido encomendadas ao Consorcio en virtude dos convenios de colaboración subscritos co mesmo.

3. Sen prexuízo do establecido nos apartados anteriores do presente artigo, nos casos nos que o Consorcio se faga cargo da explotación e mantemento das redes secundarias por solicitude dos Concellos e nas condicións que ao efecto se determinen, corresponderán a dita Entidade as competencias referidas no apartado 1 do presente artigo.

En consecuencia, toda referencia ás redes de distribución de auga contidas na presente Ordenanza, será de aplicación naqueles termos municipais nos que o Consorcio tivese asumido a prestación do servizo en baixa. Noutro caso, reixerá o disposto nas respectivas Ordenanzas Municipais.

ARTIGO 7. VIXENCIA

A presente Ordenanza terá vixencia indefinida, en tanto non resulte modificada total ou parcialmente por unha disposición de igual ou superior rango.

CAPÍTULO II. CONTIDO DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

SECCIÓN PRIMEIRA. DEREITOS E OBRIGAS DO CONSORCIO E DOS USUARIOS

ARTIGO 8. CONTIDO DA OBRIGA PRESTACIONAL

1. O servizo de Subministración de auga constitúe un servizo público, polo que teñen dereito a utilizalo cantas persoas físicas ou xurídicas o soliciten, sen outras limitacións e obrigas que as impostas pola presente Ordenanza, e, en xeral, pola normativa que resulte de aplicación.

2. Con independencia do instrumento e modo da súa regulación, e dada a integralidade do ciclo de auga, o servizo de subministración de auga e de saneamento no ámbito do CONSORCIO constitúen servizos de carácter complementario, e cuxa prestación se levará a cabo nos termos de vinculación previstos no artigo 15 da presente Ordenanza.

ARTIGO 9. OBRIGAS DO CONSORCIO

1. Son obrigas do Consorcio:

- a) Planificar, proxectar, executar, conservar e explotar as obras e instalacións necesarias para a prestación do servizo de subministración.
- b) Garantir a potabilidade da auga que subministra, de acordo coas disposicións sanitarias vixentes.
- c) Manter a regularidade e continuidade na subministración de auga nos termos contidos nos artigos 13 e 14 desta Ordenanza, se ben non lle serán imputables as interrupcións do servizo nos supostos indicados nesta Ordenanza.
- d) Aplicar aos distintos tipos de servizos prestados, as tarifas vixentes en cada momento.
- e) Contestar calquera reclamación que se lle formule por escrito de forma motivada e nos termos establecidos nas normas que rexen a actuación das Administracións Locais.
- f) Colaborar con autoridades e centros de educación para que os usuarios ou público en xeral poidan coñecer o funcionamento das instalacións.
- g) Facilitar información detallada e actualizada dentro do ámbito territorial no que presta os seus servizos, da área ou áreas de cobertura que domina, coas súas instalacións de subministración de auga e saneamento.
- h) Dentro da súa área de cobertura, conceder a subministración a toda persoa ou entidade que o solicite e a ampliación da mesma, todo iso nos termos e condicións técnicas establecidas na Ordenanza.

ARTIGO 10. DEREITOS DO CONSORCIO

Son dereitos básicos do Consorcio, ademais de cantos outros se deriven da presente Ordenanza e demais normas legais, os seguintes:

1. Inspeccionar, revisar e intervir as instalacións interiores que se atopen ou poidan atoparse en servizo ou uso.

2. Percibir dos usuarios o importe dos servizos que presta, de acordo coas tarifas vixentes en cada momento, as cales deberán garantir o mantemento e desenvolvemento dos servizos de subministración de auga e saneamento.

ARTIGO 11. OBRIGAS DOS USUARIOS

Con independencia de aquelas situacións que sexan obxecto de regulación especial na presente Ordenanza e que poidan orixinar obrigas específicas para algúns usuarios, estes terán, con carácter xeral, as seguintes:

1. Formalizar o contrato ou póliza de subministración, nas condicións que mais adiante se detallan.

2. Facilitar ao Consorcio a colocación e lectura dos elementos precisos para o aforo da subministración, permitindo o acceso do persoal debidamente autorizado e que así o acredite á súa propiedade, a fin de que poida efectuar cantas comprobacións estean relacionadas co servizo.

Así mesmo, terán a disposición do Consorcio e en perfectas condicións de uso os locais, recintos ou arquetas necesarios para a instalación dos equipos de medida e elementos auxiliares adecuados en cada caso.

3. Facilitar ao Consorcio os datos solicitados por este no relativo ás prestacións e servizos relacionados con eles, coa máxima exactitude.

Dentro de tales datos deberá incluírse a eventual existencia de recursos hidráulicos propios de cada usuario.

4. Utilizar de forma correcta a auga e as instalacións ao seu servizo, adoptando os medios necesarios para conservar as mesmas, evitando en todo caso tanto os consumos innecesarios como a introdución doutras fontes de alimentación de augas, así como o retorno á rede de posibles augas contaminantes.

Para tal efecto, o usuario virá obrigado a:

a) Instalar os equipos correctores necesarios en caso de que se produzan perturbacións nas redes de subministración.

b) Modificar o rexistro ou arqueta do contador, e mesmo a súa instalación interior, cando sexa preciso, para colocar un novo contador ou substituír o existente ata ese momento e, en particular, para adaptar a instalación existente aos sistemas de lectura a distancia que adopte o Consorcio.

c) Impedir derivacións das instalacións de subministración contra incendios para outros fins, e tomar auga das mesmas fora dos supostos autorizados.

d) Reparar calquera avaría nas súas instalacións.

e) A adopción de calquera outras medidas que resulten precisas para garantir o uso adecuado da subministración de auga.

5. Evitar calquera manipulación dos aparellos de medida, procurando as condicións idóneas para a súa lectura ou substitución, mantendo intactos os seus precintos.

6. Non modificar a situación do contador, ou dos seus accesos, sen autorización previa do Consorcio.

7. Non manipular as chaves de paso situadas na vía pública sen causa xustificada, estean ou non precintadas.

8. Utilizar a auga subministrada na forma e para os usos contratados, debendo solicitar do Consorcio a autorización pertinente para calquera modificación nas súas instalacións que implique un aumento nos caudais contratados, unha variación no número de tomas, ou en xeral, alteración das condicións do contrato ou póliza de subministración.

9. Non ceder nin gratuíta nin remuneradamente, augas a terceiros nin, en consecuencia, establecer ou permitir derivacións das súas redes, ben sexa con carácter permanente ou temporal, sendo responsable de toda defraudación que se produza na súa subministración, con independencia de que esta a tivera efectuado o propio usuario ou calquera outra persoa que del dependa.

10. Atender ao pagamento das tarifas en cada momento vixentes en base aos consumos de auga rexistrados, aínda cando estes se orixinasen por fuga, avaría ou defectos de construción ou conservación das instalacións interiores, así como por calquera outros conceptos, nos termos que se estableza na Ordenanza Fiscal correspondente.

11. Dar conta de calquera cambio na titularidade do contrato ou póliza.

12. Nos supostos de inmobles, urbanizacións ou polígonos subministrados mediante un único contador, constituír legalmente a Comunidade de Propietarios, Entidade Urbanística Colaboradora, ou, en xeral, a entidade que asuma a titularidade do conxunto a subministrar ou a responsabilidade na prestación do servizo respecto dos seus membros, dando conta ao Consorcio de calquera modificación ou cambio que se produza.

13. Poñer en coñecemento do Consorcio calquera avaría ou perturbación que se produza na rede xeral de distribución.

ARTIGO 12. DEREITOS DOS USUARIOS

Asístenlle aos usuarios os seguintes dereitos:

1. A formalizar por escrito un contrato ou póliza de subministración, no que se estipulen as condicións básicas da prestación do servizo.

2. A recibir, nas súas instalacións, auga que reúna os requirimentos de potabilidade establecidos na normativa vixente.

3. Á disposición permanente da subministración de auga potable, con amaño ás condicións que se sinalen no seu contrato ou póliza de subministración, sen outras limitacións que as contempladas na presente Ordenanza e demais disposicións aplicables.

4. A formular consultas en todas aquelas cuestións derivadas da prestación e funcionamento do servizo, en relación á súa subministración, e a recibir contestación polo mesmo medio, e nos termos establecidos nas normas que rexen a actuación das Administracións Locais.

5. A solicitar a verificación do aparello de medida polo organismo correspondente cando existisen diverxencias sobre o seu correcto funcionamento.

6. A formular reclamación fronte á actuación do Consorcio ou do seu persoal, no ámbito das súas competencias, mediante escrito que presentará no Rexistro Xeral desta Entidade, do que lle será devolta copia selada, así como segundo os demais modos previstos na lexislación reguladora do réxime xurídico, funcionamento, organización e procedemento, aplicable ás Administracións Locais.

7. A que se lle practique a exacción das taxas polos servizos coa mesma periodicidade que a establecida para a súa lectura.

8. A que non sexa obrigatoria a súa comparecencia persoal para realizar cobros, pagamentos ou trámites similares, sempre que non resulte necesario.

9. A ser atendido sen esperas, permanencias excesivas ou, en xeral, en circunstancias lesivas para a dignidade das persoas.

SECCIÓN SEGUNDA. REGULARIDADE E CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 13. REGULARIDADE E CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. O Consorcio ten a obriga de manter permanentemente o servizo de subministración, salvo causa de forza maior ou avaría nas instalacións públicas, supostos nos que non poderá esixirse ningunha responsabilidade ao respecto.

2. O Consorcio poderá suspender temporalmente o servizo por necesidades ineludibles de conservación, reparación e ampliación sen que a suspensión dea lugar a indemnización.

3. Nos casos de cortes previsibles e programables, o Consorcio estará obrigado a dar publicidade dos mesmos por calquera dos medios ao seu alcance, como prensa, radio, carteis de aviso nos edificios, etc., con, polo menos, 24 horas de antelación.

4. Os usuarios que pola natureza do uso que dean á auga non poidan prescindir da mesma nos períodos de interrupción forzosa, deberán adoptar as medidas necesarias en previsión de ditas continxencias.

5. Así mesmo, será preciso que os usuarios prevexan, coas medidas de seguridade necesarias, as consecuencias que sobre as súas instalacións e aparellos receptores poidan producir os cortes de subministración por forza maior, traballos de conservación ou de ampliación da rede.

ARTIGO 14. RESTRICIÓN NA SUBMINISTRACIÓN

1. Cando circunstancias de escaseza de caudais ou dificultades no tratamento así o aconsellen, o Consorcio poderá impor restricións na subministración.

2. Neste caso, estará obrigado a informar aos usuarios o mais claramente posible das medidas que se vaian tomar, así como da data de inicio, a través dos medios de comunicación de maior difusión

SECCIÓN TERCEIRA. PRESTACIÓN DO SERVIZO

ARTIGO 15. COMPLEMENTARIEDADE DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN E SANEAMENTO

1. Debido a complementariedade dos servizos de Subministración de Auga Potable e Saneamento de Augas Residuais, e de modo xeral, estes non se concederán polo Consorcio de forma illada ou independente.

2. O Consorcio autorizará a prestación dun dos servizos illadamente, cando, ao seu xuízo, se xustifique suficientemente tal prestación.

3. Na prestación illada dos servizos terase en conta:

- a) No suposto de usuarios con saneamento de augas residuais propio, con permiso de vertedura definitivo a dominio público, ás cales o Consorcio poderá emprestar de forma individualizada o servizo de subministración.
- b) Nos supostos previstos no apartado anterior, nos que se autorice a prestación individualizada do servizo de subministración, a condición de usuario adquirirse coa formalización do Permiso de Vertedura, nos termos previstos no Regulamento de Verteduras, e demais disposicións de desenvolvemento, sen prexuízo dos demais requirimentos en orde á formalización da contratación do servizo que se prevé nos artigos 55 e 56 desta Ordenanza.
- c) No suposto de usuarios que dispoñan de recursos propios e vertan as súas augas na rede de sumidoiros do Consorcio, este poderá emprestar de forma individualizada o servizo de saneamento, se ben previamente deben declarar a utilización de tales recursos propios ao Consorcio.

ARTIGO 16. OBRIGATORIEDADE DE PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. Consorcio concederá a subministración de auga a todas aquelas persoas ou entidades que o soliciten para efectualo en edificios, locais ou recintos situados dentro do ámbito da súa competencia, sempre que estes reúnan os requirimentos esixidos por esta Ordenanza e demais normativa vixente, e o solicitante estea en condicións de recibilo.

2. En todo caso, a concesión de subministracións estará supeditada ás posibilidades de dotación de auga con que conte a zona onde se sitúe a instalación do solicitante, información que terá á súa disposición en calquera das oficinas do Consorcio.

ARTIGO 17. SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO

1. Os interesados na subministración de auga potable solicitarano ao Consorcio segundo o “Modelo de Solicitud de Acometida” incluído no Anexo I da presente Ordenanza, indicando, segundo os casos, o tipo de actividade á que van dedicar os caudais e contía prevista dos mesmos.

2. O Consorcio facilitará información acerca das características que deberán reunir as instalacións particulares, sobre a posibilidade ou non de realizar as subministracións, e sobre o tipo ou tipos de tarifas ás que quedaría suxeito, así como do importe de dereitos de alta.

ARTIGO 18. SOLICITUDE DE MANOBRAS NA REDE DE DISTRIBUCIÓN E/OU ACOMETIDA.

Calquera manobra a realizar sobre a rede de distribución ou a acometida á instalación interior dun usuario será efectuada única e exclusivamente polo Consorcio.

Os interesados en que se efectúe algunha interrupción na subministración ou corte sobre a rede de distribución ou sobre a acometida, incluído ata a chave de rexistro da mesma, deberán solicitalo ao Consorcio, e estarán obrigados a satisfacer as taxas que se establezan ao efecto na Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 19. SUBMINISTRACIÓN QUE IMPLIQUEN AMPLIACIÓN OU MODIFICACIÓN DE INSTALACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN EN SOLO URBANO

1. A concesión de novas subministracións en zonas urbanas que se atopen non subministradas ou que necesiten unha ampliación ou modificación da rede existente na zona, estará supeditada ás posibilidades técnicas e económicas do sistema de subministración.

2. A tales efectos, considerarase que un punto non está subministrado cando no lugar no que se solicita a acometida non haxa rede.

Considerarase que un punto está insuficientemente subministrado cando o caudal sexa insuficiente para a nova demanda solicitada.

3. En ningún caso o Consorcio estará obrigado a subministrar auga cunha presión determinada. No suposto de que non se dispoña de presión suficiente o solicitante deberá encargarse da instalación e mantemento do sistema de sobrepresión, así como de toda a instalación posterior a dito sistema, ata o punto de consumo.

ARTIGO 20. SUBMINISTRACIÓN A NOVOS POLÍGONOS OU URBANIZACIÓNS

1. A subministración a novos polígonos industriais, novas urbanizacións residenciais, ou crecementos urbanos en xeral estarán supeditados ás posibilidades técnicas e económicas do sistema de subministración, polo que os concellos consorciados, antes de proceder á aprobación dos instrumentos de planeamento e execución urbanística que impliquen crecementos urbanos, deberán solicitar ao Consorcio un informe relativo ás disponibilidades reais de subministración.

2. Se o informe ao que se refire o Apartado 1 deste artigo fose negativo, o Consorcio non estará na obriga de conceder a subministración de auga.

CAPÍTULO III. INSTALACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA**SECCIÓN PRIMEIRA. DISPOSICIÓNS XERAIS****ARTIGO 21. RELACIÓN DE INSTALACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN**

Considéranse instalacións en servizo aquelas que se atopan en uso permanente e continuo na prestación do servizo de subministración, respondendo a algún dos tipos que se relacionan a continuación:

- a) De carácter xeral e común para todos os usuarios

- Instalacións de captación de caudais
- Instalacións de tratamento de auga
- Conducións xerais
- Depósitos de regulación
- b) Para os usuarios en Rede Primaria
 - Rede de transporte ou adución
 - Instalacións receptoras e de reparto, ou rede arterial
- c) Para os usuarios en Rede Secundaria
 - Redes secundarias ou de distribución
 - Acometidas
 - Instalación interior do usuario, tanto xeral como particular

ARTIGO 22. DEFINICIÓN DAS INSTALACIÓNS DE SUBMINISTRACIÓN

1. Denomínanse instalacións de captación ao conxunto de instalacións de regulación, derivación e condución das augas superficiais e subterráneas, dende as fontes de subministración ata as instalacións de tratamento. Comprende presas, azudes, canais, pozos, estacións de bombeo e conducións de auga bruta.

2. Considéranse instalacións de tratamento de auga, ao conxunto de instalacións de potabilización necesarias para que a auga de subministración acade os valores paramétricos que se sinalan no Real Decreto 140/2003, de 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.

3. Considéranse conducións xerais ao conxunto de canalizacións e bombeos, cos seus elementos de manobra e control, que conducen a auga ata os depósitos reguladores ou ata as conducións de enlace e recepción dos usuarios en rede primaria.

4. Os depósitos reguladores son as infraestruturas estancas destinadas á acumulación de auga para consumo humano, usos industriais, protección contra incendios, rego de zonas verdes, etcétera, a través da rede de distribución.

5. Denomínanse instalacións de enlace ao conxunto de canalizacións, cos seus correspondentes equipos de medida e manobra, que levan a auga dende a condución xeral ou depósitos reguladores, segundo os casos, ata o comezo da instalación interior do usuario en rede primaria, ou ata as instalacións receptoras e de reparto no caso de comunidades de usuarios.

6. Denomínase rede de distribución ao conxunto de canalizacións, cos seus elementos de manobra e control, que conducen a auga a presión polas rúas dunha poboación, e das que se derivan as acometidas para a subministración ou subministracións aos usuarios. A Rede de Distribución comeza á saída da planta de tratamento de auga e remata no punto de conexión (chave de rexistro) coa instalación interior de subministración. De xeito orientativo, e dependendo do seu rango, podemos clasificar as distintas conducións que forman parte da Rede de Distribución nos seguintes tipos de redes:

- a) Rede de Transporte ou adución: xeralmente constituída polas conducións de maior diámetro, é a que transporta a auga dende a estación de tratamento ata os depósitos de regulación, para alimentar posteriormente a rede arterial. Non se permite que, dende a mesma, se realicen tomas directas aos usuarios.
- b) Rede Arterial: é a constituída polo conxunto de tubaxes e elementos da rede de distribución que enlazan diferentes sectores da zona abastecida. Igual que na Rede de Transporte, tampouco se permite realizar acometidas dende a Rede Arterial.
- c) Rede Secundaria: está formada polo conxunto de tubaxes e elementos que se conectan á Rede Arterial e das que se derivan, no seu caso, as acometidas para as subministracións, bocas de rego e tomas contra incendios.

7. Denomínase acometida, ás canalizacións e outros elementos interconectados que unen a rede de distribución coa instalación interior do inmovible que se pretende abastecer. A acometida acaba na chave de rexistro, incluíndo esta, que está situada na vía pública xunto ao límite da propiedade privada a subministrar.

As acometidas poden afectar tanto a inmoables como a servizos, a fincas ou a urbanizacións particulares.

8. Denomínanse instalacións receptoras e de reparto ao conxunto de canalizacións, equipos de medida e chaves de manobra existentes no caso de comunidades de usuarios en rede primaria, que conectan as conducións de enlace da comunidade coa individual de cada membro da mesma.

9. Instalación interior do usuario en rede secundaria, integrada pola instalación xeral e a particular:

- a) Chámase instalación interior xeral ao conxunto de canalizacións, chaves, máquinas e contadores que, partindo da chave de rexistro da acometida, enlazan coas instalacións interiores particulares, segundo a normativa aplicable. A instalación interior xeral inclúe as redes que, no seu caso, distribúan auga en calquera terreo de dominio privado, así como as necesarias para subministrar ao mesmo a partir da rede secundaria.
- b) Denomínase instalación interior particular ao conxunto de canalizacións e chaves que teñen por obxecto distribuír a auga do recinto, local ou vivenda nos termos previstos na normativa aplicable.

ARTIGO 23. INSTALACIÓNS DE SUBMINISTRACIÓN A USUARIOS EN REDE PRIMARIA

1. O Consorcio fixará as condicións das instalacións de enlace entre a condución xeral e a propiedade do usuario en rede primaria, así como a procedencia de que o proxecto, construción e dirección das obras as realice o solicitante baixo a supervisión do Consorcio.

2. No caso de que dous ou mais usuarios en rede primaria se agrupen para realizar obras e instalacións subministradoras de caudais provenientes da condución xeral ou do depósito regulador, deberán colocar ao comezo de estas un dispositivo de aforo, con independencia dos contadores individuais na instalación receptora de cada usuario.

3. Tanto as instalacións de enlace, como as receptoras e de reparto (no caso de comunidades de usuarios en rede primaria), son de titularidade privada.

Non obstante o Consorcio poderá asumir a titularidade, conservación e renovación de ditas instalacións cando o seu deseño e dimensionamento permitan a súa utilización por outros usuarios futuros, sen prexuízo da capacidade mínima que se reserve e garanta aos usuarios promotores da toma en Rede Primaria.

En todo caso, o Consorcio manterá e reporá os equipos de medida e control das instalacións de enlace.

ARTIGO 24. AMPLIACIÓN OU MODIFICACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN

1. Nos supostos de ampliación ou modificación da rede, contemplados no artigo 19 da presente Ordenanza, o Consorcio fixará as condicións técnicas correspondentes, definindo, no seu caso, tanto o punto para o aforo de consumos como o de finalización da rede de distribución e comezo da rede interior.

2. En tales casos, todo solicitante da subministración nun punto non subministrado ou que necesite ampliación ou modificación da rede, contribuír a sufragar os gastos que resulte preciso realizar para atender ao consumo previsto.

ARTIGO 25. INSTALACIÓNS NOS NOVOS POLÍGONOS OU URBANIZACIÓNS

1. Na subministración a novos polígonos industriais, novas urbanizacións residenciais, ou crecementos urbanos en xeral, contemplados no artigo 20 desta Ordenanza, serán na súa totalidade por conta do promotor:

- a) A substitución ou ampliación da rede de distribución para subministrar a dito polígono ou urbanización
- b) A realización das acometidas dende a rede de distribución á interior
- c) A realización das redes interiores xerais.

2. Nestes casos, tanto as redes interiores xerais como as acometidas serán proxectadas e realizadas conforme aos criterios técnicos que en cada momento teña establecidos o CONSORCIO. Previamente á súa conexión, comprobarase que cumpre coas probas de presión e desinfección especificadas polo Consorcio.

3. As redes interiores xerais son de propiedade privada; non obstante unha vez realizadas, poderán pasar a ser propiedade municipal, nas condicións que no seu caso se establezan, e sempre que as obras efectuadas se axusten aos criterios técnicos fixados polo Consorcio.

SECCIÓN SEGUNDA. ACOMETIDAS

ARTIGO 26. DEFINICIÓN E ELEMENTOS COMPOÑENTES DAS ACOMETIDAS

1. Enténdese por acometida ao conxunto de dispositivos, canalizacións, coas súas chaves de toma e rexistro, que, partindo da rede de distribución, a enlazan coa instalación interior do inmovible que se pretende subministrar.

2. A acometida consta dos seguintes elementos:

- a) Colariño de toma ou “T” de derivación: Dispositivo que envolve á canalización da rede de distribución da cal se pretende realizar a acometida e que posibilita o trade de aquela sen interromper a subministración. A “T” de derivación instalárase nos casos en que o Consorcio así o considere ou de forma obrigatoria cando a rede de distribución á que se enxerte a acometida sexa dun diámetro igual ou superior a 200 mm. ou que a propia acometida resultase ser igual ou superior a 2 polgadas.
- b) Chave de toma: Mecanismo opcional de obturación entre a canalización da rede de distribución e a canalización de enlace ou ramal que abre paso á acometida. A súa instalación será obrigatoria cando se dea, polo menos, algunha das seguintes circunstancias:
 - Que a instalación se execute mediante unha “T”
 - Que a lonxitude da acometida sexa igual ou maior a 10 m., ou ben
 - Que a instalación se execute con un colariño de toma e o diámetro da acometida sexa igual ou superior a 2 polgadas
- c) Canalización de enlace ou ramal: Conduto que une o colariño de toma, ou, no seu caso, a chave de toma coa chave de rexistro.

Remata no límite de fachada ou propiedade, onde se instalará a chave de rexistro.

- d) Chave de rexistro: Mecanismo de obturación entre a canalización de enlace ou ramal e a chave de paso interior da vivenda e de propiedade privada. A súa instalación é sempre obrigatoria e estará aloxada xunta á fachada ou no límite da propiedade privada.

Constitúe o elemento diferenciador entre as competencias do Consorcio e as dos usuarios, no que respecta á propiedade, conservación e delimitación das respectivas responsabilidades. A manipulación da chave de toma e de rexistro está reservada única e exclusivamente ao Consorcio.

ARTIGO 27. CARACTERÍSTICAS DAS ACOMETIDAS

1. As características das acometidas, tanto no que respecta ás súas dimensións, compoñentes, tipo e calidade dos seus materiais, forma de execución e punto de conexión, serán determinadas polo Consorcio, tendo en conta a presión da rede, uso á que se vai destinar a subministración, a situación do

local, a normalización de materiais e demais circunstancias que sexa preciso ter en conta, incluída a harmonización coas normas que se diten pola Administración competente para as instalacións interiores.

2. O seu dimensionamento virá condicionado pola declaración de consumos que formule o usuario e pola dispoñibilidade da rede de distribución.

Como norma xeral, a rede de distribución da que parte a acometida deberá estar en perfecto estado de servizo e o seu diámetro interior deberá ser, como mínimo, o dobre do da acometida a derivar, salvo nos casos xustificados e previo informe técnico do Consorcio. Á súa vez, o consumo pola nova acometida non debe modificar, de maneira substancial e a xuízo do Consorcio, o réxime hidráulico da rede de distribución.

O Consorcio non será responsable pola deficiencia na subministración que sexa imputable ao dimensionamento ou acondicionamento da instalación interior do usuario, nin aos datos derivados da declaración de consumos.

3. A concesión de acometidas efectuarase sobre a canalización que sinale o Consorcio en función das características das mesmas e as condicións técnicas da rede.

A lonxitude da acometida será o mais reducida posible.

4. Como norma xeral realizarase unha acometida por inmovible, tendo en conta todos os consumos e locais subministrados dentro do mesmo.

Excepcionalmente, e por necesidades especiais dos locais comerciais en planta baixa, poderase dispor de acometidas independentes da xeral do edificio.

5. As obras para o tendido da acometida serán efectuadas polo usuario e baixo a súa responsabilidade. Na súa execución estará obrigado a observar as condicións que lle formule o Consorcio.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, o Consorcio poderá executar as obras a que se fai referencia no mesmo, con cargo ao usuario, e sempre a petición de este.

6. O Consorcio terá a facultade de executar directamente a acometida ou encargar a súa realización a un instalador autorizado. O custo da realización da acometida será en todo caso de conta do solicitante, e a súa liquidación e cobro rexeranse polo establecido na Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 28. MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ACOMETIDAS

1. O mantemento e conservación da acometida de abastecemento ata a chave de rexistro, esta última incluída, efectuarase forzosamente polo Consorcio e ao seu cargo. Se a avaría fose provocada, a reparación efectuarase con cargo ao causante do dano.

2. A partir da chave de rexistro, a conservación, mantemento e reparación efectuarase forzosamente a cargo da propiedade.

3. Caso de existir fugas de auga a partir da chave de rexistro que causen incidencias a terceiros ou afecten ao servizo e estas non sexan reparadas pola propiedade, o Consorcio resérvase o dereito de proceder á súa reparación con cargo a dita propiedade ou comunidade de propietarios. É recomendable que as instalacións, entre a chave de rexistro e a chave de paso, se atopen aloxadas nun pasamuros ou conduto oco para facilitar a súa substitución sen danar os elementos interiores dos portais, lonxas ou fincas.

4. Como norma xeral e en aras ao mantemento dunha correcta política medioambiental, calquera fuga que se localice con posterioridade á chave de rexistro e situada na vía pública poderá ser reparada polo Consorcio, con cargo á propiedade de dita instalación interior.

ARTIGO 29. ACOMETIDAS PARA SERVIZOS CONTRA INCENDIOS

1. A execución de acometidas para alimentación de sistemas contra incendios efectuarase nas condicións previstas na normativa técnica que resulte de aplicación.

2. As acometidas de alimentación a sistemas contra incendios efectuaranse sobre a rede xeral e independentemente de calquera outro uso.

Non se poderá realizar ningunha outra derivación para outros usos diferentes ao de incendio, en ningún punto da instalación, sen a autorización expresa do Consorcio.

Cando a normativa de incendios esixa unha presión que non poida ser garantida polo Consorcio é responsabilidade do usuario instalar e manter o equipo que lle permita cumprir coa normativa.

3. Estas subministracións poderán utilizarse polo usuario en caso de incendio ou sinistro que o xustifiquen. A utilización destas subministracións en probas periódicas da instalación soamente poderá realizarse contando coa autorización do Consorcio, e iso, nas horas e condicións fixadas por este.

4. A conexión á rede pública de subministración contra incendios requirirá a formalización do correspondente contrato ou póliza de subministración co CONSORCIO.

Estes contratos ou pólizas terán a mesma tramitación e carácter que o resto dos contratos ou pólizas e estarán suxeitos ás mesmas condicións regulamentarias.

SECCIÓN TERCEIRA. INSTALACIÓNS INTERIORES

ARTIGO 30. CONCEPTO DE INSTALACIÓNS INTERIORES

Conxunto de canalizacións e os seus elementos de control, manobra e seguridade posteriores á chave de rexistro no sentido da circulación normal do fluxo da auga.

ARTIGO 31. CONDICIÓNS DAS INSTALACIÓNS INTERIORES

1. As instalacións interiores para a subministración de auga serán executadas por instalador autorizado e axustaranse a canto ao efecto prescribe a normativa técnica vixente.

Os elementos e equipos da instalación, tales como os contadores, o grupo de presión ou os sistemas de tratamento de auga, deben instalarse en locais cuxas dimensións sexan suficientes para que poida levarse a cabo o seu mantemento periódico e substitución.

2. A conservación e mantemento destas instalacións, así como os danos que poidan producirse como consecuencia dunha avaría nas mesmas, serán por conta e a cargo do titular ou titulares do contrato ou póliza de subministración existente en cada momento ou, no seu defecto, da persoa que o disfrute.

A regra xeral formulada no parágrafo anterior entenderase sen prexuízo das particularidades que respecto dos equipos de medida se prevé na Sección IV deste Capítulo, habida conta da relevancia de ditos elementos en canto que instrumentos básicos de control e cuantificación de consumos.

3. Para a formalización dos contratos ou pólizas de subministración de auga será necesario que a instalación interior do inmovible, vivenda ou local de que se trate estea adaptada ás normas vixentes en cada momento, sendo obrigatorio que o petionario da subministración presente certificación acreditativa de dito extremo, expedida polo organismo competente.

ARTIGO 32. MODIFICACIÓN DAS INSTALACIÓNS INTERIORES

Os usuarios do servizo de subministración de auga estarán obrigados a comunicar ao Consorcio calquera modificación que realicen na disposición ou características das súas instalacións interiores, que poida afectar ao emprazamento do contador e control dos caudais demandados.

ARTIGO 33. FACULTADE DE INSPECCIÓN

1. O Consorcio, ben por medio de persoal propio ou ben por medio de persoal pertencente a empresas contratadas debidamente autorizado e acreditado, poderá inspeccionar as instalacións interiores. Se a instalación non reune as condicións técnicas regulamentarias se lle comunicarán ao usuario as anomalías detectadas para a súa corrección no prazo que para tal efecto se determine.

2. Se transcorrido o mesmo persiste a situación anómala, porase en coñecemento do organismo competente, quedando o usuario obrigado a emendar as deficiencias, se así o xulga oportuno dito organismo, e no prazo que este sinale.

3. Se o usuario non cumpre o disposto no apartado anterior, poderá o Consorcio interromper a subministración.

4. Fora dos supostos previstos nos apartados anteriores deste artigo, as inspeccións que leve a cabo o Consorcio a petición do usuario ou, no seu caso, ocasionadas pola súa acción ou omisión, que resulten infundadas, serán a cargo de quen as motivase, practicándose a exacción da correspondente taxa prevista na Ordenanza Fiscal.

SECCIÓN CUARTA. EQUIPOS DE MEDIDA

ARTIGO 34. DEFINICIÓN, EMPRAZAMENTO, CLASES E CARACTERÍSTICAS

1. A medición dos consumos que ha de servir de base para a exacción de toda subministración realizarase por contador, que é o único medio que dará fe da contabilización do consumo.

2. Considerarase subministración con contador, aquela que dispoña dun aparello que, sen mais limitación de caudal que a súa propia capacidade en canto ao consumo se refire, sinale o volume de auga que se conduciu a través do mesmo.

3. Os contadores instalaranse, con carácter xeral, á entrada das fincas, en lugares accesibles e en rexistros homologados polo Consorcio, ou en cuartos accesibles ao mesmo con pechadura homologada por este.

4. Atendendo ás características da instalación interior particular de cada edificio, a subministración de auga poderá concederse por contadores divisionarios ou por contador xeral:

- a) Os contadores divisionarios miden os consumos particulares de cada usuario, a nivel de vivenda ou local. Estarán situados na batería de contadores do edificio.
- b) O contador xeral mide a totalidade dos consumos domésticos producidos no edificio.

5. En calquera caso, os locais comerciais ou de negocios que poidan existir en cada edificio deberán dispor dunha subministración independente e anterior ao contador xeral, se existise este, situándose os seus contadores na batería do edificio.

6. O contador haberá de reunir as características técnicas que, de acordo coa lexislación vixente, determine o Consorcio, quen, á súa vez, sinalará os aparellos de aforo apropiados en cada caso, así como a situación dos mesmos.

ARTIGO 35. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS CONTADORES

As características técnicas dos contadores, adecuadas á normativa comunitaria, sen prexuízo daqueles aparellos aos que, pola data de homologación do seu modelo, non lles sexa de aplicación dita normativa, serán as seguintes:

1. Erros máximos permitidos:

En condicións nominais de funcionamento e en ausencia de perturbacións, o erro de medición non debe superar o valor do erro máximo permitido, tal como se indica a continuación.

O erro máximo permitido, positivo ou negativo, sobre os volumes subministrados baixo caudais comprendidos entre o caudal de transición (Q2) (inclusive) e o caudal de sobrecarga (Q4) é:

- 2% para auga con unha temperatura = 30 °C
- 3% para auga con unha temperatura > 30 °C

O erro máximo permitido, positivo ou negativo, sobre os volumes subministrados por debaixo dos caudais comprendidos entre o caudal mínimo (Q1) e o caudal de auga de transición (Q2) (excluído) é do 5% independentemente da temperatura da auga.

2. Definicións e Terminoloxía:

- a) Volume subministrado "V": É o volume total de auga que atravesa polo contador polo tempo de paso de dito volume, expresado este último en metros cúbicos ou litros, e o tempo, en horas, minutos ou segundos.
- b) Caudal de auga mínimo (Q1): É o caudal de auga mais pequeno co que o contador de auga subministra indicacións que satisfagan os requirimentos en materia de erro máximo permitido.
- c) Caudal de Auga de Transición (Q2): É o valor do caudal de auga que se sitúa entre o caudal de auga mínimo e o permanente e no que o intervalo de caudal de auga se divide en dúas zonas, a "zona superior" e a "zona inferior". A cada zona corresponde un erro máximo permitido característico.
- d) Caudal de auga permanente (Q3): É o caudal de auga mais elevado co que pode funcionar o contador de auga de forma satisfactoria en condicións de uso normal, é dicir, baixo condicións de fluxo estacionario ou intermitente.
- e) Caudal de auga de sobrecarga (Q4): O caudal de auga de sobrecarga é o caudal mais alto co que pode funcionar o contador de forma satisfactoria durante un período corto de tempo sen sufrir deterioro.

ARTIGO 36. CONTADOR XERAL

1. Instalarase xunto coas súas chaves de protección e manobra nun plano paralelo ao do chan, nun armario ou cámara de aloxamento que permita as operacións de manobra, mantemento e substitución dos elementos recollidos, xunto ao portal de entrada ou pechamento da propiedade que se pretende subministrar e, en calquera caso, con acceso directo dende a vía pública.

2. Cando nun inmovible existan equipos de presión, depósitos, sistemas de calefacción, ou servizos de auga quente central, instalarase un contador xeral.

3. O armario ou a cámara de aloxamento do contador, estarán perfectamente impermeabilizados e disporán de desaugue directo aos sumidoiros, capaz de evacuar o caudal máximo da acometida na que se instala. Así mesmo, disporán dunha porta e pechadura homologadas polo Consorcio.

4. No caso de subministración, tanto a vivendas unifamiliares, como a pavillóns comerciais ou industriais, o contador deberá instalarse nas condicións especificadas no presente artigo, no exterior do muro de pechamento, ou no linde de entrada á finca, ou ben na arqueta situada na calzada, todo iso, segundo as instalacións normalizadas polo Consorcio.

5. Nos casos nos que para un local sexa precisa acometida independente á do edificio, o contador estará situado nunha arqueta ou armario con acceso exterior e de conformidade coas condicións técnicas establecidas polo Consorcio.

6. Cando un inmovible dispoña de subministración contra incendios subministrada por acometida independente dende a rede xeral, a súa instalación se dotará de contador.

7. En todo caso, nas condicións de instalación dos contadores xerais deberán cumprirse as esixencias do Código Técnico de Edificación e demais normativa que resulte de aplicación.

ARTIGO 37. BATERÍA DE CONTADORES DIVISIONARIOS

1. As baterías de contadores divisionarios situaranse en locais ou armarios destinados a este fin, localizados na planta baixa do inmovible, en zona de uso común, con acceso directo dende o portal de entrada.

2. As baterías serán de modelos e tipos homologados polo organismo competente.

3. Na orixe de cada montante e no punto de conexión do tubo de alimentación coa batería de contadores divisionarios, instalarase unha válvula de retención que impida retornos de auga á rede de distribución.

ARTIGO 38. CARACTERÍSTICAS DOS LOCAIS PARA SITUACIÓN DE BATERÍAS DE CONTADORES

1. Os locais para baterías de contadores terán unha altura mínima de 2,5 m.e as súas dimensións en planta serán tales que permitan un espazo libre a cada lado da batería ou baterías de 0,60 m., e outro de 1,20 m. diante da batería, unha vez medida cos seus contadores e chaves de manobra.

2. As paredes, teito e chan destes locais estarán impermeabilizados, de forma que se impida a formación de humidade en locais periféricos.

3. Disporán dun sumidoiro, con capacidade de desaugue equivalente ao caudal máximo que poida aportar calquera das conducións derivadas da batería, en caso de saída libre da auga.

4. Estarán dotados de iluminación artificial, que asegure un mínimo de 100 lux nun plano situado a un metro sobre o chan.

5. A porta de acceso terá unhas dimensións mínimas de 0,80 m. por 2,05 m., abrirá cara o exterior do local e estará construída con materiais inalterables pola humidade e dotada con pechadura normalizada polo Consorcio.

6. Será obriga da propiedade do inmovible o coidar do aseo e limpeza dos locais onde se sitúen os contadores, ficando estes baixo a súa dilixente custodia e responsabilidade.

Así mesmo, estes locais non poderán utilizarse para outros mestres, tales como rochos, depósitos de contedores de lixo e similares.

ARTIGO 39. CARACTERÍSTICAS DOS ARMARIOS PARA SITUACIÓN DE BATERÍAS DE CONTADORES

1. No caso de que as baterías de contadores se aloxen en armarios, as dimensións de estes serán tales que permitan un espazo libre a cada lado da batería ou baterías de 0,50 m., e outro de 0,20 m. entre a cara interior da porta e os elementos mais próximos a ela.

2. Cumprirán igualmente as restantes condicións que se esixen aos locais, se ben, os armarios terán unhas portas con dimensións tales que, unha vez abertas, presenten un oco que albergue a totalidade das baterías e os seus elementos de medición e manobra.

3. Os armarios estarán situados de tal xeito que ante eles e en toda a súa lonxitude, exista un espazo libre dun metro.

4. Xa se trate de locais ou de armarios, en lugar destacado e de forma visible, instálase un cadro ou esquema en que, de forma indeleble, queden debidamente sinalizadas as distintas montantes e saídas de baterías e a súa correspondencia coas vivendas e/ou locais.

ARTIGO 40. PROPIEDAD DO CONTADOR

1. Todos os contadores que se instalen con ocasión dos novos contratos ou pólizas de subministración serán propiedade dos respectivos usuarios.

2. Os usuarios teñen dereito a facilitar os contadores da súa propiedade no momento da contratación da subministración. O exercicio deste dereito queda suxeito ao previo cumprimento das seguintes condicións:

- a) Que se trate de contador homologado oficialmente e que conte coas capacidades metrolóxicas mínimas determinadas polo Consorcio, conforme ao sinalado nesta Ordenanza.
- b) Que o aparello sexa plenamente compatible e se encontre configurado para se integrar no sistema de lectura a distancia que adoptase o Consorcio, na situación do uso servido.

3. As capacidades metrolóxicas mínimas dos contadores admisibles polo Consorcio para a xeneralidade dos contadores instalados son:

- a) En contadores cuxo diámetro nominal ou calibre sexa ata 100 milímetros inclusive, deberán presentar un Ratio 'R' igual ou superior a 160, sendo R o cociente entre o Caudal de Auga Permanente 'Q3' e o caudal de auga mínimo 'Q 1' tal e como queda definido nesta Ordenanza.

Asimílanse a estes os clasificados como Clase Metrolóxica 'C' de acordo á Orde do 28 de decembro de 1.988 e normativa concordante.

- b) En calibres superiores a 100 milímetros, serán de clase metrolóxica 'B' ou superior.
- c) Os contadores destinados para instalacións contra incendios serán de tipo non intrusivo.
- d) En supostos excepcionais, e sempre coa previa e expresa autorización do Consorcio, instalaranse contadores de prestacións metrolóxicas inferiores ás descritas nos parágrafos anteriores.

ARTIGO 41. SUBMINISTRACIÓNS SEN CONTADOR

Naquelas tomas que carezan de contador, o Consorcio poderá proceder á súa instalación con cargo ao usuario, previa a instrución do oportuno expediente, no que se lle conferirá a posibilidade de aportalo.

ARTIGO 42. TAXA DE CONSERVACIÓN DO CONTADOR

1. Os contadores serán inspeccionados e conservados en todos os casos polo Consorcio, devengándose por tal servizo a correspondente taxa en vigor segundo a Ordenanza Fiscal, podendo o Consorcio sometelos a cantas verificacións considere necesarias e efectuar en eles as reparacións que procedan.

2. A substitución ou reparación dos contadores inutilizados ou avariados por outras causas diferentes aos do seu normal uso, realizaraas o Consorcio, se ben poderá esixir o seu importe ao usuario nos supostos de uso indebido.

ARTIGO 43. VERIFICACIÓN DO CONTADOR

1. Resultará obrigatoria a verificación dos contadores nos seguintes supostos:

- a) Despois de toda reparación.
- b) Sempre que o soliciten os usuarios, devengándose neste caso as taxas establecidas na Ordenanza Fiscal.

2. A efectos de reclamacións formuladas polos usuarios sobre o funcionamento dos contadores de auga que controlen os seus consumos, o procedemento de verificación e os erros máximos admisibles que determinan o seu erróneo funcionamento serán as establecidos polas Administracións competentes.

3. Do resultado da verificación, reflectido en informe estendido por Laboratorio Homologado e descrita no artigo anterior, darase traslado ao usuario solicitante procedéndose, no seu caso, tanto á rectificación das liquidacións afectadas polas medicións que puidesen resultar erróneas de acordo aos límites e procedemento dispostos na presente Ordenanza, como ao reintegro da taxa por verificación aboada polo suxeito pasivo.

ARTIGO 44. PRECINTADO DO CONTADOR

1. Todos aqueles contadores nos que se practicase unha verificación deberán ser precintados novamente nun laboratorio que estea habilitado para este tipo de traballos polo organismo competente na materia.

2. Queda prohibida a ruptura ou alteración dos precintos que, como garantía do seu funcionamento, levan colocados polos fabricantes, ou os que coloque o Consorcio ao proceder á súa instalación ou reparación.

ARTIGO 45. RENOVACIÓN PERIÓDICA DO CONTADOR

1. Ningún contador poderá permanecer instalado por un espazo superior a dez anos. Transcorrido este tempo deberá ser substituído.

2. Cando o equipo de medida haxa de ser reparado, ben por rotura ou por deficiencias no seu funcionamento, o Consorcio proverá ao usuario doutro equipo en substitución do inicial.

ARTIGO 46. SUBSTITUCIÓN DO CONTADOR

1. Se o equipo de medida resulta inadecuadamente dimensionado para controlar, dentro da exactitude esixible, os consumos percibidos, deberá instalarse un novo equipo de medida acorde con tales consumos, podendo o Consorcio proceder á súa substitución.

2. Cando a substitución se leve a cabo a petición do usuario por motivo das propias necesidades a que está destinada a subministración, os gastos que por todos os conceptos se orixinen serán de conta do peticionario.

3. Se a subministración de auga intégrase en sistemas que combinan o funcionamento de diversas instalacións (tales como auga quente sanitaria, calefacción, climatización, etc.) será da exclusiva responsabilidade do usuario as operacións para a manobra, conservación, mantemento, reparación e substitución dos seus elementos.

4. Será responsabilidade do usuario, e no seu defecto da propiedade do inmovible ao que dá servizo a subministración de auga, a realización de cantas adaptacións sexan necesarias para adecuar estes sistemas combinados aos requirimentos establecidos polo Consorcio na presente Ordenanza e demais normativa concordante, de modo que:

- a) Os contadores de auga instalados sexan dos modelos e calidades metrolóxicas establecidos polo Consorcio, e plenamente compatibles cos sistemas de lectura (a distancia ou non) que este teña establecidos en cada zona xeográfica.
- b) Sexa posible a intervención directa do Consorcio nas operacións de instalación, substitución por outros modelos autorizados por este, reparación, montaxe e desmontaxe, sen xerar prexuízo algún tanto na instalación interior combinada como nas funcionalidades da mesma ou ao seu sistema interno de reparto de consumos.

ARTIGO 47. MONTAXE E DESMONTAXE DO CONTADOR

1. A montaxe e desmontaxe só poderá ser efectuada polo Consorcio ou por empresas contratadas por este para ditos cometidos, devengándose as exaccións que ao efecto se establezan na Ordenanza Fiscal.

2. Excepcionalmente, o usuario poderá efectuar dita operación previa autorización expresa do Consorcio.

3. A montaxe levarase a cabo nos supostos de instalación de contadores con ocasión da contratación dos servizos, ou a causa do cambio destes por variación das condicións do contrato ou póliza.

4. A desmontaxe precederá á formalización da extinción do contrato ou póliza de subministración do servizo.

ARTIGO 48. CAMBIO DE EMPRAZAMENTO

1. Calquera modificación ou reforma que afecte ao emprazamento da instalación do contador ou ao acceso ao mesmo terá que ser autorizada por escrito polo Consorcio.

2. Os gastos motivados polo troco de emprazamento do contador serán sempre por conta da parte a cuxa instancia efectuácese, devengándose, no seu caso, a correspondente exacción establecida na Ordenanza Fiscal. Non obstante, será por conta do usuario toda modificación do emprazamento do contador derivado do estado defectuoso ou inadecuado do actualmente existente.

ARTIGO 49. LIQUIDACIÓN POR VERIFICACIÓN

1. Cando, como consecuencia dunha reclamación, se practique unha verificación do contador por parte do organismo competente, e se comprobe que regularmente o contador funciona cun erro positivo superior ao autorizado, procederase a determinar a cantidade que debe ser reintegrada, tendo en conta os consumos efectuados co novo contador nos trinta días seguintes á súa instalación, ás tarifas vixentes durante os meses aos que deba retrotraerse a liquidación.

2. O período de retroacción ao que se refire o parágrafo anterior en ningún caso será superior a seis meses.

3. As probas de verificación do contador levaranse a cabo cando así o considere oportuno o Consorcio, ou cando o solicite o usuario.

Neste último caso, se o equipo se acha en perfectas condicións de funcionamento, os gastos ocasionados por esta prestación serán de conta da solicitante, e a súa tarifa, a correspondente á Taxa de Verificación prevista na Ordenanza Fiscal.

A tales efectos, entenderase que o contador funciona en perfectas condicións cando se atope dentro das marxes de erro autorizadas.

ARTIGO 50. RESPONSABILIDADE SOBRE O CONTADOR

Será obriga e responsabilidade do usuario a custodia do contador, e do Consorcio serao o adecuado mantemento e a súa montaxe ou desmontaxe.

CAPÍTULO IV. CONTRATACIÓN OU SUSCRICIÓN DOS SERVIZOS

SECCIÓN PRIMEIRA. SUBMINISTRACIÓNS EN REDE PRIMARIA

ARTIGO 51. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA EN REDE PRIMARIA

1. As empresas, organismos e entidades non domésticas que polas características da súa actividade soliciten un caudal medio por ano que obligue á súa subministración dende a rede primaria do Consorcio, deberán observar a seguinte tramitación para a contratación do servizo de subministración:

- a) Solicitud do servizo, na que se especificará o caudal punta ou máximo previsto.
- b) Informe base dos servizos técnicos para a redacción do proxecto, incluíndo condicións para as instalacións de enlace e, no seu caso, receptoras.
- c) Aprobación polo Consorcio do documento de acordo ou contrato ou póliza de subministración subscrito polos futuros usuarios, caso de agrupación de dous ou mais usuarios en rede primaria.
- d) Presentación polo usuario do Proxecto por duplicado, visado polo Colexio Profesional correspondente.
- e) Acta de recoñecemento das obras e instalacións polos servizos técnicos do Consorcio.
- f) Subscrición do contrato ou póliza.

2. Os Concellos consorciados que precisen unha nova toma en Rede Primaria deberán tramitar a solicitude correspondente na que se especificarán os datos relevantes da mesma.

- a) A solicitude someterase a estudo polos servizos técnicos e de explotación do Consorcio, que emitirán o correspondente informe, establecendo, no seu caso, as condicións para as instalacións de enlace.
- b) A responsabilidade da redacción do proxecto, da xestión do solo, da contratación das obras e da súa execución, e de acordo co artigo 10 dos estatutos do Consorcio, será do Concello solicitante.
- c) O Consorcio, se así se lle solicitase, poderá emprestar a colaboración que corresponda.

ARTIGO 52. PARTICULARIDADES NO CASO DE COMUNIDADES DE USUARIOS EN REDE PRIMARIA

1. No caso de agrupación de dous ou mais usuarios en rede primaria, con demandas en cómputo anual que fagan necesaria a súa subministración dende a rede primaria, con carácter previo á aprobación do proxecto relativo ao conxunto de obras e instalacións, o acordo ou contrato ou póliza de subministración a que fai referencia o apartado c) do artigo 51 deberá ser aprobado polo CONSORCIO.

2. O documento relativo ao acordo ou contrato ou póliza de subministración a subscribir polas comunidades de usuarios en rede primaria deberá conter necesariamente os seguintes extremos:

- a) Entes intervinientes.
- b) Definición, contratación, enderezo, execución e aboamento das obras.
- c) Servidumes de paso, expropiacións e demais afeccións ou vinculacións que se establezan en orde a garantir a subministración conxunta.
- d) Distribución e medición de caudais.
- e) Propiedade e condicións de utilización e mantemento das instalacións.
- f) Posibles novos usuarios ou variación de caudais dos agrupados.

3. En tales supostos esixírase, ademais, a colocación dun dispositivo de aforo na derivación de cada membro da Agrupación, isto é, nas instalacións receptoras, e outro común, ao comezo da condución, dentro das instalacións de enlace.

SECCIÓN SEGUNDA. SUBMINISTRACIÓN EN REDE SECUNDARIA

ARTIGO 53. CONCESIÓN DE ACOMETIDAS

1. Consorcio concederá as acometidas, nos concellos en que así o teña encomendado, previa presentación da Licenza de obra.

2. Os Concellos que xestionen directamente as redes locais, remitirán directamente ao Consorcio copia das licenzas de obra concedidas, nas cales se fará constar a obrigatoriedade de establecer o contrato ou póliza de subministración co Consorcio.

3. A subministración de auga verificarase no edificio e para o uso para o que fose contratado. En consecuencia, aínda cando varios edificios ou inmobles lindantes sexan propiedade dun mesmo dono ou os utilice un mesmo arrendatario, deberán estar dotados de acometidas independentes e formalizaranse por separado os seus respectivos contratos ou pólizas.

4. A concesión de acometidas de subministración de auga, obrigará ao aboamento polo solicitante da correspondente taxa establecida na Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 54. CONTRATACIÓN DE ACOMETIDAS

1. A contratación de acometidas para a subministración, nos casos nos que a súa prestación estea encomendada ao Consorcio, efectuarase a petición da persoa interesada, quen deberá formular a correspondente solicitude segundo o modelo do Anexo I.

2. Á solicitude deberán acompañarse os documentos ou autorizacións seguintes:

- a) Licenza de obras, ou documento de adxudicación cando se trate dunha obra pública.
- b) Plano de situación.
- c) Plano de fontanería, se procede.

3. Así mesmo, no documento normalizado de solicitude, indicaráselle o resto de documentación que deberá presentar para formalizar o contrato ou póliza de subministración de acometida, e que será, segundo os casos:

- a) Escrituras de propiedade.
- b) Licenza de apertura de gabias.
- c) Licenza de actividade.
- d) Autorización de paso por fincas particulares.
- e) Informe de servizos afectados de competencia doutras entidades (gas, telefonía, electricidade, comunicacións, etc ...).

4. Unha vez cumprimentados os requirimentos anteriores, formalizarase o correspondente contrato ou póliza de subministración tanto para a execución da acometida como para o control dos seus consumos en calidade de usuario en rede secundaria.

ARTIGO 55. CONTRATACIÓN OU SUBSCRICIÓN Á SUBMINISTRACIÓN

1. A contratación ou subscrición á subministración formalizarase mediante o oportuno contrato ou póliza de subministración que será suscrito, dunha parte, por algún membro do persoal do Consorcio para tal efecto designado e, doutra, polo propietario do edificio, local, vivenda ou recinto receptor dos servizos.

En todo caso, o propietario poderá actuar, a estes efectos, directamente ou mediante persoa que lle represente por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, ou mediante declaración en comparecencia persoal do interesado.

2. A contratación ou subscrición terá vixencia dende a data en que se formalice.

3. O Consorcio contratará ou subscribirá sempre cos peticionarios baixo a condición de que as instalacións do inmovible estean nas debidas condicións para o seu normal funcionamento. En caso contrario considerárase que a súa vixencia queda en suspenso ata que estas se atopen normalizadas.

4. Coa formalización do contrato ou póliza de subministración o usuario terá dereito á recepción dun exemplar da Ordenanza vixente.

5. Como norma xeral, a ocupación do mesmo local por persoa distinta á que subscribiu o contrato ou póliza de subministración esixe unha nova contratación e o cumprimento das esixencias formais e económicas inherentes ao contrato, sen prexuízo dos supostos de subrogación previstos na presente Ordenanza.

ARTIGO 56. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR PARA A CONTRATACIÓN OU SUBSCRICIÓN DO SERVIZO POLOS USUARIOS EN REDE SECUNDARIA

1. A concesión de subministracións de auga potable en rede secundaria efectuarase a petición do interesado que, para tal efecto, deberá cumprimentar o correspondente contrato ou póliza, en modelo establecido polo Consorcio, responsabilizándose dos datos consignados no mesmo.

2. Ademais da documentación que acredite ao solicitante como propietario ou arrendatario do edificio ou recinto receptor da subministración e daquela outra que sexa requirida en cada municipio polo Concello respectivo, deberán acompañarse, no seu caso e de xeito non exhaustivo, os seguintes documentos:

a) Subministración a obras para novas construcións:

- D.N.I. ou N.I.F. do solicitante.
- Licenza de obras expedida polo Concello ou certificado de adxudicación no suposto de obras encomendadas por organismos oficiais.
- Boletín de instalación conformado polo Organismo competente.
- Nos concellos nos que a xestión da distribución de auga potable se encomendase ao Consorcio, ademais da Licenza de obras deberase dispor do documento expedido por este no que se indique o punto de conexión ao servizo.

b) Subministración a usos asimilables a domésticos e non domésticos:

- D.N.I. ou N.I.F. do contratante.
- Escritura de compravenda ou contrato de arrendamento.
- Boletín de instalación conformado polo Organismo competente, en primeiras ocupacións ou nas que se modifícase a instalación. Este boletín presentarase individualizado para cada local.
- Licenza municipal de actividade.

c) Subministración a vivendas en primeira ocupación:

- D.N.I. ou N.I.F. do contratante.
- Licenza de Primeira Ocupación, expedida polo Concello correspondente.
- Boletín de Instalación conformado polo Organismo competente.

d) Subministración a vivendas de segunda ocupación:

- D.N.I. ou N.I.F. do contratante.
- Escritura de compravenda, contrato de arrendamento ou acreditativo do correspondente dereito de ocupación.

3. Nos supostos previstos no artigo 15.3 desta Ordenanza, os usuarios do servizo individualizado de saneamento, formalizarán o correspondente contrato ou póliza de servizo co Consorcio, aportando o Permiso de Vertedura, ademais dos datos de identificación, de titularidade e relativos ás licenzas de obras, primeira ocupación e/ou actividade que en cada caso resulten oportunos, nos termos previstos no apartado anterior deste artigo.

4. En todos os casos, o solicitante deberá acreditar o pagamento das taxas derivadas da solicitude, en función do número de conexións solicitadas, como condición previa á efectividade da mesma.

5. Así mesmo, en todos os casos deberá acreditarse a autorización para a conexión ao Servizo de Saneamento e Depuración do Consorcio e/ou a posesión da correspondente autorización de vertedura.

ARTIGO 57. MODELO DO CONTRATO OU PÓLIZA DE SUBMINISTRACIÓN

1. O contrato ou póliza de subministración, ou no seu caso, o do servizo individualizado de saneamento, será o documento que acreditará de forma fidedigna e a todos os efectos a concesión da subministración, ou no seu caso, servizo individualizado de saneamento, e regulará as relacións entre o Consorcio e o usuario, as cales se rexerán por este, ademais de pola presente Ordenanza do Servizo e, de ser o caso, polo Regulamento de Verteduras.

2. Porase a disposición do usuario solicitante, por medio legalmente admitido, a documentación que acredite a formalización do contrato ou póliza. Como mínimo o contrato ou póliza de subministración deberá recoller os seguintes datos:

a) Identificación do Consorcio

- Razón social
- C.I.F.
- Enderezo
- Localidade
- Teléfono de atención ao cliente do Consorcio

b) Identificación do usuario

- Nome e apelidos ou razón social
- Enderezo para o que se solicita o servizo
- Localidade
- N.I.F.
- Actividade para a que se solicita o servizo
- Tarifa

c) Datos de contador

- Diámetro do contador
- Propiedade do contador

d) Referencias de orde económica e tributaria

- Contador

- Instalación de contadores
- I.V.E.
- Regularizacións de servizos anteriores
- e) Forma de pagamento
 - En calquera das oficinas do Consorcio
 - Domiciliación bancaria
 - Outros
- f) Lugar e data de expedición do contrato ou póliza de subministración de servizo
- g) Sinatura do representante do CONSORCIO e do usuario

ARTIGO 58. SUBROGACIÓN NO CONTRATO OU PÓLIZA DE SUBMINISTRACIÓN

1. Ao falecemento do titular do contrato ou póliza, poderá subrogarse nos dereitos e obrigas do mesmo calquera herdeiro ou legatario que suceda ao causante na propiedade ou uso da vivenda ou local en que se realicen as subministracións, e sempre que se liquiden con carácter previo as partidas que, no seu caso, se debesen por calquera concepto.

2. O dereito á subrogación deberá exercerse dentro dos seis meses seguintes, a contar dende a data do feito causante.

ARTIGO 59. CONTRATOS OU PÓLIZAS DE SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE CONTADORES XERAIS

1. Nos inmobles, urbanizacións ou polígonos subministrados mediante un único contador, serán responsables solidarios os membros da súa Comunidade de propietarios con dereito indiviso de propiedade sobre os mesmos, en relación coas obrigas contraídas pola subministración, así como as Entidades Urbanísticas Colaboradoras previstas na lexislación urbanística.

2. En tales supostos, a contratación do servizo esixirá, como requirimento previo, que se atope legalmente constituída a Comunidade de Propietarios, a Entidade Urbanística Colaboradora, ou a entidade que asuma a titularidade do conxunto a subministrar, ou a responsabilidade na prestación do servizo respecto dos seus membros.

3. Para actuar en nome de ditas Comunidades ou Entidades nas xestións ante o CONSORCIO, será preciso autorización expresa das mesmas, ou en xeral, acreditar a condición de representante legal das mesmas conforme aos seus Estatutos e demais normas que resulten de aplicación.

SECCIÓN TERCEIRA. CONDICIÓN XERAIS**ARTIGO 60. TIPOS DE SUBMINISTRACIÓN**

En función do uso ao que estea destinado, a subministración se tipifica en:

Subministracións en rede primaria (ou en alta):

Os destinados a aqueles usuarios non domésticos, ben sexan entidades ou administracións públicas, que debido ás características da súa actividade, soliciten caudais que, en cómputo anual, fagan necesaria a súa subministración directamente dende a rede do CONSORCIO.

- Subministracións en rede secundaria:

Constituídas polo resto de subministracións, as cales, á súa vez, e en razón do destino do consumo, configúranse nos seguintes tipos:

- Subministracións para usos domésticos, considerándose como tales os usos particulares que se corresponden co uso da auga para beber, para sanitarios, para duchas, para cociña e comedor, para lavados de roupa e de vaixelas, para limpeza, para regas de parques e xardíns, para refrixeración e para acondicionamentos domiciliarios sen actividade industrial

e mais con outros usos da auga que se poidan considerar consumos inherentes ou propios da actividade humana non industrial, nin comercial, nin agrícola, nin gandeira, nin forestal.

- Subministracións para usos non domésticos, considerando como tales os correspondentes ás actividades incluídas na Clasificación nacional de actividades económicas, aprobada polo Real decreto 475/2007, do 13 de abril, agás que se asimilen a usos domésticos.
- Subministracións para usos asimilables a domésticos, considerando como tales os usos non domésticos da auga indicados no parágrafo anterior que usen un volume total de auga nun ano natural inferior aos 2.000 metros cúbicos.
- Subministracións para dependencias e instalacións deportivas municipais e/ou aquelas outras subministracións con cargo íntegro ao orzamento municipal.
- Subministracións para Dependencias e Servizos Municipais das Entidades Locais integradas no Consorcio, bocas de redes contra incendios e calquera outra subministración non incluída nos distintos epígrafes do presente artigo.

ARTIGO 61. DURACIÓN DO CONTRATO OU PÓLIZA DE SUBMINISTRACIÓN

1. A contratación do servizo subscribirase por tempo indefinido. Sen embargo, o usuario poderá instar á súa extinción en calquera momento, sempre que o solicite, efectuando a correspondente liquidación dos conceptos pendentes ata a data da solicitude.

2. As subministracións para obras, espectáculos temporais en locais mobles e en xeral, para actividades esporádicas, terán carácter temporal.

ARTIGO 62. CONTRATOS OU PÓLIZAS DE SUBMINISTRACIÓN DE CURTA DURACIÓN

Nos contratos ou pólizas de duración temporal inferior a tres meses, ou naqueles que, dado o carácter temporal ou situación de precariedade das instalacións o servizo se contrate por un volume ou caudal fixo, ou por unha cantidade predeterminada por unidade de tempo de utilización, poderá establecerse unha liquidación previa dos consumos, estimado en base á actividade para a que se solicita a subministración, duración do mesmo e consumo previsto.

ARTIGO 63. DIFERENCIACIÓN DE CONTRATOS OU PÓLIZAS DE SUBMINISTRACIÓN

1. Os contratos ou pólizas estableceranse para cada tipo de servizo, sendo polo tanto obrigatorio estender contratos ou pólizas independentes para todos aqueles que esixan aplicación de tarifas ou condicións diferentes.

2. Como consecuencia do establecido no apartado anterior, cada contrato ou póliza de subministración quedará adscrito ao destino para o que foi concedido, sen que poida afectarse a usos distintos.

ARTIGO 64. CLÁUSULAS ESPECIAIS

Os contratos ou pólizas non poderán conter cláusulas especiais que contradigan os preceptos desta Ordenanza, nin de calquera outra disposición vixente sobre a materia que resulte de obrigada aplicación.

ARTIGO 65. CONTRATOS OU PÓLIZAS DE SUBMINISTRACIÓN PARA SERVIZOS CONTRA INCENDIOS

1. Considéranse subministracións para loita contra incendios os que se concedan para subministrar instalacións destinadas á extinción de incendios nun edificio, local ou recinto determinado.

2. As instalacións contra incendios serán independentes das destinadas a calquera outro fin e delas non poderá efectuarse derivación algunha para outro uso.

Na contratación de subministracións para loita contra incendios o Consorcio poderá esixir a provisión dun contador en dita instalación. Este será de tipo non intrusivo.

Queda igualmente prohibido tomar auga destas instalacións, salvo no caso de incendio ou de probas para tal efecto. A utilización destas subministracións en probas periódicas da instalación deberán contar coa preceptiva autorización do Consorcio.

3. A contratación da subministración contra incendios requirirá a formalización previa do contrato ou póliza de subministración entre o Consorcio e o usuario.

Ditos contratos ou pólizas terán a mesma tramitación e carácter que os de abastecemento ou subministración ordinaria, e estarán, polo tanto, suxeitos ás mesmas prescricións regulamentarias que aqueles.

ARTIGO 66. PROHIBICIÓN DE GRATUIDADE

En ningún caso, e sen prexuízo do estipulado para os supostos de non suxeición ou exención contempladas nas ordenanza fiscais correspondentes ou demais lexislación vixente, se concederán subministracións de auga, nin de calquera outro servizo, con carácter gratuíto.

ARTIGO 67. DENEGACIÓN DO CONTRATO OU PÓLIZA DE SUBMINISTRACIÓN

1. A potestade de concesión da subministración de auga corresponde ao Consorcio, con suxeición ás normas vixentes.

2. Poderase denegar a contratación do servizo nos casos seguintes:

- a) Cando a persoa ou entidade que solicite a subministración se negue á subscrición do contrato ou póliza de subministración, ou no seu caso, a aboar os conceptos que procedan segundo a Ordenanza Fiscal, ou cando non presente a documentación requirida.
- b) Cando a instalación do peticionario non reúna as condicións regulamentarias.

Neste caso, o Consorcio sinalará ao peticionario os defectos atopados na instalación a fin de que proceda á súa emenda.

- c) Cando se comprobe que o peticionario da subministración deixou de satisfacer o importe de calquera das taxas pola prestación dos servizos previstas na Ordenanza Fiscal do Consorcio, devengadas como consecuencia da subministración de auga ou, no seu caso, da vertida en calquera outra morada.
- d) Cando na vivenda ou local para o que se solicita xa haxa outro contrato ou póliza de subministración anterior.

ARTIGO 68. FUNDAMENTO E CAUSAS DE SUSPENSIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. A extinción ou suspensión da prestación constitúe unha medida de aseguramento da boa marcha do servizo que, no exercicio das potestades administrativas de que está investido, o Consorcio poderá acordar:

- a) Como medida de execución da resolución do expediente de incumprimento do que se derive, con carácter principal ou accesorio.
- b) Como medida provisional de aseguramento da eficacia da resolución, durante a tramitación do expediente de incumprimento.
- c) Como medida cautelar, nos supostos en que así estea contemplado, para garantir a eficacia da resolución dos expedientes sancionadores.
- d) En calquera outro suposto que así se prevexa na presente Ordenanza ou nas súas normas de desenvolvemento, en orde ao aseguramento da boa marcha do servizo.

2. Os supostos de feito nos que, en todo caso, o Consorcio poderá proceder á suspensión da subministración serán os seguintes:

- a) Cando o usuario non satisfaga en período voluntario tres (3) liquidacións consecutivas da débeda tributaria das taxas devengadas pola prestación do servizo, ou, unha liquidación durante o prazo de nove (9) meses dende a súa notificación.
- b) Por falta de pagamento dos importes resultantes da liquidación da débeda tributaria das taxas en casos de fraude, no prazo de tres meses dende a súa notificación.
- c) Nos supostos de utilización da subministración sen contrato ou póliza, e de negativa á súa subscripción, previo requirimento do Consorcio.
- d) Cando o usuario destine a auga para usos distintos dos recollidos na contratación e se negue á súa formalización, previo requirimento do Consorcio.
- e) Cando o usuario estableza ou permita establecer derivacións para outros locais ou vivendas diferentes das consignadas no documento de contratación.
- f) Cando se atopen derivacións nas súas redes con consumo de auga sen contrato ou póliza de subministración algún, poderá o Consorcio efectuar o corte inmediato da subministración de auga en tales derivacións.
- g) Cando o usuario non permita a entrada no local a que afecta á subministración contratada, en horas laborables ou de normal relación co exterior, ao persoal que, autorizado polo Consorcio e provisto da súa correspondente documentación de identidade, trate de tomar lectura, substituír o contador ou revisar as instalacións. Será preciso, en tal caso que se levante acta dos feitos ante dúas testemuñas ou en presenza dalgún axente da autoridade.
- h) Por negligencia do usuario respecto á instalación de equipos correctores no caso en que se produzan perturbacións nas redes de subministración e unha vez transcorrido o prazo establecido polos organismos competentes para a súa corrección.
- i) Pola negativa do usuario a modificar o rexistro ou arqueta do contador, e mesmo a súa instalación interior, cando iso fose preciso para substituír o contador por calquera das causas que autoriza esta Ordenanza, no prazo que, a tal fin, lle confira o Consorcio.
- j) Nas subministracións nas que o uso da auga ou disposición das instalacións interiores, se pode afectar á potabilidade da auga na rede de distribución por retorno de posibles augas contaminadas e ata que, polos usuarios, se tomen as medidas oportunas para evitar tales situacións. En tal caso o Consorcio poderá realizar o corte inmediato da subministración.
- k) Por negligencia do usuario respecto da reparación de avarías nas súas instalacións se, unha vez notificada mediante escrito certificado do Consorcio, transcorre un prazo superior a dez días sen que a avaría fose emendada.
- l) Nos supostos de manipulación das instalacións con ánimo defraudatorio.

ARTIGO 69. PROCEDIMENTO DE SUSPENSIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO

1. A incoación do expediente de suspensión da prestación do servizo será acordada polo órgano competente do Consorcio, e tramitada de acordo coas normas procedimentais de aplicación ás Administracións Locais.

2. O acto de incoación será notificado ao usuario, na forma e por algún dos medios legalmente previstos, conferíndolle un prazo de dez (10) días para que formule as alegacións que estime convenientes.

3. Unha vez examinadas as mesmas, e caso de que non desvirtúen os feitos e fundamentos que motivan a proposta de adopción de tal medida, será resolvida polo órgano competente, e notificada ao interesado. A mesma será executiva, podendo procederse dende entón ao corte da subministración.

4. A suspensión da subministración de auga por parte do Consorcio non poderá realizarse en días festivos ou en días en que, por calquera motivo, non exista servizo completo administrativo e técnico de atención ao público, a efectos da tramitación completa do restablecemento do servizo, nin en vésperas do día en que se dean algunhas destas circunstancias.

5. Unha vez emendadas as causas que orixinaron a suspensión, o restablecemento do servizo realizarase o mesmo día ou, no seu defecto, o día seguinte laborable en que fosen emendadas as causas que orixinaron o corte da subministración.

6. En ningún caso se restituirá a subministración se, como consecuencia da acción que deu lugar á medida de suspensión, se orixinan gastos e estes non foron liquidados polo usuario.

ARTIGO 70. PARTICULARIDADES NOS SUPOSTOS DE SUSPENSIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO POR FALTA DE PAGAMENTO

1. Nos supostos de suspensión previstos nos epígrafes a) e b) do apartado 2 do artigo 68 da presente Ordenanza, se o usuario formulase recurso administrativo fronte ás correspondentes liquidacións, o Consorcio non lle poderá suspender a subministración en tanto non se resolva dito recurso en vía administrativa.

2. Unha vez resolto o mesmo, e se a resolución confirmase a procedencia da liquidación practicada, poderase interromper o servizo, sen prexuízo de que o usuario interpoña os recursos xurisdicionais que lle outorgue a lexislación vixente.

ARTIGO 71. PROCEDEMENTO NOS SUPOSTOS DE SUSPENSIÓN INMEDIATA

Nos supostos excepcionais, expresamente previstos nesta Ordenanza, nos que a preservación dos intereses públicos requira da adopción da medida de suspensión da subministración con carácter inmediato, o órgano competente do Consorcio deberá ditar, no prazo máximo de quince días, o acordo de iniciación do correspondente procedemento no que resolva expresamente sobre a confirmación ou alzamento de tal medida (epígrafes j) e f) do apartado 2 do artigo 68).

ARTIGO 72. EXTINCIÓN DO CONTRATO OU PÓLIZA DE SUBMINISTRACIÓN

O contrato ou póliza de subministración extinguirase por calquera das causas seguintes:

1. A petición do usuario. Neste suposto efectuarase a liquidación ata a data de solicitude, procedéndose polo Consorcio á retirada do contador e precintado da toma.

2. Por finalización dos prazos dos contratos ou pólizas de duración temporal.

3. Por uso dos ocupantes da finca subministrada ou condicións das súas instalacións interiores que entrañen perigo na seguridade da rede, potabilidade da auga ou danos a terceiros, sempre que estes non sexan emendables, e previa tramitación do correspondente expediente.

4. Por incumprimento, por parte do usuario, do contrato ou póliza de subministración ou das obrigas que del se deriven, previa tramitación do correspondente expediente.

5. Por demolición, ampliación ou reforma da finca para a que se contratou a subministración.

6. Por falecemento do usuario, salvo nos supostos de subrogación, e por extinción do usuario, nos supostos de persoas xurídicas.

7. Por falta de pagamento en período voluntario de tres (3) liquidacións consecutivas da débeda tributaria das taxas devengadas pola prestación do servizo, ou dunha liquidación durante o prazo de nove (9) meses dende a súa notificación, e en xeral, o transcurso do prazo de tres meses dende a suspensión da prestación do servizo por algún dos motivos previstos no apartado 2 do artigo 68 desta Ordenanza, sen que polo usuario se adopten as medidas necesarias para eliminar as causas que motivaron a suspensión.

A tales efectos, o transcurso de ditos prazos sen que polo usuario se proceda ao pagamento ou se adopten tales medidas, levará aparellada a presunción da súa renuncia á prestación do servizo.

8. Polas causas que expresamente se sinalan nesta Ordenanza ou, no seu caso, en calquera outra disposición que resulte de aplicación.

CAPÍTULO V. LECTURAS E EXACCIÓN DAS TAXAS**ARTIGO 73. PERIODICIDADE DA LECTURA**

1. A lectura dos contadores e aparellos de medición correspondentes, aos efectos de cuantificar os consumos ou, no seu caso, as restantes magnitudes en base ás cales se exaccionan as taxas previstas na Ordenanza Fiscal devengadas polo consumo de auga ou, no seu caso, vertedura, realizarase bimensualmente, con carácter xeral, por diferenza de lecturas no contador, para o cal, establecerase un sistema de lectura permanente e periódico, de xeito que para cada abonado, os ciclos de lectura manteñan, no posible, o mesmo número de días, producíndose tantas lecturas como períodos de liquidación.

2. Naqueles casos nos que se concedan subministracións eventuais, controladas mediante equipos de tipo mobile, o usuario estará obrigado a presentar, en calquera das oficinas do CONSORCIO, e dentro das datas establecidas nos correspondentes contratos ou pólizas, os mencionados equipos de medida para a súa toma de lectura.

3. No caso de que varias vivendas e/ou locais se sirvan dun mesmo contador, o consumo rexistrado por este dividirase entre o número de vivendas e/ou locais dados de alta no servizo, aos efectos de aplicar a cota tributaria correspondente aos bloques de consumo que lle correspondan a cada vivenda e/ou local.

ARTIGO 74. SISTEMA DE LECTURA

1. Para a obtención da lectura do contador ou aparello de medición correspondente, o Consorcio poderá utilizar aqueles sistemas técnicos que considere mais adecuados para a xestión do servizo.

2. A lectura dos contadores efectuarase, ben por persoal propio do Consorcio ou ben por persoas acreditadas polo mesmo, en ambos os dous casos debidamente identificados.

3. O Consorcio non asumirá outros sistemas de lectura que aqueles que teña aprobados e atribuídos a cada unha das zonas do seu ámbito de actuación.

ARTIGO 75. DETERMINACIÓN DOS CONSUMOS A EXACCIONAR

A cuantificación do volume de auga consumida determinarase polos seguintes procedementos:

1. Por diferenza de índices entre dúas lecturas consecutivas.

2. Por estimación de consumos, cando non sexa lido nese bimestre ou non sexa posible acceder ao contador para efectuar a lectura durante o transcurso normal da rota de traballo do persoal do Consorcio, e se supón que o contador funciona.

A estimación efectuarase calculando a media diaria de consumos habida no mesmo período dos dous anos anteriores e aplicando este consumo medio diario ao número de días do actual período.

Naqueles casos nos que non existan datos históricos para poder obter o consumo medio diario aludido no parágrafo anterior, os consumos calcularanse en base aos rexistrados nos períodos precedentes.

A liquidación por estimación terá carácter de a conta, regularizándose a situación, por exceso ou por defecto, nas liquidacións dos seguintes períodos nos que se obteñan lecturas reais en tanto non se produza a súa prescrición.

No suposto de que durante doce meses non sexa posible ler o contador dun usuario, facilitarase un impreso para que nun prazo non superior a tres días o remita ao Consorcio, indicando tanto a lectura do contador como a data e hora que a mesma poida ser comprobada por persoal do Consorcio, se este o considera necesario.

3. Por avaliación de consumos, cando se rexistre unha anomalía no contador no momento da lectura ou se dispoña dun só índice, por invalidez do anterior.

O cálculo do consumo avaliado virá determinado polo réxime de consumos do usuario, de tal modo que, cando estes sexan estables, liquidarase de acordo co procedemento detallado para a estimación, mentres que, en caso contrario, o caudal a liquidar obterase en base aos aforamentos do novo contador nos 30 días seguintes á súa instalación.

Cando nun período se produza a verificación dun contador, procurarse o cálculo da liquidación tendo en conta os caudais rexistrados ata a súa desmontaxe, sempre e cando o resultado da verificación demostre o seu correcto funcionamento.

A liquidación por avaliación terá carácter definitiva, non resultando polo tanto alterada por consumos rexistrados anterior ou posteriormente.

4. Aplicando un consumo mensual mínimo de 100 m³/mes para usuarios domésticos e asimilados a domésticos, e de 250 m³/mes para os usos non domésticos, para aquelas subministracións que non posúan contador, sen prexuízo da incoación do expediente sancionador que corresponda segundo a presente ordenanza e demais disposicións legais de aplicación.

5. Para outros supostos, non previstos expresamente na presente Ordenanza, será de aplicación o procedemento para o cálculo da base imponible do Canon da Auga.

ARTIGO 76. REGULARIZACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS

No suposto de que, por erro ou por avaría do contador, se liquidasen cantidades distintas ás debidas, efectuarase unha regularización que comprenda o período afectado polas liquidacións erróneas, cun máximo de seis meses.

ARTIGO 77. REDUCIÓNS POR AVARÍAS FORTUÍTAS

1. No suposto de constatare a existencia de avarías ocultas nas instalacións interiores non imputables ao usuario, que desvirtúen o volume de consumos habituais deste, o Consorcio liquidará o consumo que exceda sobre o valor medio habitual ao prezo establecido para o intervalo de entre 4-n e 8-n m³ mensuais para usos domésticos. Igual prezo aplicarase no epígrafe usuarios asimilables a domésticos. O valor n, correspóndese ao número de habitantes por vivenda, segundo se detalla na correspondente Ordenanza Fiscal.

No caso de contadores xerais, a redución á que fai referencia o presente apartado aplicarase cando a avaría se produza na instalación xeral da Comunidade.

2. Tamén será de aplicación nos casos en que a base imponible de saneamento se determine polo volume de auga subministrada.

ARTIGO 78. ESTRUCTURA TARIFARIA

1. A estrutura, composición, elementos e cuantificación das taxas pola prestación dos servizos e devengadas pola subministración de auga, ou no seu caso, pola vertida, será a contida nas Ordenanzas Fiscais do Consorcio.

2. Así mesmo, as Ordenanzas regularán os elementos integrantes das restantes taxas devengadas pola prestación dos servizos, e relativas aos contadores: subministración e substitución, así como conservación dos mesmos e verificación destes; á execución de acometidas, así como á actividade de inspección, nos supostos e termos previstos na Ordenanza Fiscal do Consorcio.

ARTIGO 79. REQUIRIMENTOS DAS LIQUIDACIÓNS DAS TAXAS

Sen prexuízo de calquera outro requirimento cuxa esixencia veña imposta polas disposicións de orde tributario que resulten de aplicación ás distintas taxas exaccionadas polo Consorcio, as liquidacións das taxas devengadas pola prestación dos servizos conterán, como mínimo os seguintes elementos:

- Número e identificación da liquidación

- Nome ou razón social e número de identificación fiscal do suxeito pasivo
- Identificación do inmovible ó que se presta o servizo
- Concepto/s impositivo ao/s que se refire a liquidación e o seu amparo normativo
- Data de devengo da taxa e período de liquidación
- Lecturas do contador, sempre que puidesen tomarse
- Consumo, ou outra magnitude liquidada (base imponible)
- Detalle dos bloques ou intervalos de consumo
- Tarifa/s aplicada/s
- Cota tributaria líquida por conceptos
- Base/s imponible/s, tipo e cota/s do I.V.E.
- Enderezo do servizo
- N.I.F. do CONSORCIO
- Medios de impugnación da liquidación
- Lugar, prazo e forma de pagamento
- Advertencia de que a falta de pagamento en período voluntario determinará a apertura do período executivo.

ARTIGO 80. LIQUIDACIÓN AO USUARIO.

O Consorcio poderá encomendar a unha Sociedade Mercantil, de capital propio, a liquidación aos usuarios dos servizos de subministración e/ou saneamento, aplicando as tarifas e os tributos vixentes en cada momento, nas condicións e polos períodos establecidos na Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación do servizo de Abastecemento domiciliario de auga potable e a Ordenanza Reguladora das taxas pola prestación do servizo de sumidoiros e depuración de augas residuais no ámbito territorial do Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro, que se achase vixente en cada momento.

ARTIGO 81. MEDIOS DE PAGAMENTO

As débedas tributarias das taxas devengadas pola prestación dos servizos ás que se refire a presente Ordenanza poderán ser satisfeitas polos obrigados ao pagamento do seguinte modo:

- a) Mediante domiciliación en calquera Entidade Bancaria ou Caixa de Aforros.
- b) En metálico ou mediante cheque bancario conformado en calquera das oficinas do CONSORCIO.
- c) Mediante xiro postal ou ingreso en conta bancaria do CONSORCIO, identificando a liquidación tributaria obxecto de pagamento.
- d) Calquera outro legalmente admitido.

ARTIGO 82. RECADACIÓN EN PERÍODO EXECUTIVO

Nos termos previstos na Ordenanza Fiscal, a falta de pagamento en período voluntario das liquidacións das taxas polos servizos á que se refire a presente Ordenanza determinará a apertura do período executivo, e a súa exacción pola vía de prema.

CAPÍTULO VI. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN**ARTIGO 83. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

1. O réxime de infraccións e sancións relativas ao uso do servizo de abastecemento de auga, así como o réxime de medidas cautelares, para todo o non previsto expresamente na presente ordenanza ou no Regulamento de Verteduras (e que lle sexa de aplicación), será o previsto no título VII da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

2. Terán a consideración de infraccións as accións ou omisións que contraveñan o establecido na citada Lei 9/2010, no citado Decreto 141/2012 e na presente Ordenanza.

3. As infraccións clasificaranse en tres grupos, para proceder ao correspondente réxime sancionador. Deste xeito, as infraccións poderán considerarse como leves, graves e moi graves.

4. Considéranse infraccións de carácter leve:

- a) Os incumprimentos das obrigas dos usuarios ou das prohibicións específicas establecidas na presente ordenanza, salvo as relativas ás obrigas económicas ou aquelas que os puntos seguintes cualifiquen como graves ou moi graves.
- b) As accións e omisións das que se deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento do servizo público de abastecemento de auga potable, ou a outros servizos municipais, inferiores a 3.000 euros.

5. Considéranse infraccións graves:

- a) A manipulación do aparato de medición ou calquera outra actuación que comporte a utilización fraudulenta do servizo.
- b) Dificultar as tarefas dos inspectores do servizo, xa sexa impedindo, dificultando ou restrinxindo as visitas ou ben ameazando ou intimidando a este persoal.
- c) Non respectar os precintos colocados polo prestador do servizo ou dos organismos competentes da Administración, ou manipular as instalacións do servizo público.
- d) Establecer, ou permitir, derivacións na súa instalación para a subministración de auga, xa sexa temporal ou permanentemente, a outros locais, terreos ou vivendas diferentes ás consignadas para o servizo.
- e) Revender a auga a terceiros, mesmo aos propietarios, arrendatarios ou outros ocupantes de locais ou vivendas non consignadas no contrato ou póliza.
- f) As accións e omisións das que se deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento do servizo público de abastecemento de auga potable, ou a outros servizos municipais, superiores a 3.000 euros e ata 15.000 euros, xa sexan causadas maliciosamente ou por negligencia.
- g) A reiteración de tres infraccións leves nun ano.

6. Considéranse infraccións moi graves:

- a) Calquera conduta indicada no apartado anterior, da que se deriven danos ou perdas para o servizo público de abastecemento de auga potable, ou a outros servizos municipais, superiores a 15.000 euros.
- b) A reincidencia na comisión de dúas ou máis infraccións graves no período dun ano.

ARTIGO 84. SANCIÓN

1. A imposición de sancións e a esixencia de responsabilidades, con arranxo a esta Ordenanza, realizarase mediante a instrución do correspondente expediente sancionador e segundo os artigos 280.2, 287 e 289 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia.

2. As infraccións poderán dar lugar á imposición das seguintes sancións:

- a) Sancións pecuniarias.

b) Suspensión da prestación do servizo, pechamento de instalacións ou prohibición de utilización de instalacións ou servizos públicos, de acordo co disposto no artigo 92.4 da Lei 9/2010 de Augas de Galicia

c) Solicitude de suspensión do permiso de actividade municipal.

3. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas coas seguintes multas, establecendo un importe económico das sancións ata un máximo de 100.000 euros, de acordo coa potestade atribuída para o efecto ás entidades locais no artigo 92.3 da Lei 9/2010, de 4 de novembro de Augas de Galicia:

a) Infraccións leves: multa de ata 6.000 euros.

b) Infraccións graves: multa entre 6.001 e 30.000 euros.

c) Infraccións moi graves: multa entre 30.001 e 100.000 euros.

4. O cálculo do custo das sancións, danos, fianzas e sobrecuste, sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial vixente, efectuarase en coherencia co establecido no Regulamento de Verteduras.

5. As sancións graduaranse en función da reincidencia do infractor, da súa intencionalidade, do beneficio obtido, da afección producida ao sistema de depuración ou de saneamento, ou á calidade do medio receptor, e o prexuízo ocasionado para o interese xeral. En todo caso, para a graduación das sancións terase en conta, ademais dos criterios relacionados, o principio de proporcionalidade consagrado no art. 131.2 LRXPAC.

6. Serán responsables as persoas físicas ou xurídicas que realicen os actos ou incumpran os deberes que constitúan a infracción e, nos casos de establecementos industriais ou comerciais, os titulares destes.

7. Para a gradación das multas a impoñer, dentro dos límites mencionados, teranse en conta os seguintes criterios, asegurándose a adecuación necesaria entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada:

a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.

b) A gravidade do feito constitutivo da infracción, considerando os danos e prexuízos producidos.

c) O risco obxectivo causado aos bens ou ás persoas.

d) A relevancia externa da conduta infractora.

e) A reincidencia, por ter cometido no prazo dun ano máis dunha infracción da mesma natureza, sempre que se teña declarado así por resolución firme.

ARTIGO 85. ÓRGANOS COMPETENTES

1. A Presidencia do Consorcio, segundo o artigo 19.4 do seus estatutos, e de acordo co establecido no artigo 287.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, é competente para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Así e todo, o Consorcio, con independencia das actuacións contempladas neste artigo, podería instar a outros Organismos competentes á incoación de expedientes, ao abeiro da lexislación vixente.

3. O Consorcio remitirá ao Organismo de conca correspondente, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ou, no seu caso a Augas de Galicia, copia das resolucións que recaian nos expedientes sancionadores que tramitaran.

ARTIGO 86. PROCEDIMENTO

1. O procedemento para a tramitación dos expedientes, será o previsto na vixente normativa xeral de procedemento administrativo común.

2. Serán sancionadas pola comisión de infraccións, as persoas físicas e xurídicas que resulten responsables delas, aínda a título de mera inobservancia.

3. Con independencia da sanción que se lles imponha, os infractores serán obrigados a reparar o dano causado, podendo o Consorcio, se procede, exercer as facultades de execución subsidiaria previstas na Lei.

4. Os prazos de prescrición das infraccións e das sancións serán os previstos na vixente normativa xeral de procedemento administrativo común.

5. O prazo para a resolución dos expedientes sancionadores será dun ano, que se contará dende a súa incoación.

6. Para a execución de determinados actos, poderán imponerse multas coercitivas, nos termos previstos na LRXPAC.

ARTIGO 87. MEDIDAS CAUTELARES

1. Sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda, o infractor deberá de reparar o dano causado. A reparación terá como obxecto a restauración dos bens alterados á situación anterior á infracción.

2. Cando o dano producido afecta ás infraestruturas de abastecemento, a reparación será realizada polo Consorcio, con cargo ao infractor. Entenderanse por infraestruturas de abastecemento as definidas no Artigo 3 desta Ordenanza.

3. Se o infractor non procedese a reparar o dano causado no prazo sinalado no expediente sancionador, o Consorcio poderá proceder á imposición de multas coercitivas sucesivas.

4. O órgano competente para incoar os expedientes, poderá adoptar as medidas seguintes:

- a) Ordenar a suspensión provisional dos traballos de execución de obras ou instalacións que contradigan as disposicións desta Ordenanza ou sexan indebidamente realizados.
- b) Requirir ao usuario para que, no prazo que se lle indique, introduza as medidas técnicas necesarias que garantan o cumprimento das prescricións desta Ordenanza.
- c) Ordenar ao usuario que, no prazo que se lle fixe, introduza nas obras ou instalacións realizadas as rectificacións precisas para axustalas ás condicións do permiso de vertedura ou ás disposicións desta Ordenanza.
- d) Ordenar ao usuario que, no prazo que se lle indique, proceda á reparación e reposición das obras e instalacións ao seu estado anterior e á demolición do que fora indebidamente construído ou instalado.
- e) Impedir os usos indebidos das instalacións para o que non se teña obtido permiso, ou cando non se axusten ao seu contido ou ás disposicións desta Ordenanza.
- f) Ordenar a clausura ou precintado das instalacións de vertedura, en caso de que non sexa posible tecnicamente ou economicamente evitar o dano mediante as oportunas medidas correctoras.

5. As medidas relacionadas no apartado anterior poden ser adoptadas, con carácter de cautelares, e a reserva da resolución definitiva que se adopte no expediente, simultaneamente á incoación do procedemento sancionador, ou ben en calquera momento da súa instrución, e poden manterse de xeito continuado.

ARTIGO 88. VALORACIÓN DE DANOS

1. A valoración dos danos ás obras hidráulicas, aos efectos de aplicación do réxime sancionador a que se refire o presente capítulo, será realizada polo Consorcio e determinarase en función dos gastos de explotación e, no seu caso, de reposición daquelas.

2. Os danos ás obras hidráulicas que conforman os sistemas de abastecemento de auga potable calcularase en euros/día, como resultado da ponderación do custo diario de explotacións das instalacións públicas afectadas en relación co caudal de que se trate.

3. O Consorcio determinará, de acordo cos orzamentos aprobados ao efecto e as correspondentes certificacións, os gastos de explotación repercutibles ao responsable da afección de que se trate.

4. A valoración de danos, que servirá de base para a cualificación da infracción e, no seu caso, da indemnización que deba impoñerse, resultará do cálculo a que se refire o apartado segundo, multiplicado polo número de días que se considere que a afección se mantivo en situación irregular.

5. Para os efectos do disposto no apartado anterior, computaranse os gastos correspondentes a todo o período no que a instalación pública de abastecemento de auga potable quedara afectada pola afección, aínda que esta fora de carácter puntual. En calquera caso, considerarase que a vertedura irregular mantense durante, polo menos, un día.

6. A valoración de danos deberá notificarse ao presunto/a infractor/a simultaneamente co prego de cargos que se dite no correspondente expediente sancionador.

CAPÍTULO VII. RECLAMACIÓN, RECURSOS E XURISDICIÓN

ARTIGO 89. RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO

1. Os actos que dite o Consorcio en exercicio das potestades e demais funcións que ten atribuídas en orde á prestación dos servizos aos que se refire a presente Ordenanza, e en xeral, as relacións cos usuarios, estarán sometidos ás disposicións que rexen a actuación e procedemento das Administracións Locais.

2. En tal sentido, os usuarios poderán formular ante o Consorcio reclamacións, peticións e solicitudes de información nos termos previstos polas citadas disposicións.

ARTIGO 90. RÉXIME DOS RECURSOS

1. Os actos que ditén os órganos do Consorcio poñen fin á vía administrativa e fronte aos mesmos caberá a interposición, con carácter potestativo, de recurso de reposición fronte ao mesmo órgano que os ditou, ou ben ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso administrativa.

2. O réxime xurídico do recurso potestativo de reposición, así como de calquera outros que resultaren procedentes, será o establecido na Lei de réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

3. Como norma xeral, a interposición de recursos non suspenderá a executividade da resolución impugnada, salvo nos supostos nos que legalmente proceda tal medida ou nos casos nos que o Consorcio, razoe suficientemente a adopción da mesma, e impoña, no seu caso, as medidas cautelares correspondentes.

4. Os procedementos que se refiran á aplicación e efectividade das taxas devengadas polos servizos aos que se refire a a presente Ordenanza, seralles de aplicación o réxime de recursos previstos nas disposicións de carácter tributario, e nos termos establecidos na Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 91. PROCEDEMENTOS ALTERNATIVOS AOS RECURSOS

Sen prexuízo do establecido no artigo anterior, o Consorcio adaptarase ás disposicións administrativas que, tanto subxectivamente como polo que afecta ao ámbito do obxecto da presente Ordenanza, lle poidan resultar de aplicación, e prevexan a substitución do recurso potestativo de reposición por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación e arbitraxe ante órganos colexiados ou Comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas.

ARTIGO 92. XURISDICIÓN COMPETENTE

O coñecemento das cuestións litixiosas que se susciten entre o CONSORCIO e os usuarios con ocasión da relación do servizo a que se refire o ámbito da presente Ordenanza corresponderá aos órganos da Xurisdición Contencioso Administrativa.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2014.

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE ACOMETIDA

	CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA ACOMETIDA Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE MODELO 1.1. SOLICITUDE DE ACOMETIDA
---	--	--

REXISTRO DE ENTRADA:	CLAVE DO EXPEDIENTE:
----------------------	----------------------

1. DATOS DO PROPIETARIO

Don/a:			NIF:		
Enderezo fiscal	Enderezo:				
	Concello:		C.P.		
	Telefone:		Móbil:		
	Fax:		e-mail:		
Datos do representante	Enderezo:				
	Concello:		C.P.		
	Telefone:		Móbil:		
	Fax:		e-mail:		

2. DATOS DO INQUILINO (neste caso acompañarase contrato de arrendamento)

Don/a:			NIF:		
Enderezo fiscal	Enderezo:				
	Concello:		C.P.		
	Telefone:		Móbil:		
	Fax:		e-mail:		
Datos do representante	Enderezo:				
	Concello:		C.P.		
	Telefone:		Móbil:		
	Fax:		e-mail:		

3. DIRECCIÓN DE ENGANCHE, VERTEDURA E ACTIVIDADE

Parroquia/lugar:	Concello:	C.P.	Núm.	Piso.	Porta.
Enderezo:					
Coordenadas UTM X:		Coordenadas UTM Y:			
Referencia catastral da vivenda, local ou instalación:					
Caudal de subministración (m ³ /ano):		Solicita conexión á rede de saneamento: SI ☐ NON ☐			
Caudal de vertedura (m ³ /ano):		(m ³ /día):		Poboación equivalente (heq):	
Tipo de augas:	Fecais ☐	Pluviais ☐	Outras ☐		
	Nº Conexións	Nº conexións	Nº conexións		
Colector de conexión:		Pozo/arqueta de rexistro			
Conexión por gravidade ☐		Conexión mediante bombeo ☐			
Actividade principal	CNAE:		Clasificación Actividade s/RDPH:		
	Título do CNAE:				

4. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Pola presente, o titular solicita a acometida ao Servizo de Abastecemento de Auga Potable do Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro, para o cal **DECLARA** que, en función do uso para o que a auga será destinada, a conexión inclúese no seguinte tipo⁽¹⁾:

5. TIPO DE CONEXIÓN

Tipo 1 ☐ Tipo 2 ☐ Tipo 3 ☐ Tipo 4 ☐	A menos de 100 m. do colector: ☐ Nº de vivendas:	Tipo 5 ☐ Tipo 7 ☐ Tipo 8 ☐	Nº de vivendas: Nº de vivendas: Nº de industrias:
--	---	--	--

para o cal, axunta os seguintes formularios de declaración⁽²⁾:

☐ Modelo 1.2. Declaración de verteduras domésticas ou asimilables	☐ Modelo 1.5. Caracterización xeral da vertedura
☐ Modelo 1.3. Declaración de verteduras non domésticas	☐ Modelo 1.6. Inventario de verteduras non domésticas
☐ Modelo 1.4. Descrición das instalacións de depuración	☐ Modelo 1.7. Comunidade de usuarios

	CONSORCIO PARA A XESTIÓN DO CICLO URBANO DA AUGA DO LOURO	SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA ACOMETIDA Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE MODELO 1.1. SOLICITUDE DE ACOMETIDA
---	--	--

6. DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

e axunta a seguinte documentación complementaria:

- ☐ Acreditación da/s persoa/das persoas solicitantes
- ☐ Licencia de 1ª ocupación ou obra. En caso de non poseer ningunha das dúas, documento acreditativo da antigüidade da vivenda (escritura, alta no catastro, certificado de antigüidade, etc.)
- ☐ Licenza definitiva de actividade ou solicitude da mesma
- ☐ Copia do contrato de arrendamento
- ☐ Acreditación do pagamento das taxas polo número de conexións solicitadas
- ☐ Plano de situación ☐ Plano da instalación (Nave Industrial, Baixo comercial, etc.)
- ☐ Documentación anexo III Regulamento de Verteduras, puntos 1, 2 e 3a) e 3b) (excepto usuarios Tipo 1)
- ☐ Documentación anexo III Regulamento de Verteduras (usuarios s/artigo 8.1)
- ☐ Autorización para domiciliación bancaria

7. SOLICITA

Que previos os trámites oportunos, teña a ben concederlle a AUTORIZACIÓN DE ACOMETIDA Á REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE (e de Saneamento, se procede) para o tipo de conexión arriba reflexado, e sexa incluído no correspondente padrón como contribuínte.

8. ACREDITACIÓN DA SOLICITUDE

E para que así conste, asina o propietario:

_____ de _____ de 201_____

(1) Segundo o artigo 17 do Regulamento de Verteduras e de Prestación do Servizo de Saneamento e Depuración

(1) Modelos análogos aos contidos no Regulamento de Verteduras e de Prestación do Servizo de Saneamento e Depuración

Guillarei, 23 de decembro de 2013.— O Presidente do Consorcio, Francisco Marínez Iglesias

REGULAMENTO DE VERTEDURAS E DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

P R E Á M B U L O**CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

Artigo 1.-Obxecto

Artigo 2.-Finalidades

Artigo 3.-Infraestruturas e Instalacións do Servizo de Saneamento e Depuración do Consorcio

Artigo 4.-Ámbito de aplicación

Artigo 5.-Definicións

Artigo 6.-Explotación do Servizo de Sumidoiros e Estacións Depuradoras

Artigo 7.-Relativo ás Normas de Construción e Urbanísticas

CAPÍTULO II. OBRIGAS E DEREITOS DA ENTIDADE XESTORA E DOS USUARIOS

Artigo 8.-Usuarios suxeitos á obtención do permiso de vertedura

Artigo 9.-Obrigas e dereitos da entidade xestora

Artigo 10.-Obrigas e dereitos dos usuarios

CAPÍTULO III. EMPREGO DO SISTEMA DE SANEAMENTO

Artigo 11.-Condicións previas á conexión

Artigo 12.-Requisitos e características técnicas básicas da acometida ao sistema

Artigo 13.-Condicións para a obtención do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento e depuración

Artigo 14.-Prohibicións e limitacións

Artigo 15.-Solicitud do permiso de vertedura

Artigo 16.-Permiso de vertedura

Artigo 17.-Procedemento para a obtención do permiso de vertedura

Artigo 18.-Contido do permiso de vertedura

Artigo 19.-Revisión do permiso de vertedura

Artigo 20.-Revogación do permiso de vertedura

Artigo 21.-Tratamento ou depuración previos á conexión

Artigo 22.-Dispensa do permiso de vertedura

Artigo 23.-Caducidade do permiso de vertedura

Artigo 24.-Obrigas do titular do permiso de vertedura

Artigo 25.-Censo de verteduras ao sistema

Artigo 26.-Verteduras non canalizadas

Artigo 27. Normas de mantemento, reposición e explotación das instalacións

Artigo 28. Prevención de riscos laborais

CAPÍTULO IV. SITUACIÓNS DE EMERXENCIA

Artigo 29. Comunicación

Artigo 30. Adopción de medidas en situacións de emerxencia

Artigo 31. Valoración de danos

Artigo 32. Accidentes maiores

CAPÍTULO V. INSPECCIÓN E CONTROL

Artigo 33.-Arqueta ou pozo de control e medida

Artigo 34.-Función inspectora

Artigo 35.-Obxecto e inicio da inspección

Artigo 36.-Dereitos do persoal inspector

Artigo 37.-Deberes do persoal inspector

Artigo 38.-Obrigas dos responsables inspeccionados

Artigo 39.-Desenvolvemento da actividade inspectora

Artigo 40.-Documentación das actuacións inspectoras

Artigo 41.-Toma de mostras

Artigo 42.-Práctica das análises

CAPÍTULO VI. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 43.-Réxime de infraccións e sancións

Artigo 44.-Sancións

Artigo 45.-Órganos competentes

Artigo 46.-Procedemento

Artigo 47.-Medidas cautelares

Artigo 48.-Valoración de danos

Artigo 49.-Relación co canon da auga e co coeficiente de vertedura

CAPÍTULO VII. RECLAMACIÓNS, RECURSOS E XURISDICIÓN

Artigo 50. Réxime xurídico e procedemento

Artigo 51. Réxime dos recursos

Artigo 52. Procedementos alternativos aos recursos

Artigo 53. Xurisdición competente

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

DISPOSICIÓN ADICIONAL

DISPOSICIÓN FINAL

ANEXO I

A. VERTEDURAS PROHIBIDAS

B. CONTAMINANTES DAS AUGAS

C. VERTEDURAS CON SUBSTANCIAS PERIGOSAS

ANEXO II. VERTEDURAS LIMITADAS

ANEXO III. SOLICITUDE DE PERMISO DE VERTEDURA AO SISTEMA

ANEXO IV. PLAN DE CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS

ANEXO V. CONTIDO DA ACTA DE INSPECCIÓN E OBRIGAS DA ENTIDADE XESTORA

ANEXO VI. CÁLCULO DO CUSTO A EFECTOS DE SANCIÓN, DANOS, FIANZAS E SOBRECUSTO. VALORACIÓN ECONÓMICA DOS PARÁMETROS

ANEXO VII. CONDICIÓNS DE PRESERVACIÓN DE MOSTRAS E MÉTODOS ANALÍTICOS

ANEXO VIII. CLASIFICACIÓN DOS SECTORES INDUSTRIAIS

ANEXO IX. MODELOS DE SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE CONEXIÓN

ANEXO X. MODELOS DE ARQUETA DE TOMA DE MOSTRAS E AFORO DE CAUDAIS

P R E Á M B U L O

No artigo 45 da Constitución Española reconécese o dereito de todos os cidadáns a gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, atribuíndose ás Administracións Públicas, ademais, a función de velar por un emprego máis racional dos recursos naturais e aos cidadáns o deber de contribuír á súa conservación.

Un destes recursos é, sen dúbida, a auga, un auténtico patrimonio natural que ten asociados ó seu uso profundos valores, tanto sociais como ambientais, que hai que protexer e conservar. O modelo de xestión dos recursos hídricos, debe tomar como base o ciclo natural da auga, considerando a súa preservación en óptimo estado como o mellor legado e garantía para as xeracións futuras.

En política ambiental son cada vez máis as normas con orixe supranacional as que determinan o contido dos dereitos e obrigas da cidadanía, así como as competencias e o xeito de exercelas dos poderes públicos.

No ámbito autonómico, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, declara no seu artigo 32 de interese da Comunidade Autónoma de Galicia o servizo de depuración de augas residuais urbanas, cuxo ámbito de aplicación comprende a regulación, a planificación, a aprobación definitiva de proxectos, a construción e a xestión, explotación e mantemento de estacións depuradoras de augas residuais, redes de colectores xerais e conducións de vertedura que formen parte do Plan galego de saneamento, así como, de ser o caso, a reutilización das augas residuais depuradas. Pola súa parte, o artigo 27 da mesma lei reserva para a competencia local a prestación do servizo de sumidoiros e o control das verteduras a estas redes dentro do que ordene a normativa aplicable.

O desenvolvemento regulamentario previsto no punto 3 do artigo 32 da Lei 9/2010 ten lugar mediante o Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento Marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, que complementa así a normativa estatal básica en materia de depuración de augas residuais urbanas.

Así, no marco das atribucións ás entidades locais sinaladas, de acordo cos prazos que sinala a Disposición transitoria primeira do Regulamento Marco (dous anos dende a súa entrada en vigor para adaptar as normativas locais, transcorrido o cal será de aplicación directa), sobre a base das competencias recoñecidas aos municipios en materia de rede de sumidoiros e tratamento de augas residuais na Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e co obxectivo de unificar e actualizar a regulamentación vixente nos concellos que forman parte do Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro, elabórase o presente Regulamento de Verteduras e de Prestación do Servizo de Saneamento e Depuración.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1.-OBXECTO

1. O presente Regulamento de Verteduras e de Prestación do Servizo de Saneamento e Depuración ten por obxecto regular o servizo público prestado polo Consorcio para o saneamento e depuración de augas residuais, e fundamentalmente as condicións das verteduras das augas residuais e pluviais e os usos da rede de sumidoiros, dos colectores e das estacións depuradoras de augas residuais xestionadas polo Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro.

2. Os servizos de Abastecemento de Auga Potable rexeranse pola vixente Ordenanza Reguladora do Servizo de Abastecemento Domiciliario de Auga Potable, aprobado polo Comité Directivo do CONSORCIO, en adiante Ordenanza de Abastecemento, e demais normas que o desenvolvan, ou, no seu caso, pola/s disposición/óns que o substitúa/n.

ARTIGO 2.-FINALIDADES

1. O Regulamento regulador de verteduras e uso do sistema público de saneamento e depuración, de acordo co Decreto 141/2012, dítase para contribuír a acadar as seguintes finalidades:

- a) Garantía de evacuación e tratamento das augas residuais de xeito eficaz a fin de preservar o estado das masas de auga e posibilitar os seus máis variados usos, incluíndo a súa reutilización.
- b) Adecuación da calidade da auga dos efluentes das estacións depuradoras para dar cumprimento á normativa básica sobre depuración de augas residuais urbanas, sen prexuízo do respecto aos obxectivos ambientais establecidos na lexislación e en a planificación hidrolóxica aplicables.
- c) Prohibición de vertedura ás redes de sumidoiros e colectores de augas residuais de orixe industrial, agrícola e gandeira, cuxas características incumpran o esixido no presente regulamento, ou poidan alterar o correcto funcionamento das instalacións que forman parte do servizo.

- d) Garantía, por parte do Consorcio, de que o conxunto das verteduras da súa rede de saneamento adecúase ás características de deseño das instalacións de depuración.
- e) Xestión eficiente das instalacións a partir dun deseño coherente coas Instrucións técnicas para obras hidráulicas en Galicia aprobadas por Augas de Galicia.
- f) Adecuación dos permisos de vertedura ás esixencias e requirimentos do progreso técnico, adecuación que non será indemnizable e cuxo incumprimento poderá dar lugar á suspensión e revogación do permiso, que non terán carácter sancionador.
- g) Evitar emisións incontroladas de contaminantes á atmosfera.
- h) Evitar que as lamas de depuración das augas residuais urbanas teñan concentracións de contaminantes que non permitan o seu aproveitamento ou valorización conforme ás normas que lles sexan de aplicación.

ARTIGO 3.-INFRAESTRUTURAS E INSTALACIÓNS DO SERVIZO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DO CONSORCIO

Aos efectos deste regulamento, as instalacións de saneamento e depuración comprenden as redes de sumidoiros, os colectores e conducións de vertedura, así como as estacións depuradoras de augas residuais de titularidade pública, calquera que sexa o tipo de tecnoloxía utilizada e cuxo obxectivo sexa recoller, transportar e depurar as augas residuais para devolvelas ao medio receptor nas condicións axeitadas para salvagardar a calidade das augas continentais.

ARTIGO 4.-ÁMBITO DE APLICACIÓN

1. Inclúese no ámbito do presente Regulamento tódalas verteduras de augas residuais, de calquera orixe, conectadas ás instalacións xestionadas polo Consorcio ás que se refire o artigo 3, ou que no futuro sexan conectadas, calquera que sexa o sistema de xestión utilizado.

Serán de aplicación así mesmo para tódalas verteduras de augas residuais, de calquera orixe, conectadas ás instalacións de saneamento e/ou depuración que sexan xestionadas polo Consorcio como consecuencia do cumprimento de convenios, contratos ou encomendas de xestión con outras administracións ou institucións.

Alí onde haxa redes de sumidoiros separativas, os titulares conectados deben contar cunha dobre rede de desaugue e de baixantes, e debe evitarse en todo momento a mestura de augas residuais e augas pluviais. Nestes supostos, está totalmente prohibida a conexión de calquera conduto de augas pluviais á rede de augas residuais e viceversa.

2. Non se inclúen no presente Regulamento aqueles produtores de verteduras de augas residuais que contén coa oportuna autorización administrativa para levar a cabo as verteduras, directa ou indirectamente, no dominio público hidráulico ou no dominio público marítimo terrestre, sempre que dita autorización estea actualizada e os seus titulares cumpran coas condicións impostas nela. Noutro caso, o Consorcio poderá obrigar aos mencionados produtores de verteduras a conectalos ás instalacións públicas de saneamento, sempre e cando cumpran os requisitos recollidos no presente Regulamento.

3. Queda prohibido con carácter xeral a vertedura directa ou indirecta de augas e produtos residuais (segundo a definición recollida no artigo 245 do Regulamento de Dominio Público Hidráulico) susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico ou marítimo terrestre, agás que se conte coa previa autorización. Esta autorización corresponde ao Organismo de conca, tanto no caso de verteduras directas a augas superficiais ou subterráneas, coma no de verteduras indirectas a augas subterráneas. Cando se trate de verteduras indirectas a augas superficiais, a autorización corresponderá á administración local competente.

4. As verteduras indirectas a augas superficiais con especial incidencia para a calidade do medio receptor, han de ser informadas favorablemente (mediante a emisión dun informe preceptivo e vinculante) polo Organismo de conca, previamente ao outorgamento da preceptiva autorización. As instalacións que xeran verteduras consideradas de especial incidencia no medio serán aquelas que

pertencen ás persoas usuarias descritas no artigo 8.1 do Decreto 141/2012 polo que se aprobou o Regulamento Marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia.

ARTIGO 5.-DEFINICIÓNS

1. Aos efectos do presente Regulamento, enténdese por:

- a) Acometida: conxunto de elementos interconectados que unen a rede pública de saneamento coa instalación privada dunha vivenda ou edificio. As acometidas ao sistema de saneamento non forman parte do sistema público.
- b) Augas brancas: as augas que non foron sometidas a ningún proceso de transformación de xeito que a súa potencial capacidade de perturbación do medio é nula e, polo tanto, non deben ser conducidas mediante os sistemas públicos de saneamento. A súa procedencia é diversa: augas destinadas á rega agrícola, augas subterráneas, augas superficiais, fontes ou mananciais, e augas procedentes da rede de abastecemento.
- c) Augas de escorregamento pluvial: terán carácter de augas brancas ou de augas residuais urbanas en función da posibilidade de alteración dos obxectivos de calidade do medio receptor. Así mesmo, terán esta consideración as augas de refrixeración en función das súas características.
- d) Augas residuais domésticas ou asimilables a domésticas: as augas residuais procedentes dos usos residenciais das vivendas, actividades comerciais sen almacenaxe, oficinas e talleres integrados nas vivendas, xeradas principalmente polo metabolismo humano e as actividades domésticas.
- e) Augas residuais non domésticas: as augas residuais vertidas desde establecementos nos que se efectúe calquera actividade industrial, agrícola ou gandeira, que non sexan augas residuais domésticas ou de escorregamento pluvial. Entenderase por actividade industrial aquela que consista na produción, transformación, manipulación, reparación e almacenaxe de materias primas e produtos manufacturados.
- f) Augas residuais urbanas: as augas residuais domésticas ou a mestura delas coas augas residuais non domésticas, así como con augas de escorregamento pluvial.
- g) Autocontrol: seguimento e control da calidade e da cantidade de contaminantes vertidos, e de calquera outro parámetro relacionado con eles, levado a cabo polo titular da actividade ou por unha entidade competente designada por el, que deberá incluír a medida de caudais, toma de mostras e análises que sexan precisos.
- h) Condución: compoñente destinada ao transporte de augas residuais urbanas e que en sentido lonxitudinal é habitualmente recto. En función da súa localización dentro da rede de saneamento poden clasificarse en albañais, sumidoiros ou colectores.
- i) Contaminantes das augas: as materias que se relacionan no Anexo I (B-Contaminantes das augas) do presente Regulamento.
- j) Comunidade de usuarios: o conxunto de usuarios de calquera tipo, legalmente establecidos, que unan as súas verteduras individuais nunha única conexión á rede de saneamento.
- k) Entidade xestora: a Administración pública que teña encomendada a xestión de cada un dos sistemas públicos de saneamento e depuración de augas residuais, de acordo co disposto nos artigos 26 e 27 da Lei 9/2010, de augas de Galicia, e con independencia de que o servizo se preste directa ou indirectamente. A os efectos do presente regulamento entenderase por entidade xestora ao Consorcio para a xestión do ciclo urbano da auga do Louro.
- l) Estación depuradora de augas residuais: conxunto de instalacións necesarias para, como mínimo, o tratamento físico, fisicoquímico ou biolóxico das augas residuais domésticas.
- m) Limite de vertedura: cantidade ou concentración dun contaminante ou grupos de substancias contaminantes, nas unidades de medida que correspondan a cada un deles, cuxo valor non debe superarse pola vertedura no momento da toma de mostra.

- n) Mostra: toda porción de auga que represente o máis exactamente posible a vertedura de augas residuais a controlar.
- o) Plantas de tratamento previo: conxunto de estruturas, mecanismos e instalacións privadas, destinadas ao tratamento das augas residuais dunha ou varias actividades industriais ou comerciais, para a súa adecuación ás esixencias deste Regulamento de Verteduras, posibilitando a súa admisión na rede de sumidoiros pública.
- p) Redes separativas: aquelas que constan de dúas canalizacións independentes; unha delas transporta as augas residuais de orixe doméstica, comercial ou industrial ata a estación depuradora, e a outra conduce as augas pluviais ata o medio receptor, ou ata un posible sistema de tratamento previo á súa vertedura.
- q) Redes unitarias: aquelas que constan dunha soa canalización pola que en tempo seco circulan augas residuais urbanas e en tempo de chuva asume tamén a función de drenar as augas pluviais, provocándose unha mestura de ambos tipos de augas.
- r) Residuos sólidos ou semisólidos xerados: os lodos orixinados nos sistemas públicos de saneamento e depuración de augas residuais urbanas, así como o resto de residuos xerados nos sistemas públicos de saneamento e depuración.
- s) Rexistros: obras de fábrica para o mantemento e a explotación da rede de saneamento, poden ser de dous tipos:
Arqueta: rexistro que non permite o acceso ao seu interior polas súas reducidas dimensións.
Pozos: rexistro visitable.
- t) Sistema de depuración: aquela parte do sistema definido na letra u) composto por unha estación depuradora de augas residuais e a súa conducción de vertedura, incluído, de ser o caso, un emisario submarino.
- u) Sistema público de saneamento e depuración de augas residuais: conxunto de bens de dominio público interrelacionados, composto por unha ou máis redes locais de sumidoiros, colectores, estacións de bombeo, conducións de vertedura, estación depuradora de augas residuais e outras instalacións de saneamento asociadas, ao obxecto de recoller, conducir ata a estación e sanear, de xeito integrado, as augas residuais xeradas nun ou máis municipios ou en parte dun ou máis municipios. As acometidas ao sistema non forman parte do sistema público.
- v) Sistema de saneamento: o resto do sistema definido na letra u) non contemplado na letra t). A súa vez, entenderase por sistema de saneamento en baixa ao conxunto de bens de dominio público constituído polas redes municipais de sumidoiros e as demais instalacións que, de acordo coa normativa vixente en materia de réxime local, son de competencia municipal. Entenderase por sistema de saneamento xeral ou en alta ao conxunto de bens de dominio público constituído pola estación depuradora de augas residuais, os colectores ou interceptores en alta e os colectores ou interceptores de restitución da auga tratada ao medio. Entenderase por rede de colectores xerais ou en alta ao conxunto de conducións e elementos auxiliares necesarios para interceptar as verteduras agrupadas de todos e cada un dos núcleos, ou parte dos núcleos, que forman un sistema de saneamento e lles conduce ata a estación depuradora de augas residuais e consideradas como tal no vixente Plan de Saneamento de Galicia. Así mesmo, por dedución da definición anterior establécese que todo aquilo que non forma parte da rede de colectores en alta forma parte da rede de colectores secundarios ou en baixa.
- w) Sistema de Xestión Medio Ambiental (SXMA): o definido polo Regulamento (CE) número 1221/2009, do 25 de novembro de 2009.
- x) Tratamento previo: a redución ou eliminación da carga de contaminantes, ou a alteración da natureza dos contaminantes presentes nun auga residual, previamente á introdución dunha vertedura na rede de saneamento.
- y) Usuarios domésticos: aqueles que verten augas residuais domésticas.
- z) Usuarios non domésticos: aqueles que verten augas residuais non domésticas.

ARTIGO 6.-EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS E ESTACIÓNS DEPURADORAS

1. O Consorcio, de acordo co artigo 11 dos seus estatutos, e para a prestación dos servizos encomendados, poderá utilizar calquera das formas de xestión dos servizos públicos locais legalmente establecidas.

No caso de que a forma de xestión escollida sexa indirecta, á empresa adxudicataria da xestión dos servizos á que se contrae este regulamento denominarase “Explotador”.

ARTIGO 7.-RELATIVO ÁS NORMAS DE CONSTRUCCIÓN E URBANÍSTICAS

1. Sen prexuízo do establecido no presente Regulamento, a construción de calquera elemento da rede de sumidoiros, acometidas, embornais, etc., axustarase ao disposto pola normativa urbanística municipal, así como polas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia e polo Código Técnico da Edificación (CTE-DB-HS).

2. Con carácter xeral, as redes públicas municipais de saneamento poderán ser construídas por:

- a) O Consorcio por iniciativa propia, de acordo coas disposicións legais vixentes con recursos propios.
- b) O Consorcio a petición de particulares, como prolongación da rede existente, a cargo íntegro dos devanditos particulares.

Neste caso o tramo pasa a ser titularidade do Consorcio, automaticamente unha vez rematadas as obras e recibidas polo propio Consorcio.

- c) O urbanizador, cando así sexa esixible en virtude da lexislación vixente en materia urbanística, con todos os dereitos inherentes, deberá cumprir o CTE e demais normas vixentes para as instalacións en edificios e realizar os traballos baixo a supervisión técnica do Consorcio.

Para iso, e con carácter previo á redacción do proxecto de urbanización, ou á execución de obras de rede de sumidoiros, haberá de solicitarse á Entidade Xestora un informe preceptivo e vinculante sobre a normativa vixente ao respecto, redes e condicións existentes, sinalización dos puntos máis aconsellables para realizar a evacuación das augas residuais e pluviais, e calquera outro extremo que puidese resultar de interese ao efecto. En vías de nova construción o urbanizador deberá construír, ao seu cargo, todas as acometidas domiciliarias. Neste caso deberán incluírse no Proxecto de Urbanización, detallando as súas características, que deberán axustarse á normativa técnica vixente.

- d) Calquera outra Administración competente, ben por acordo, ou por existencia de convenios, ou por estar clasificada a devandita actuación como "de interese xeral". Nestes casos a Entidade Xestora solicitará ás devanditas Administracións os criterios seguidos no seu deseño, co fin de analizar a súa coherencia e integración dentro da rede de saneamento do Consorcio e emitir informe ao respecto.

3. Na elaboración de plans que desenvolvan as Normas Urbanísticas, que afecten a zonas onde se localicen actividades industriais, será preciso un estudo técnico sobre a posibilidade de contaminación por verteduras ou infiltración de augas residuais industriais.

CAPÍTULO II. OBRIGAS E DEREITOS DA ENTIDADE XESTORA E DOS USUARIOS**ARTIGO 8.-USUARIOS SUXEITOS Á OBTENCIÓN DO PERMISO DE VERTEDURA**

1. Quedan obrigadas a obter permiso de vertedura ao sistema público de saneamento e depuración de augas residuais e a respectar as prohibicións e limitacións establecidas nos anexos I e II, respectivamente, deste regulamento as seguintes persoas usuarias:

- a) Os/as usuarios/as non domésticos/as cuxa actividade estea comprendida nas correspondentes epígrafes da vixente CNAE-2009, aprobada polo Real decreto 475/2007, equivalentes ás epígrafes C, D, E e F do CNAE-93, segundo os cadros de equivalencias entre a CNAE-93 e a

CNAE-2009 elaborados polo Instituto Nacional de Estatística, así como aqueloutros/as usuarios/as non domésticos/as cuxa vertedura sexa superior a 2.000 metros cúbicos anuais.

- b) Os/as usuarios/as cun volume de vertedura inferior a 2.000 metros cúbicos anuais pero que orixinen contaminación especial nos termos do artigo 47.1.c) da Lei 9/2010, de augas de Galicia.

2. O resto de persoas usuarias, cuxa actividade xere augas residuais domésticas ou asimilables a domésticas, quedan suxeitas ás regulamentacións que dite o Consorcio e, en todo caso, ás prohibicións establecidas no anexo I e II deste regulamento.

3. En calquera caso, os usuarios aos que se fai mención nos puntos anteriores deberán realizar a correspondente solicitude de autorización de conexión ao servizo de saneamento do Consorcio segundo o estipulado no artigo 17 deste regulamento, previamente a dita conexión, aos efectos da súa supervisión e aceptación.

4. Os usuarios particulares con verteduras domésticas que desexen realizar a conexión ao sistema de saneamento en baixa, presentarán unha solicitude de autorización simplificada segundo o modelo 1.1 do anexo IX.

5. O emprego da rede de sumidoiros públicos para a evacuación de augas residuais será obrigatoria para todos os usuarios domésticos que posúan unha rede de sumidoiros pública a menos de 100 metros.

Non obstante, e por razóns técnicas, o punto exacto de conexión ou entroncamento coa rede de saneamento será determinado polo Consorcio, aínda que se supere esa distancia.

A Entidade Xestora poderá dispensar da obrigatoriedade da conexión sinalada no parágrafo anterior, cando se acredite polo usuario a inviabilidade da devandita conexión por razóns técnicas, económicas ou urbanísticas debidamente xustificadas.

Neste caso, os usuarios deberán de estar provistos de sistemas autónomos de saneamento que non supoñan un risco para o medio ambiente. Os sistemas de depuración instalados que xeren vertedura directa a dominio público ou vertedura indirecta por infiltración no terreo deberán tramitar ante o organismo competente a correspondente autorización de vertedura.

6. Cando, como consecuencia dunha actuación pública ou privada autorizada, a rede pública existente sexa ampliada e os usuarios pasen a dispoñer dunha rede de saneamento pública a menos de 100 metros, os edificios, industrias ou instalacións carentes de conexión, deberán realizar as obras oportunas para conectar os seus desaugadoiros á devandita rede.

Así e todo, os usuarios adoptarán as medidas ou previsións correspondentes para poder conectar as súas redes á rede pública do Consorcio, sendo os gastos á súa conta.

7. O Consorcio deberá aterse ás condicións impostas nas autorizacións de vertedura á canle pública ou ao dominio público marítimo-terrestre que diten os diferentes organismos de conca competentes no territorio de Galicia.

ARTIGO 9.-OBRIGAS E DEREITOS DA ENTIDADE XESTORA

1. A entidade xestora e, no seu caso o explotador, estará facultada para a prestación dos seguintes servizos relacionados co saneamento:

- a) Recoller as augas residuais dende o rexistro situado no límite da propiedade do abonado co dominio público e a súa canalización, mediante a rede pública, cara a estación depuradora ou punto de vertedura establecidos pola administración competente, con arranxo ás condicións que se fixen nas licenzas ou permisos de vertedura.
- b) A execución de instalacións, ampliacións, substitucións, reparacións, reformas e melloras das redes, así como das acometidas de saneamento solicitadas polos usuarios.
- c) A limpeza da rede de sumidoiros, levando os residuos ás instalacións previstas e autorizadas a tal fin, cumprindo a lexislación vixente en materia de residuos.

- d) O tratamento, cos medios e infraestruturas postas a disposición do Consorcio, das augas residuais con anterioridade á súa vertedura ao dominio público hidráulico ou marítimo terrestre.
- e) Contestar ás reclamacións que se fagan por escrito, dentro do prazo establecido a tal efecto, así como colaborar co usuario na solución dos problemas que o servizo poida ocasionar.
- f) Aplicar as taxas segundo as tarifas que se teñan aprobadas polo Consorcio.
- g) Prestar o servizo a todo petionario e amplialo a todo usuario que o solicite, nos termos establecidos no presente Regulamento e noutras disposicións aplicables.
- h) Manter as condicións hixiénico-sanitarias e as instalacións de acordo coa normativa vixente.
- i) Manter de xeito permanente a regularidade e dispoñibilidade do servizo mediante a vixilancia, conservación e reparación de todas as instalacións relacionadas co servizo.
- j) Efectuar as liquidacións das taxas mediante as tarifas legalmente autorizadas polo organismo competente.
- k) Realizar campañas de sensibilización da poboación en xeral sobre a minimización do consumo de auga e igualmente dos usuarios con verteduras diferentes das domésticas, ademais das medidas para a reutilización de augas brancas, grises ou rexeneradas, co fin de reducir o consumo de auga e a vertedura á rede de saneamento de substancias nocivas e produtos tóxicos do fogar, talleres e outras instalacións con periodicidade mínima bianual.

2. A entidade xestora, nas súas relacións cos usuarios, terá, con carácter xeral e sen prexuízo de aqueles outros que en relación con situacións específicas poidan derivarse, os seguintes dereitos:

- a) Acceder, revisar e informar das instalacións interiores de subministro que poidan interferir no funcionamento do servizo.
- b) Percibir a cantidade económica derivada da prestación do servizo de saneamento e depuración, de acordo co previsto no regulamento do Consorcio e de acordo ás tarifas e taxas vixentes en cada caso.

ARTIGO 10.-OBRIGAS E DEREITOS DOS USUARIOS

1. Os abonados que desexen conectarse ao servizo de saneamento de augas solicitarán a conexión correspondente, que se realizará a costa do abonado, salvo que se prevexan xeitos de financiamento diferentes, de acordo co Consorcio.

2. Os abonados ao servizo de saneamento que, non estando obrigados a conectarse ao servizo de sumidoiros e depuración (condición establecida no artigo 8.3), dispoñan de fosa séptica, cumpriran coas seguintes obrigas:

- a) É responsabilidade do abonado, como propietario da fosa séptica, a execución das obras necesarias para o seu correcto funcionamento e o seu mantemento.
- b) Por outra banda, no intre en que os usuarios propietarios dunha fosa séptica poidan acceder á rede de sumidoiros municipais, farán as correspondentes accións para conectarse seguindo a normativa establecida polo Consorcio con respecto ás licenzas e permisos, quedando selada e inutilizada a fosa séptica.

3. O usuario terá as seguintes obrigas:

- a) Satisfacer puntualmente o importe do servizo de saneamento e depuración de acordo co previsto neste regulamento e de acordo ás tarifas e taxas vixentes, no prazo establecido.
- b) Aboar as cantidades que resulten da liquidación que por erro, fraude ou avaría se lles poida imputar.
- c) Verter de xeito establecido e para os usos que dispoña, conforme ao presente regulamento e, no seu caso, ao correspondente permiso de vertedura.

- d) Conservar e manter en perfecto estado as instalacións interiores de saneamento dos inmobles ou fincas. Así como as acometidas e instalacións que non formen parte da rede pública de saneamento.
 - e) Informar ao Consorcio de fugas, avarías, perdas ou calquera outra incidencia que, por interese propio ou xeral, afecten á rede de saneamento. Dentro destas incidencias inclúense as manipulacións de instalacións que poidan causar contaminación ou perigo para persoas ou bens de calquera tipo.
 - f) Permitir e facilitar a libre entrada nas instalacións do persoal debidamente acreditado, para inspeccionar ou reparar as instalacións.
 - g) No caso de que se procedese ao precinto de calquera local, instalación ou mecanismo da mesma, deberá respectalo.
 - h) Cumprir as condicións e obrigas que figuren no regulamento para o servizo de augas.
 - i) Comunicar á entidade xestora do servizo de saneamento calquera modificación na domiciliación ou titularidade no recibo, modificación na instalación interior (en especial os novos puntos de vertedura que resulten significativos polo seu volume) ou calquera outra que implique un troco significativo no desenvolvemento xeral do servizo que presta a entidade xestora.
 - j) Cando exista unha alteración no volume do caudal de vertedura que implique un aumento de máis do 10%, deberá ser notificado ao Consorcio para que se poida estudar a incidencia dese aumento no sistema de saneamento.
 - k) Prever as instalacións de bombeo e elevación, naqueles casos en que sexa necesario.
 - l) No intre no que o usuario ou usuarios non cumpran os deberes que se lles esixe, procederase á aplicación do réxime sancionador que se describe no Capítulo V deste Regulamento.
4. O usuario do servizo terá os seguintes dereitos:
- a) Dispor de condicións técnicas axeitadas para a normal evacuación das augas residuais, de acordo coas instalacións existentes.
 - b) Solicitar á entidade xestora as aclaracións, informacións e asesoramento necesarios sobre o servizo.
 - c) Recibir a liquidación dos importes pola vertedura e depuración de acordo coas tarifas vixentes.
 - d) Formular as reclamacións administrativas que considere convenientes, de acordo co procedemento establecido neste regulamento.
 - e) Esixir do Consorcio o correcto funcionamento ambiental dos sistemas de depuración.

CAPÍTULO III. EMPREGO DO SISTEMA DE SANEAMENTO

ARTIGO 11.-CONDICIÓN PREVIAS Á CONEXIÓN

1. Para a conexión dun usuario ao sistema público de saneamento é necesario que a rede se atope en servizo, e que a vertedura do usuario cumpra as condicións establecidas neste Regulamento.

2. De conformidade co Real decreto 509/1996, do 15 de marzo, de desenvolvemento do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas, as verteduras de augas residuais non domésticas nos sistemas de saneamento ou nos sistemas de depuración serán obxecto do tratamento previo que sexa necesario para:

- a) Garantir que as verteduras das instalacións de tratamento non teñan efectos nocivos sobre o ambiente e non impidan que as augas receptoras cumpran os obxectivos de calidade da normativa vixente.
- b) Protexer a saúde do persoal que traballe nos sistemas de saneamento e depuración.
- c) Garantir que as instalacións dos sistemas de saneamento e depuración e os equipamentos correspondentes non se deteriores.

- d) Garantir que non se obstaculice o funcionamento das instalacións de tratamento de augas residuais.
- e) Garantir que os lodos poidan evacuarse con completa seguridade de xeito aceptable desde a perspectiva ambiental. En ningún caso se autorizará a súa evacuación aos sumidoiros ou ao colector.

ARTIGO 12.-REQUISITOS E CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS BÁSICAS DA ACOMETIDA AO SISTEMA

1. O Consorcio establecerá os requisitos e características físicas das acometidas ao sistema, respectando o seguinte contido e características mínimas:

- a) Plano de situación a escala 1:2.000 e plano da rede de desaugue do interior do edificio en planta e alzado, a escalas respectivas 1:100 e 1:50, detallando expresamente os sifóns xerais e a ventilación aérea.
- b) Descrición das disposicións e dimensións axeitadas para un correcto desaugue, especificando o material, diámetro e pendente lonxitudinal.
- c) Instalación dun sifón xeral en cada edificio para evitar o paso de gases. Entre a acometida da condución e o sifón xeral do edificio disporase dunha tubaxe de ventilación, sen sifón nin peche, á que se poderán conducir as augas pluviais sempre que, respectando a ventilación, os puntos laterais de recollida estean axeitadamente protexidos por sifóns ou reixas antimúridos.
- d) Toda instalación que verta augas residuais non domésticas deberá localizar, antes da conexión ao sistema e en todas e cada unha das conexións que posúa, unha arqueta ou pozo de rexistro coas características descritas no correspondente permiso de vertedura, se é posible fóra do recinto fabril, e en todo caso libre de calquera obstáculo e accesible en todo momento aos servizos técnicos competentes para a obtención de mostras e medición de caudais.
- e) Cando o permiso de vertedura así o estableza, deberá dispoñerse dun elemento de medida cun rexistro totalizador e instantáneo para a determinación exacta do caudal do efluente vertido. Cando os volumes de auga consumida e os volumes de auga vertida sexan aproximadamente os mesmos, a medición da lectura do caudal de auga de abastecemento poderá utilizarse como medida do caudal vertido sempre que o sistema de medida de auga consumida permita obter caudais instantáneos.
- f) As conexións á rede de colectores xerais ou en alta efectuaranse nas arquetas ou pozos existentes e dispoñibles ao efecto, e nunca directamente a colector.
- g) En xeral, evítaranse as conexións directas a colectores interceptores. En caso de que tecnicamente non exista outra opción, o Consorcio poderá restrinxir o caudal de entrada coa obriga de instalar regulacións previas.
- h) Aquelas conexións que impliquen o cruzamento de canles fluviais deberán contar con autorización preceptiva do organismo de conca correspondente.

2. Os establecementos non domésticos deberán unificar as verteduras xeradas nos distintos procesos produtivos minimizando na medida do posible, sempre que sexa tecnicamente e economicamente viable, o número de puntos de conexión a colectores. No caso das augas pluviais, deberán aplicarse as oportunas técnicas de drenaxe urbana sustentable, de acordo coas Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas en Galicia, aprobadas por Augas de Galicia.

3. Os usuarios domésticos ou asimilados a domésticos, públicos ou privados, tamén velarán polo cumprimento do contido do punto anterior, coas excepcións igualmente antes establecidas, debidamente xustificadas e motivadas.

4. As obras de conexión ao sistema público de saneamento estarán suxeitas ás prescricións da normativa urbanística que resulte aplicable, ás Instrucións Técnicas para Obras Hidráulicas de Galicia e o Código Técnico da Edificación. Cando a execución da conexión sexa realizada polo propio usuario, este deberá presentar ante o Consorcio un documento asinado por un técnico competente que certifique, á finalización dos traballos de execución, modificación ou acondicionamento técnico, que se ten dado

cumprimento ás especificacións contidas na autorización de conexión e na normativa á que fai referencia a autorización de conexión.

5. Todos os gastos derivados das actuacións de conexión ao sistema, así como os da súa conservación e mantemento, serán por conta da persoa usuaria, que é a responsable do seu mantemento, sen prexuízo do contemplado no resto do presente regulamento.

6. Os criterios, metodoloxía, materiais, tipo de acometida e a súa execución deberán contar previamente coa autorización do Consorcio ou da Entidade Xestora da instalación receptora da vertedura.

7. As persoas usuarias non suxeitas á obriga de conexión ás redes de sumidoiros, segundo o contemplado no artigo 8.5 do presente regulamento, deberán dispoñer dun sistema propio de tratamento das augas residuais e, de ser o caso, da correspondente autorización de vertedura outorgada polo organismo de conca competente en razón do territorio.

8. Cando o nivel de desague particular non permita a condución á rede de sumidoiros por gravidade, a elevación deberá ser realizada polo propietario do terreo. Neste caso as instalacións interiores de desague deberán ser completamente estancas á presión de 1 kg/cm². O titular da instalación responsabilizarase de todos os danos e prexuízos que puideran ocasionarse por posibles inundacións.

9. A limpeza e reparación dos desaugues particulares levarase a cabo polos seus propietarios, trala obtención da licenza municipal.

ARTIGO 13.-CONDICIÓN PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE VERTEDEURA AO SISTEMA PÚBLICO DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN

1. Os usuarios definidos segundo o artigo 8.1 do presente regulamento deberán respectar as prohibicións e limitacións establecidas nos Anexos I e II respectivamente, coas especificacións indicadas no punto seguinte.

2. O permiso de vertedura outorgarase a cada usuario en función das características específicas do seu sector de actividade, da súa compatibilidade co tratamento da depuradora de augas residuais urbanas, da perigosidade do seu efluente e dos caudais de vertedura xerados, o que pode supor a diminución dos valores límite dos parámetros do Anexo II ou a limitacións de caudal respecto de parámetros específicos en función da capacidade do sistema, e así:

- a) A calquera actividade ou instalación, incluída ou non no Catálogo de actividades potencialmente contaminantes das augas, poderáselle fixar valores límite diferentes aos establecidos con carácter xeral no Anexo II, para aquelas verteduras de augas, cuxas circunstancias particulares debidamente xustificadas, así o aconsellaran.
- b) En casos particulares, poderánselle impoñer limitacións máis estritas en aplicación da normativa vixente en materia de avaliación de impacto ambiental, polo seu contido en substancias perigosas incluídas no Anexo I (C- Normas de Calidade Ambiental para substancias perigosas e outros contaminantes e Normas de Calidade Ambiental para substancias preferentes).

ARTIGO 14.-PROHIBICIÓNS E LIMITACIÓNS

1. Están prohibidas:

- a) As verteduras ao sistema de saneamento das substancias relacionadas no Anexo I deste Regulamento.
- b) A dilución para acadar os niveis de emisión que permitan a súa vertedura ao sistema, excepto nos supostos de emerxencia ou de perigo inminente. Nestes supostos deberase realizar a comunicación inmediata destas circunstancias ao Consorcio, o cal deberá adoptar as medidas que en cada caso foran pertinentes.
- c) A vertedura de augas pluviais ao sistema cando se poida adoptar unha solución técnica alternativa.

d) A vertedura de augas brancas ao sistema.

2. As verteduras que conteñan substancias das relacionadas no anexo II deste regulamento deberán respectar as limitacións que se especifiquen no contido do permiso de vertedura ou outras para substancias non especificadas no dito anexo que o Consorcio considere, co fin de protexer os sistemas de saneamento e depuración ou o medio ao que verte. Naqueles parámetros do anexo II para os cales non se especifiquen limitacións no contido do permiso de vertedura, as limitacións serán as especificadas no dito anexo. Non se admitirá a dilución para acadar os ditos límites e o incumprimento desta prohibición será sancionado de conformidade co réxime establecido no artigo 85.b) da Lei 9/2010, de augas de Galicia.

3. Logo de consulta de Augas de Galicia, o Consorcio poderá adoptar limitacións diferentes das establecidas no punto anterior cando, en aplicación das mellores técnicas dispoñibles, se consiga para unha mesma carga contaminante vertida ao sistema unha diminución do caudal de vertedura indicado no permiso correspondente mediante o emprego de sistemas de aforro de auga por parte da persoa titular do permiso.

4. O Consorcio poderá requirir ou realizar cantas analíticas sexan necesarias para xustificar que se cumpren as limitacións contidas neste regulamento ou ben no permiso de vertedura.

ARTIGO 15.-SOLICITUDE DO PERMISO DE VERTEDURA

1. Antes de efectuar ningunha vertedura de augas residuais ao sistema, os titulares das actividades indicadas no artigo 8.1 deben solicitar do Consorcio o correspondente permiso de vertedura, e a estes efectos, aportarán a documentación, asinada por técnico competente, que se indica no Anexo III deste Regulamento.

2. Naqueles casos nos que sexa necesario un tratamento ou depuración previos á conexión coa rede de saneamento, será necesario un informe técnico emitido por, a criterio do Consorcio, un Organismo de Control Autorizado, unha Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica, ou unha das entidades colaboradoras da Administración hidráulica de Galicia reguladas no Decreto 162/2010, que inclúa medicións e análises realizadas, e demais aspectos que certifiquen que a actividade cumpre coas condicións de funcionamento e impacto ambiental que tiveran sido establecidas, como:

- a) Que as estimacións efectuadas dos parámetros de vertedura á rede son válidas.
- b) Que as instalacións de tratamento e depuración están realizadas e son axeitadas.

No caso de que a instalación estea en funcionamento e dispoña de medicións reais realizadas por un Organismo de Control Autorizado, dunha Entidade Colaboradora da Administración Hidráulica, ou dunha das entidades colaboradoras da Administración hidráulica de Galicia reguladas no Decreto 162/2010, será suficiente con presentar esta documentación.

ARTIGO 16.-PERMISO DE VERTEDURA

1. Entenderase por permiso de vertedura aquela autorización do Consorcio que ten por finalidade autorizar a evacuación das augas residuais por medio da rede de sumidoiros, logo da comprobación por este de que a composición e características das augas residuais se manteñen dentro dos límites establecidos.

No caso de que a evacuación das augas residuais sexa ao dominio público hidráulico ou ao marítimo terrestre, a autorización da vertedura corresponderá ao organismo correspondente.

2. O permiso de vertedura ao sistema público de saneamento outórgase polo Consorcio aos usuarios indicados no artigo 8.1 deste regulamento.

3. A entidade xestora do sistema de depuración, no caso de ser distinta á que xestiona o sistema de saneamento, deberá emitir informe con carácter previo e preceptivo sobre as solicitudes de permiso de vertedura que esta reciba, e particularmente sobre os caudais e concentracións máximos instantáneos, e a súa duración e os medios diarios admisibles da vertedura para a cal se solicita o permiso, co fin de asegurar que os caudais sexan asumibles hidraulicamente polo sistema e que as concentracións non

alteren as características de deseño das instalacións de depuración ou os obxectivos de calidade do medio receptor ao que se verte. Se o informe non é emitido no prazo de dous meses, entenderase que ten carácter favorable.

4. O Consorcio poderá modificar as condicións do permiso de vertedura cando as circunstancias que motivaron o seu outorgamento foran alteradas ou sobreviñeran outras que, de ter existido con anterioridade, terían xustificada a súa denegación ou o outorgamento en termos distintos, podendo ser o seu caso decretar a suspensión temporal ata que se superen ditas circunstancias.

Neste suposto, o usuario será informado con suficiente antelación das posibles modificacións e disporá do tempo axeitado para se adaptar ao seu cumprimento.

5. O outorgamento do devandito permiso faculta aos mencionados usuarios para realizar verteduras de augas residuais ao sistema público de saneamento, nas condicións que nel se establezan.

6. O prazo máximo para ditar resolución será de SEIS MESES desde que reciba a solicitude de permiso o órgano competente para resolver. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución, a solicitude entenderase denegada.

En caso de que, para o outorgamento do permiso, sexa necesaria a execución previa de obras a cargo solicitante, e o seu prazo de execución impida o outorgamento do permiso de vertedura, o prazo de vixencia da solicitude poderá ser prorrogado mediante resolución do Consorcio.

ARTIGO 17.-PROCEDEMENTO PARA A OBTENCIÓN DO PERMISO DE VERTEDURA

1. O procedemento para a obtención do permiso de vertedura, no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC), ou, no seu caso, na normativa de execución que aprobe a Comunidade Autónoma de Galicia, será o establecido nas mencionadas normas.

2. No caso de que as actividades non se atopen afectadas polo punto primeiro, serán de aplicación as normas do procedemento administrativo común.

3. En ningún caso é posible a obtención do permiso de vertedura por silencio administrativo, que será desestimatorio.

4. O titular e promotor que desexe realizar unha conexión á rede de colectores en alta deberá comunicar oficialmente e por escrito a súa intención ao Consorcio, para o cal presentara unha declaración preliminar de conexión segundo o modelo 1.0 do anexo IX deste regulamento.

Unha vez examinada e avaliada a documentación aportada polo solicitante na súa declaración preliminar, o Consorcio emitirá unha resolución preliminar de conexión na cal:

- a) Ditaminarase a viabilidade técnica da conexión segundo as características de deseño da rede
- b) Subministraranse os datos básicos necesarios para proxectar a conexión; punto de conexión, cotas, planos requiridos, etc.
- c) Ditaminarase a necesidade de redactar a correspondente memoria técnica ou, no seu caso, o correspondente proxecto técnico
- d) Aportaranse os condicionantes técnicos a ter en conta na redacción da Memoria/ Proxecto; necesidade de medición de caudal, toma de mostras, análises en continuo, etc.

No caso de que o Consorcio resolva negativamente, o solicitante deberá solicitar novamente a conexión, se o estima oportuno, atendendo ás indicacións do Consorcio.

No caso de que o Consorcio resolva afirmativamente, o solicitante deberá presentar unha solicitude formal de conexión de acordo aos modelos incluídos no Anexo IX, e de acordo co estipulado no punto seguinte.

5. O titular e promotor que desexe realizar unha conexión á rede de saneamento deberá comunicar oficialmente e por escrito a súa intención ao Consorcio, para o cal presentara unha solicitude de autorización de conexión segundo o modelo 1.1 do anexo IX deste regulamento, que remitirá ao resto

de modelos que correspondan, segundo se define na seguinte táboa, en función do tipo de conexión que solicite:

TIPO CONEXIÓN	MODELOS DE FORMULARIOS A PRESENTAR										
	1.1	1.2	1.3	1.4	1.5	1.6	1.7	1.8	1.9	1.10	1.11
TIPO 1	X										
TIPO 2	X			X	X						
TIPO 3	X		X	X	X						
TIPO 4	X	X		X							
TIPO 5	X	X	X	X	X	X					
TIPO 6								X	X	X	X
TIPO 7	X			X			X				
TIPO 8	X		X	X	X	X	X				
TIPO 9								X	X	X	X

Onde os tipos de conexión se corresponden cos seguintes:

- Tipo 1: Usuario particular con vertedura doméstica (segundo art. 8.4)
- Tipo 2: Usuario con vertedura doméstica ou asimilable
- Tipo 3: Usuario con vertedura non doméstica
- Tipo 4: Entidades Locais ou Administracións Públicas con verteduras asimilables a domésticas
- Tipo 5: O tipo 4 con verteduras non domésticas
- Tipo 6: O tipo 4 con verteduras non canalizadas (segundo art. 26)
- Tipo 7: Comunidades de usuarios con vertedura doméstica
- Tipo 8: O tipo 7 con vertedura non doméstica
- Tipo 9: Usuario particular con vertedura non canalizada (segundo art. 26)

Os usuarios particulares titulares de fosas sépticas (conexión tipo 9), que desexen realizar baleirados das mesmas na EDAR de Guillarei, seguirán o procedemento relativo ás verteduras non canalizadas establecido no artigo 26 do presente regulamento.

6. De acordo cos datos aportados polo solicitante, o Consorcio resolverá no senso de:

- Prohibir totalmente a conexión cando as características da vertedura que se presenten non poidan ser corrixiadas polo oportuno tratamento.
- Autorizar a conexión, previa determinación dos tratamentos mínimos que deberán establecerse con anterioridade á vertedura á rede xeral, así coma os dispositivos de control, medida de caudal e mostraxe que deberá instalar a industria á súa costa.
- Autorizar a conexión sen máis limitacións que as contidas neste Regulamento.

7. En todo caso, a denegación da conexión será motivada e indicará necesariamente as razóns que a determinen, cuxa corrección producirá o seu outorgamento.

8. En caso de solicitude de novas acometidas, a obtención previa do permiso de vertedura presentárase xunto á solicitude de acometida á rede de saneamento do Consorcio.

ARTIGO 18.-CONTIDO DO PERMISO DE VERTEDURA

1. A resolución de outorgamento do permiso de vertedura ao sistema público de saneamento que dite o Consorcio incluírá, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Os datos de identificación do titular da actividade e do inmovible, planta, instalación ou local onde se xera a vertedura.
- b) Cualificación do usuario e tipoloxía de augas residuais.
- c) Identificación e localización do punto de vertedura, mediante coordenadas UTM do punto de conexión coa rede do Consorcio.
- d) Orixe e características dos efluentes de augas autorizados.
- e) Os límites máximos admisibles das características cualitativas da vertedura, tanto en concentracións máximas instantáneas como en concentracións medias diarias máximas.
- f) Os límites cuantitativos do volume de vertedura, indicando o caudal medio diario, o máximo caudal instantáneo e a súa duración, o volume máximo diario e o volume anual máximo, en metros cúbicos por hora, día e ano.
- g) A obriga de instalar unha arqueta ou pozo de rexistro coas características que se definen no presente regulamento ou ben especificamente na autorización de conexión, facilmente accesible e identificable, que permita as tarefas de inspección e control recollidas na resolución de permiso de vertedura.
- h) Con carácter xeral, agás por razóns xustificadas debidamente motivadas, os permisos de vertedura outorgaranse, aos usuarios clasificados segundo o artigo 8.1, por un período máximo de oito anos, renovables por idénticos períodos, por consentimento expreso e por escrito, da entidade xestora dos sistemas públicos de saneamento. Nos supostos do artigo 17.1, a vixencia do permiso someterase ao prazo da autorización ambiental integrada.
- i) A obriga de autocontrol dos parámetros característicos das verteduras dos usuarios definidos no artigo 8.1 do presente regulamento efectuarase seguindo o establecido na seguinte táboa:

TIPO DE VERTEDURA ¹		CAUDAL DE VERTEDURA (M ³ /AÑO)	PERIODICIDADE DE CONTROL
CLASE	GRUPO		
1	3,4,6	>10.000	Trimestral
1	3,4,6	<10.000	Semestral
1	0,1,2,5,7	>10.000	Trimestral
1	0,1,2,5,7	<10.000	Anual
2	9,12,14	>10.000	Trimestral

TIPO DE VERTEDURA ¹		CAUDAL DE VERTEDURA (M ³ /AÑO)	PERIODICIDADE DE CONTROL
CLASE	GRUPO		
2	9,12,14	<10.000	Semestral
2	8,10,11,13	>10.000	Trimestral
2	8,10,11,13	<10.000	Anual
3	15,16,17	>10.000	Trimestral
3	15,16,17	<10.000	Semestral

Inclúese como Anexo VIII o detalle da clasificación dos diferentes sectores industriais por clase e grupo, tal como figura nas notas (***) do Anexo IV do Real Decreto 606/2003, do 23 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Dominio Público Hidráulico, que desenvolve os títulos Preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei de Augas.

- j) A obriga de remitir ao Consorcio, coas periodicidades indicadas no apartado anterior, as analíticas das verteduras que se realizan á rede de saneamento.
- k) Prazo para adaptarse aos límites de vertedura especificados no propio permiso.
- l) Prazo de duración do permiso.

m) Co permiso de vertedura subministrarase, ó titular da actividade, un exemplar dun libro de rexistro de visitas numerado, que deberá ser custodiado polo titular e que será posto a disposición do persoal inspector competente, cando así sexa solicitado.

2. O permiso de vertedura ao sistema poderá, ademais, establecer limitacións, condicións e garantías en relación a:

- a) Horario de vertedura.
- b) Definición das instalacións de tratamento previo da vertedura que resulten necesarias para acadar as condicións impostas, e prazo de execución delas.
- c) Poderanse establecer excepcións temporais dos requirimentos do anexo II, sempre que se aprobe un programa que garanta o seu cumprimento nun prazo determinado desde a notificación da resolución. Tamén se poderán establecer excepcións motivadas pola baixa saturación do sistema, tendentes a aproveitar ao máximo as súas capacidades de depuración e, de ser o caso, delimitadas no tempo ou na carga.
- d) Realización de autocontrois por parte do titular do permiso, nos supostos de verteduras que comporten un risco elevado de impacto sobre o sistema de saneamento. O Consorcio definirá, en cada caso particular, as verteduras que supoñan un risco elevado, en función do caudal de vertedura e das súas cargas contaminantes.
- e) As demais que estableza o Consorcio.

3. En ningún caso o outorgamento do permiso de vertedura pode comprometer a consecución dos obxectivos de calidade do medio receptor do efluente depurado do sistema de saneamento e depuración.

4. O contido e as prescricións do permiso de vertedura que se outorgue a unha actividade incluída no ámbito da Lei 16/2002 de IPPC, integraranse na resolución que poña fin ao procedemento sinalado na devandita Lei.

5. A inspección, vixilancia e control do cumprimento das condicións do permiso de vertedura corresponde ao Consorcio como Entidade xestora do sistema, sen prexuízo da intervención de Augas de Galicia.

ARTIGO 19.-REVISIÓN DO PERMISO DE VERTEDURA.

1. Sen prexuízo do disposto na Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, o permiso de vertedura ao sistema de saneamento deberá revisarse, logo de audiencia do interesado, cando se produza algún cambio significativo na composición ou no volume da vertedura, cando se alteren substancialmente as circunstancias que motivaron o seu outorgamento, ou cando sobreveñan outras circunstancias que, de existiren anteriormente, terían xustificado a súa denegación ou o seu outorgamento en termos diferentes.

2. En todo caso, procederase á revisión do permiso:

- a) Cando a carga contaminante vertida por unha actividade resulte significativa en relación co total tratado polo sistema e poida dificultar a súa depuración nas condicións adecuadas.
- b) Cando o efecto aditivo de verteduras das mesmas características poida dificultar o tratamento do sistema nas devanditas condicións axeitadas.

3. No caso de que a revisión comporte a modificación das condicións da vertedura ao sistema, a entidade xestora poderá conceder á persoa titular do permiso un prazo de adaptación que non excederá UN ANO contado desde a aprobación da revisión.

4. En ningún caso, a revisión do permiso de vertedura comporta para o seu titular dereito a indemnización algunha.

5. Se a persoa titular do permiso non realizase as modificacións no prazo que para o efecto lle indique a entidade xestora, esta poderá declarar a caducidade do permiso de vertedura sen prexuízo da imposición das sancións oportunas.

ARTIGO 20.-REVOGACIÓN DO PERMISO DE VERTEDURA

1. O permiso de vertedura ao sistema de saneamento e depuración poderá ser revogado, logo de audiencia do seu titular, nos seguintes supostos:

- a) Como consecuencia da revogación da autorización ou licenza que permita o desenvolvemento da actividade que causa a vertedura.
- b) Por incumprimento dos requirimentos efectuados para adecuar a vertedura ás condicións establecidas no permiso.
- c) Como consecuencia dunha sanción que leve implícita a perda do permiso.
- d) A non aceptación ou incumprimento das modificacións do permiso de vertedura impostas como consecuencia da súa revisión.

ARTIGO 21.-TRATAMENTO OU DEPURACIÓN PREVIOS Á CONEXIÓN

As augas residuais que non cumpran as limitacións que, para a súa vertedura indirecta na rede de saneamento en alta se establecen no presente Regulamento, haberán de ser obxecto do correspondente tratamento previo polo usuario, de sorte que sexa posible a súa evacuación á rede de sumidoiros do Consorcio, se é o caso.

As instalacións necesarias para o tratamento previo destas augas residuais formarán parte da rede de sumidoiros privada, e definiranse suficientemente na solicitude do permiso de vertedura, tal como se cita no artigo 15.2, á que se acompañará o proxecto correspondente e os estudos e cálculos xustificativos da súa eficacia.

Cando excepcionalmente varios usuarios se uniran para efectuar conxuntamente o tratamento previo das súas verteduras, deberán obter un permiso de vertedura para o efluente final conxunto, con declaración de todos os usuarios que o compoñan. A responsabilidade do cumprimento das condicións de vertedura será da comunidade de usuarios e solidariamente de cada un deles.

En calquera caso, o permiso de vertedura quedará condicionado á eficacia do tratamento previo, de tal sorte que se el mesmo non producise os resultados previstos, quedará sen efecto dito permiso e prohibida a vertedura de augas residuais á rede de sumidoiros do Consorcio.

ARTIGO 22.-DISPENSA DO PERMISO DE VERTEDURA

Se non fora posible que as augas residuais producidas se manteñan dentro dos límites fixados no presente Regulamento para a vertedura na rede de sumidoiros do Consorcio, nin aínda mediante os axeitados tratamentos previos, o interesado haberá de desistir na actividade que as producen ou adoptar as previsións necesarias, mediante a realización das obras ou instalacións precisas, para que as augas residuais non admisibles na rede de sumidoiros do Consorcio ou planta depuradora, se almacenen e evacúen mediante outros medios a outro tipo de planta especial ou depósito de seguridade, que garantan un axeitado destino final, axustado á normativa vixente.

ARTIGO 23.-CADUCIDADE DO PERMISO DE VERTEDURA

1. O Consorcio poderá declarar a caducidade do permiso de vertedura nos seguintes casos:

- a) Cando cesara nas verteduras por un tempo superior a un ano.
- b) Cando caducara, anulara ou se revocara a licenza municipal para o exercicio da actividade comercial ou industrial que xeraba as augas residuais.

ARTIGO 24.-OBRIGAS DO TITULAR DO PERMISO DE VERTEDURA

1. O titular do permiso de vertedura debe cumprir as obrigas seguintes:

- a) As recollidas expresamente na autorización de vertedura outorgada polo Consorcio.
- b) Comunicar de xeito inmediato ao Consorcio, ou no seu caso á compañía explotadora do sistema, calquera avaría do proceso produtivo ou das súas instalacións de tratamento previo que poida

afectar negativamente á calidade da vertedura ao sistema, así como calquera modificación nos procesos que inflúa na dita calidade.

- c) Comunicar ao Consorcio calquera circunstancia futura que implique unha variación das características cualitativas e/ou cuantitativas da vertedura, para os efectos de proceder, de ser o caso, á revisión do permiso.
- d) Adaptar a súa actividade e as súas instalacións ás medidas e actuacións que resulten do plan de emerxencia e seguridade do sistema, unha vez sexa aprobado polo Consorcio, así como as súas normas de mantemento, reposición e explotación das instalacións.

2. Cando se produza unha descarga ao sistema debida a caso fortuíto, o titular do permiso de vertedura está obrigado a:

- a) Comunicar a descarga ao Consorcio, ou no seu caso á compañía explotadora do sistema, especificando a identificación e localización da actividade, hora e causa da descarga, caudal e materias vertidas, e as medidas adoptadas.
- b) Adoptar as medidas necesarias para minimizar os efectos negativos e os danos que poidan ocasionarse ao sistema.

ARTIGO 25.-CENSO DE VERTEDURAS AO SISTEMA

1. O Consorcio levará un censo informatizado de verteduras ao sistema no cal inscribirá as verteduras sometidas a permiso, e no cal deberán constar, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Nome, enderezo, CNAE e NIF do titular do permiso.
- b) Datos básicos do caudal de auga de abastecemento e de vertedura.
- c) Condicións básicas do permiso, incluíndo a localización con coordenadas UTM e o acceso ao punto de vertedura.
- d) Situación administrativa do permiso.
- e) Informe analítico (efectuado cunha periodicidade mínima anual) das características da vertedura conectada.
- f) Relación e características de verteduras non canalizadas de acordo ao disposto no artigo seguinte.

2. O censo de verteduras dos sistemas públicos de saneamento estará á disposición da Administración hidráulica de Galicia e, de ser o caso, da do Estado, para a súa utilización de acordo coa normativa vixente. A cesión de datos e notificación previa entre as administracións públicas non require autorización previa dos titulares nin notificación a eles.

3. Tomando como base o mencionado censo, así como os resultados das comprobacións efectuadas na rede, o Consorcio cuantificará periodicamente as diversas clases de verteduras, a fin de actualizar as limitacións das descargas e as conseguíntes autorizacións, así como tamén dispor as actuacións preventivas, reparadoras e/ou correctoras que sexan necesarias.

ARTIGO 26.-VERTEDURAS NON CANALIZADAS

1. Enténdese por verteduras non canalizadas aquelas que chegan ás estacións depuradoras de augas residuais a través de medios de transporte que non son nin tubaxes nin canles.

2. Para efectuar verteduras ás instalacións de saneamento mediante sistemas non canalizados, será necesario que, sen prexuízo dos permisos ou autorizacións esixíbles de conformidade coa lexislación aplicable en materia de residuos, a vertedura se realice nos puntos habilitados para iso dentro do recinto da EDAR de Guillarei e que quen produza a vertedura obteña un permiso especial outorgado polo Consorcio, quedando terminantemente prohibido a vertedura á rede de saneamento e pozos de bombeo.

3. Este tipo de verteduras deberán respectar as prohibicións e limitacións establecidas nos anexos I e II deste regulamento.

4. Exceptúanse das obrigas do punto anterior as verteduras procedentes de fosas sépticas ou das limpeza dos sistemas públicos de saneamento, no referente aos parámetros DQO, DBO, MES, sulfuros, aceites e graxas e as diferentes formas de nitróxeno e fósforo recollidas no anexo II deste regulamento, así como as verteduras deste tipo ás cales poida resultar de aplicación o disposto no artigo 18.2.c) deste regulamento.

5. Para poder efectuar o baleirado de afluentes líquidos de carácter excepcional ou ben o baleirado de lamas procedentes doutros procesos de depuración na EDAR de Guillarei, será de aplicación o contido no procedemento de xestión da explotación de estacións de augas residuais específico para a xestión de baleirados aprobado por Augas de Galicia (PR-EXP/11).

6. Os titulares de fosas sépticas que desexen realizar o seu baleirado na EDAR de Guillarei deberán presentar unha solicitude ante o Consorcio, segundo o modelo 1.8 do anexo X do presente regulamento, e cumprir os seguintes requisitos:

- a) A vivenda ou establecemento non poderá dispoñer do servizo da rede de sumidoiros nin deberá ser obrigatoria a súa recepción de acordo coas condicións establecida no presente regulamento. A estes efectos, cando sexa requirido polo Consorcio, o solicitante deberá presentar debidamente cumprimentado o correspondente certificado municipal, segundo o modelo 1.9 do anexo X do presente regulamento.
- b) As augas vertidas á fosa séptica deberán ser de natureza doméstica.
- c) O volume baleirado nun ano natural en ningún caso deberá ser superior á base imponible da taxa de depuración nese mesmo período, determinado segundo a ordenanza fiscal vixente.
- d) No caso de que a solicitude indicada anteriormente reúna os requisitos para a súa aceptación, o Consorcio ditará unha resolución autorizando a realización de baleirados na cal, entre outros aspectos, se establecerá a data de inicio da vixencia da autorización e as condicións en que se debe realizar o dito baleirado. Esta autorización será tamén comunicada ao explotador da depuradora.

Esta autorización terá efectos desde o primeiro día natural do segundo mes seguinte á notificación da resolución e permanecerá vixente durante doce meses. Esta autorización prorrogarase por períodos de DOCE MESES sempre que se manteñan as condicións para a súa concesión, agás que o titular da fosa solicite a renuncia a tal dereito antes da finalización do décimo mes.

- e) Durante o período en que estea vixente a autorización, o titular da fosa séptica estará obrigado ao pagamento da taxa de depuración que será liquidado directamente polo Consorcio ao finalizar cada período de 12 meses.
- f) A base imponible da taxa de depuración virá constituída polo volume real ou potencial de auga utilizado ou consumido durante o período de vixencia da autorización, expresado en metros cúbicos, e será determinado de acordo co establecido no artigo 67 do regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais.
- g) No momento de realizar o baleirado deberase cubrir o modelo 1.10 do anexo X do presente regulamento, onde se debe identificar o titular da fosa, o enderezo da vivenda ou establecemento e o volume vertido. Este modelo deberá ser asinado polo explotador, polo titular da fosa e polo transportista.

O explotador da depuradora comunicará trimestralmente ao Consorcio os baleirados realizados, mediante o modelo 1.11 do anexo X do presente regulamento, onde se fará constar o nome ou razón social do suxeito pasivo, o enderezo da vivenda ou establecemento e o volume baleirado.

7. En todo caso, a incorporación das verteduras aportadas mediante instalacións non canalizadas pautarase de acordo coas indicacións ao respecto do responsable da estación depuradora, coa finalidade de evitar calquera alteración do proceso.

8. En ningún caso se poderán engadir estas verteduras non canalizadas en estacións depuradoras que estean próximas ao límite ou saturadas en canto á carga contaminante que se vai tratar, ou en instalacións depuradoras nas que soamente conste de pretratamentos ou tratamentos primarios.

9. Todas as verteduras non canalizadas deberán figurar nun rexistro a cargo do Consorcio, ou no seu caso, da compañía explotadora do sistema, no que constarán, polo menos, a identidade de quen produce a vertedura, a identificación da autorización en materia de residuos correspondente, o volume descargado e a súa procedencia.

ARTIGO 27. NORMAS DE MANTEMENTO, REPOSICIÓN E EXPLOTACIÓN DAS INSTALACIÓNS

1. O explotador do servizo velará polo correcto funcionamento e estado de conservación do sistema público de saneamento e, de ser o caso, de depuración.

2. Para estes efectos, o explotador elaborará e executará os plans de mantemento de equipos, instalacións electromecánicas e obra civil e conducións, de conformidade co establecido no anexo IV deste regulamento.

3. En canto ás redes de sumidoiros e de colectores, e sen prexuízo das accións que permitan o seu correcto funcionamento, o explotador velará polo seu adecuado estado de limpeza e identificará as conexións existentes, os puntos de risco de incidencias no medio e as eventuais rupturas, fugas ou intrusionas de augas brancas.

4. En canto ás estacións depuradoras de augas residuais, o explotador do servizo xestionará a liña de auga e os lodos, en cumprimento da normativa aplicable en materia de augas, costas, verteduras, residuos e xestión de lodos de depuradora, de xeito que se asegure o rendemento adecuado da instalación, que non se obstaculice o seu bo funcionamento pola acumulación de lodos na liña de proceso, non se causen afeccións prexudiciais para o contorno e se asegure a evacuación dos lodos de acordo coa normativa vixente na materia.

5. O funcionamento e a xestión das estacións de bombeo nas redes de saneamento deberá adecuarse ao deseño das estacións depuradoras de augas residuais tanto na capacidade de bombeo como no horario de funcionamento. Para estes efectos, o explotador do sistema de saneamento someterá á entidade xestora do sistema de depuración as solucións adecuadas para acadar este obxectivo, tendo en consideración as eventuais afeccións por desaugamento no dominio público hidráulico ou marítimo-terrestre.

6. Nos supostos de parada forzosa do sistema de depuración de augas residuais, sexa programada ou imprevista, o explotador deberá adoptar as medidas necesarias para minimizar as súas consecuencias, reducir o tempo de parada, realizar as reparacións no período de menor incidencia e asegurar o máximo grao de depuración posible.

7. Nos supostos de paradas programadas, o explotador deberá comunicalas á entidade xestora e ao organismo de conca cun mes de antelación, polo menos, xustificando a súa necesidade e, en todo caso, informará a Augas de Galicia sobre as medidas propostas para minimizar posibles afeccións ao medio receptor cando se trate de instalacións situadas no ámbito territorial previsto no artigo 6.1.a) da Lei 9/2010. Augas de Galicia, logo de audiencia da consellería competente en materia de pesca e marisqueo nos supostos en que a parada poida afectar estas materias, emitirá nese prazo informe preceptivo e vinculante acerca das medidas que cómpre adoptar para minimizar a afección ao medio receptor.

ARTIGO 28. PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

1. Na execución das tarefas de explotación, conservación e mantemento dos sistemas de saneamento e depuración de augas residuais darase cumprimento ao previsto na normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, adoptando as medidas de protección individuais e colectivas que resulten necesarias.

2. De conformidade co establecido na dita normativa, a entidade xestora deberá dispoñer da avaliación de riscos laborais do sistema e do correspondente plan de seguridade.

CAPÍTULO IV. SITUACIONES DE EMERXENCIA*ARTIGO 29. COMUNICACIÓN*

1. Cada persoa usuaria deberá tomar as medidas adecuadas para evitar as descargas accidentais de verteduras que poidan ser potencialmente perigosas para a saúde das persoas ou a seguridade das instalacións que compoñen o sistema público de saneamento e depuración, así como para o medio receptor.

2. Cando por accidente, fallo de funcionamento ou da explotación das instalacións da persoa usuaria se produza unha vertedura que estea prohibida e que sexa capaz de orixinar unha situación de emerxencia e perigo tanto para as persoas coma para o sistema de saneamento e depuración, o usuario deberá comunicar urxentemente a circunstancia producida á entidade xestora do sistema así como ao número de emerxencias 112, co obxecto de evitar ou reducir ao mínimo os danos que se poidan causar. A comunicación efectuarase utilizando o medio máis rápido.

ARTIGO 30. ADOPCIÓN DE MEDIDAS EN SITUACIONES DE EMERXENCIA

1. Unha vez producida a situación de emerxencia, a persoa usuaria utilizará todos os medios ao seu alcance para reducir ao máximo os efectos da descarga accidental.

2. A persoa usuaria deberá remitir á entidade xestora do sistema, no prazo máximo de corenta e oito horas, un informe detallado do accidente, no cal deberán figurar os seguintes datos: identificación da empresa, caudal e materias vertidas, causa do accidente, hora en que se produciu, medidas correctoras tomadas in situ, hora e forma en que se comunicou o suceso. Cada unha das entidades xestoras poderá solicitar do usuario os datos necesarios para a correcta valoración do accidente.

ARTIGO 31. VALORACIÓN DE DANOS

Os custos das operacións aos que dean lugar os accidentes que ocasionen situacións de emerxencia ou perigo, así como os de limpeza, remoción, reparación ou modificación do sistema de saneamento e depuración, deberán ser aboados pola persoa usuaria causante, con independencia doutras responsabilidades en que puideran incurrir.

Para a valoración dos danos terase en conta o establecido no artigo 48 deste regulamento.

O expediente de danos, así como a súa valoración, serán feitas polo Consorcio tanto nas redes locais como nas redes xerais e estacións depuradoras a el adscritas.

ARTIGO 32. ACCIDENTES MAIORES

Cando as situacións de emerxencia a que se fai referencia nos artigos anteriores poidan ser cualificadas de accidentes maiores a criterio da Axencia Galega de Emerxencias, ademais das normas establecidas no presente regulamento, serán de aplicación as disposicións normativas vixentes en Galicia en materia de protección civil e xestión de emerxencias.

CAPÍTULO IV. INSPECCIÓN E CONTROL*ARTIGO 33.-ARQUETA OU POZO DE CONTROL E MEDIDA*

1. Disporase dunha arqueta ou pozo de control para cada tipo de auga residual autorizada, e para cada conexión autorizada á rede de sumidoiros, que deberá reunir as características necesarias para poder obter mostras representativas das verteduras, e que estará situada nun lugar de acceso libre e directo para a súa inspección por parte do Consorcio, do Organismo de conca competente ou da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia.

2. Todas as actividades que vertan á rede en baixa de sumidoiros, disporán, cando sexa tecnicamente posible, dunha arqueta ou pozo de rexistro individual para a vertedura de augas residuais, que recolla todas aquelas que proveñan da actividade. Esta arqueta ou pozo de rexistro deberá situarse

preferentemente fóra da parcela ou na vía pública, augas abaixo da derradeira vertedura (de xeito que non se poidan alterar as características finais do efluente), nun lugar accesible dende o exterior para os servizos de inspección, libre de todo obstáculo e atoparse en axeitado estado de limpeza para a súa función.

Ademais, as augas residuais non domésticas disporán dunha arqueta de control e medida en base ó modelo achegado no anexo X do presente regulamento ou segundo o especificado na resolución do permiso de vertedura.

As súas dimensións e características deberán ser tales que permitan aos Servizos Técnicos do Consorcio, tanto a recollida de mostras, como a determinación do caudal de vertedura. O deseño deste rexistro deberá axustarse aos estándares ao uso e deberá permitir que a súa utilización sexa axeitada para o autocontrol propio e individual de cada vertedura, dispoñendo de espazo suficiente para a colocación dos equipos analizadores en liña que se utilicen para o control en continuo das verteduras. En todo caso, o deseño das mesmas deberá ser aprobado polo Consorcio.

3. Os equipos propios para a medida continua dos caudais de vertedura deberán permitir, polo menos, a medida e rexistro do caudal instantáneo e do caudal totalizado nun período determinado de tempo e sen posibilidade de posta a cero. No caso de que non exista, tomarase como dato do caudal o valor da auga consumida.

4. As actividades en funcionamento disporán de SEIS MESES para a instalación desta arqueta ou pozo de toma de mostras nas condicións establecidas neste Regulamento, contabilizado a partires da data de resolución da autorización de conexión. Este prazo aumentará a UN ANO para as actividades que precisen realizar obras para independizar redes de saneamento común a varias actividades, ou que precisen realizar obras para unificar as verteduras dunha soa actividade nunha única arqueta ou pozo.

5. Estas arquetas ou pozos de control deberán permitir tamén o precintado dos equipos de control en continuo. Neste caso será facultade do Consorcio o desprecintado dos equipos.

6. O Consorcio poderá esixir a instalación, na citada arqueta ou pozo, de sondas ou equipos automáticos de medición en continuo, así como a realización de controis en continuo naqueles puntos de vertedura, cando se advirtan afeccións negativas no entorno ou se presuma, razoadamente, que os resultados dos controis periódicos establecidos non garanten unha suficiente representatividade dos niveis de emisión reais.

Os equipos analizadores en liña que se empreguen para o control en continuo das verteduras, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Proporcionar resultados reproducibles e comparables.
- Dispor dun certificado oficial de homologación para a medida de concentración do contaminante que analicen, outorgado por algún dos Organismos oficialmente recoñecidos nos Estados membros da Unión Europea ou, cando haxa reciprocidade, en terceiros países.
- Estar calibrados e verificados segundo o disposto no punto seguinte.

7. Os equipos de medida instalados na arqueta de control e medida serán verificados in situ cada dous anos mediante o emprego dun equipo de medida de referencia e/ou mediante un procedemento de aforo. A verificación será realizada por unha entidade externa que dispoña dunha acreditación vixente, segundo a norma UNE-EN ISO 17020, para a realización de Inspeccións ambientais, e na cal figure, dentro do seu alcance, a medición de caudal de augas residuais.

No que atinxe aos equipos de medida en tubo pechado, no caso de detectarse desviacións importantes durante o proceso de verificación ou como máximo cada dez anos, realizarase unha calibración externa mediante unha entidade con acreditación UNE-EN ISO 17025.

O resto de instrumentación esixida no permiso de vertedura será calibrada mediante os procedementos e nas frecuencias requiridas polo fabricante.

8. En función dos parámetros de vertedura da industria, ou cando as condicións do desaugue o fagan aconsellable, en substitución da arqueta ou pozo de rexistro, o Consorcio poderá autorizar a construción

dunha arqueta conxunta sifónica-toma de mostras, debendo esta dar resposta ao deseño establecido pola propia concesionaria.

9. Os gastos da instalación de desaugue interior ata a arqueta ou pozo de rexistro incidirán no propietario. Se non existise a arqueta ou pozo de rexistro, os custos correrán a cargo do propietario, sen que este adquira sobre ela dereito algún, agás do de vertedura.

ARTIGO 34.-FUNCIÓN INSPECTORA

1. A función inspectora corresponde ao Consorcio, en tanto que Entidade xestora, respecto das instalacións ao seu cargo, e exercea:

- a) Directamente, a través dos seus propios órganos que teñan atribuídas as funcións inspectoras.
- b) Por medio de entidades colaboradoras contratadas ao efecto, e debidamente acreditadas.

2. A fin de poder realizar o seu cometido, en orde á conservación, medida, toma de mostras, exame de verteduras e cumprimento do establecido neste Regulamento, os servizos de inspección deberán de ter libre acceso aos locais onde se produzan as verteduras aos sumidoiros, nun tempo máximo de quince minutos contado entre a solicitude de acceso e a apertura das instalacións. Tamén poderá penetrar naquelas propiedades privadas sobre as que o Consorcio manteña algunha servidume de paso de augas.

3. O Consorcio, no uso das súas facultades, poderá efectuar tantas inspeccións como estime oportunas para verificar as condicións e características das verteduras á rede de sumidoiros, recollendo apoio externo ou do explotador do mantemento da rede para as labores técnicas ou materiais.

4. Corresponde a Augas de Galicia a alta inspección de todos os sistemas de saneamento e depuración de augas residuais no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, sen prexuízo do exercicio das competencias propias dos organismos de conca. En exercicio desa facultade, poderá levar a cabo cantos controis, ensaios e análises considere necesarios.

5. As funcións inspectoras que corresponden a Augas de Galicia poderán ser encomendadas ás entidades a que se refire o Decreto 162/2010, do 16 de setembro, polo que se regulan as entidades colaboradoras da Administración hidráulica de Galicia en materia de control de verteduras e calidade das augas. O auxilio destas entidades nas funcións de inspección limitarase ás actividades técnicas que non comporten o exercicio de autoridade.

6. As funcións de inspección que corresponden por competencia a Augas de Galicia e aos entes locais deberán coordinarse co obxecto de mellorar a eficiencia e o control dos sistemas de saneamento aos seus respectivos cargos.

ARTIGO 35.-OBXECTO E INICIO DA INSPECCIÓN

1. Poden ser obxecto de inspección as actividades ou instalacións cuxas verteduras poidan afectar o sistema de saneamento e depuración de augas residuais.

2. A actuación inspectora iníciase de oficio:

- a) Por iniciativa do órgano competente ou por orde superior.
- b) Por propia iniciativa do persoal inspector.
- c) En virtude de denuncia.
- d) A petición do interesado.
- e) De xeito previo ao outorgamento dunha autorización, licenza ou permiso.
- f) Segundo estea reflectido na autorización, licenza ou permiso, sendo a periodicidade a que alí se manifeste.

3. A inspección e vixilancia acadará ás instalacións das actividades que poidan afectar á calidade da vertedura e, en especial, ás arquetas ou pozos de rexistro, ás condicións de saneamento, aos procesos produtores de verteduras e ás plantas de tratamento previo ou depuración de augas.

ARTIGO 36.-DEREITOS DO PERSOAL INSPECTOR

1. No exercicio da súa función, o persoal inspector, debidamente acreditado pola entidade xestora correspondente, poderá:

- a) Acceder ás instalacións que xeren verteduras de augas residuais ou que poidan supoñer un risco de afección ás infraestruturas públicas, incluíndo o acceso á propiedade privada, sempre que non constitúa domicilio das persoas. Non será necesaria a notificación previa da inspección cando se efectúe en horas de actividade industrial.
- b) Efectuar notificacións e realizar requirimentos de información e documentación ou de actuacións concretas para a adecuación e mellora das verteduras de augas residuais.
- c) Proceder á toma de mostras de augas residuais e, no seu caso, de augas de proceso.
- d) Proceder á toma de fotografías ou outro tipo de imaxes gráficas, sen prexuízo do disposto na vixente normativa sobre segredo industrial.
- e) Levar a cabo calquera outra actuación tendente á pescuda da orixe das verteduras, o seu grao de contaminación e a súa afección sobre os sistemas de saneamento e depuración.

ARTIGO 37.-DEBERES DO PERSOAL INSPECTOR

1. O persoal inspector está obrigado, durante o desenvolvemento das súas funcións, a:

- a) Identificarse como tal e acreditar a súa condición de persoal inspector, mediante a documentación expedida pola entidade competente para a función inspectora.
- b) Observar o respecto e consideración debidos ás persoas interesadas.
- c) Informar ás persoas interesadas, cando así sexan requiridas, dos seus dereitos e deberes en relación cos feitos obxecto da inspección, así como das normas que deben cumprir os titulares das verteduras.
- d) Obter toda a información necesaria respecto dos feitos obxecto de inspección e dos seus responsables, accedendo, si é necesario, aos rexistros públicos existentes.
- e) Gardar sixilo profesional e observar segredo respecto dos asuntos que coñeza, por razón do seu cargo e actividade pública.

ARTIGO 38.-OBRIGAS DOS RESPONSABLES INSPECCIONADOS

1. Os titulares das actividades deberán facilitar a práctica da inspección, e a tal fin, estarán obrigados ás seguintes actuacións:

- a) Facilitar o acceso do persoal inspector ás distintas instalacións relacionadas coa vertedura, sen necesidade de comunicación previa, cando se efectúe en horas de actividade industrial.
- b) Facilitar a montaxe do equipo ou instrumentos de control que se precisen, para realizar as medidas determinantes, ensaios e comprobacións necesarias.
- c) Permitir o emprego de cantos instrumentos empregue o Consorcio coa finalidade de autocontrol, especialmente aqueles destinados á medida de caudais, toma de mostras e análises correspondentes.
- d) Pór a disposición do persoal inspector os datos, partes de traballo, análises, libro de rexistro e canta información requiran en relación coa inspección.

2. Os mesmos titulares deberán remitir ao Consorcio un informe periódico, no que se sinale a definición de carga contaminante que verten, e incluírán os caudais de vertedura, a concentración de contaminantes e demais elementos necesarios para a súa definición.

A periodicidade do informe será establecida en cada caso pola presidencia do Consorcio ou polo persoal técnico do Consorcio en quen delegue, en atención aos resultados das inspeccións practicadas polo Consorcio e dos niveis de carga contaminante que se comproben, así como do caudal de vertedura. Esta obriga quedará rexistrada no permiso de vertedura en vigor e incorporarase como condicionado ó realizar a seguinte renovación.

3. No caso de obstaculización das actividades inspectoras, o persoal inspector farao constar así. Poderá proceder entón á toma de mostras de augas residuais desde o exterior do recinto das instalacións, sempre que sexa posible.

ARTIGO 39.-DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE INSPECTORA

1. Cando o persoal inspector se presente no lugar onde radiquen as instalacións que se van inspeccionar, porá en coñecemento da persoa titular o obxecto das actuacións, logo de identificación mediante exhibición do documento que o acredite para o exercicio das súas funcións, no cal constarán o órgano do Consorcio ao cal está adscrito, o seu nome, apelidos, o número do documento nacional de identidade e unha fotografía.

2. As actuacións inspectoras realizaranse en presenza da persoa titular das instalacións. No caso de persoas xurídicas, considerarase o seu representante quen legalmente teña a dita condición.

No caso de ausencia da persoa titular ou representante, as actuacións entenderanse con calquera persoa presente nas instalacións, facendo constar na acta ou informe a súa vinculación con elas. Non será obstáculo para a realización das actuacións a negativa ou imposibilidade da persoa titular ou representante de estar presente durante a súa práctica, sempre que así se faga constar nas actuacións que documenten a inspección.

3. A actividade inspectora consistirá, entre outras, nas seguintes funcións:

- a) Comprobación do estado da instalación e do funcionamento dos instrumentos que, para o control dos efluentes, teña establecido na licenza ou autorización de vertedura.
- b) Mostraxe das verteduras, en calquera punto das instalacións que as orixinan. É dicir, mostraxe tanto da vertedura global (na arqueta ou pozo de rexistro) coma de verteduras elementais que compoñen aquel, no caso de que existan varios efluentes (nas distintas arquetas ou pozos pertencentes ás diferentes actividades que existan).
- c) Medida dos caudais de vertedura (tanto o global coma os individuais) e parámetros de calidade “in situ”.
- d) Medida de volumes de entrada no proceso.
- e) Comprobación do cumprimento de caudais e balance de auga (tendo en conta as captacións ou recursos propios de cada usuario) e parámetros segundo consta na correspondente licenza ou autorización de vertedura.
- f) Comprobación do cumprimento das restantes obrigas, en materia de vertedura, contempladas neste Regulamento.
- g) Calquera outra que resulte necesaria para o correcto desenvolvemento da labor inspectora.

ARTIGO 40.-DOCUMENTACIÓN DAS ACTUACIÓNS INSPECTORAS

1. As actuacións inspectoras documentaranse nunha acta de inspección (elaborada por duplicado), na que constarán como mínimo os datos indicados no anexo V do presente Regulamento, e na que, tanto o inspector coma o interesado poderán facer constar as observacións que consideren oportunas. Nesta acta asinarán o inspector e a persoa responsable da actividade nese intre.

Ademais, a inspección farase constar no libro de rexistro de visitas, que será facilitado polo Consorcio e a persoa titular da actividade deberá gardalo e polo a disposición do persoal inspector competente cando así llo soliciten en cada visita.

2. No caso de que o comparecente se negase a asinar a acta, ou a recibir a mostra contraditoria, o inspector farao constar así, autorizando a acta coa súa sinatura e entregando unha copia ao interesado, deixando igualmente constancia no caso de que este se negara a recibila. Asemade, o inspector entregará ao titular da vertedura unha acta finalmente elaborada e asinada.

3. Os feitos constatados nas actas terán valor probatorio, cos efectos previstos no artigo 137.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. No caso de que o levantamento ou sinatura da acta se produzan sen a presenza da persoa titular ou representante do establecemento produtor da vertedura, notificaráselle o documento, aos efectos de que poidan presentar cantas alegacións e probas consideren convenientes no prazo de dez días.

ARTIGO 41.-TOMA DE MOSTRAS

1. A toma de mostras de augas residuais levarase a cabo en calquera momento e sen previo aviso, de acordo co seguinte procedemento e atendendo a todos os aspectos que poidan influír na representatividade da mostra:

- a) Punto de toma de mostras. A mostra tomarase na arqueta ou pozo de rexistro se existe, logo da comprobación das coordenadas UTM ou, no seu defecto, no último punto accesible de saída das augas residuais das instalacións de produción ou tratamento, previo á incorporación ás redes de saneamento e a calquera dilución que poida existir.
- b) Preparación da mostra. Para a obtención da mostra tomarase nun recipiente unha cantidade de efluente suficiente para poder dividila en tres submostras en cadanseus recipientes de material adecuado ás determinacións analíticas que se prevexa realizar. Os recipientes enxaugaranse previamente co mesmo efluente obxecto da mostraxe.
- c) As mostras así obtidas precintaranse e identificaranse. Dúas quedarán en poder do persoal inspector, a primeira para efectuar as determinacións analíticas e a segunda para a práctica dunha eventual análise dirimente, e a terceira ofreceráselle á persoa interesada, para os efectos de que poida proceder, se o considera oportuno, á práctica da análise contraditoria. No caso de que a persoa interesada se negue a recibir esta terceira mostra ou non poida facerse cargo dela, comunicarláselle o lugar en que queda á súa disposición.
- d) A natureza dos envases, as súas condicións de preservación, así como os métodos analíticos dos diferentes parámetros, serán os que figuran no anexo VII do presente regulamento.
- e) O volume mínimo para realizar a mostraxe será de dous litros para cada unha das tres mostras referenciadas no punto c) deste artigo, agás que xustificadamente se poida utilizar un volume menor. Este volume subdividirase en senllos recipientes dun litro, un de vidro e outro de plástico, en función dos parámetros que se van analizar.
- f) Poderá prescindirse da toma de mostras, para determinar as súas características contaminantes, cando se trate de verteduras de natureza inequivocamente doméstica ou gandeira e o persoal inspector así o faga constar expresamente na acta, así como unha estima do aforo obtido puntualmente do caudal, indicando no caso de verteduras gandeiras, a especie animal á que pertence.

ARTIGO 42.-PRÁCTICA DAS ANÁLISES

1. Para a práctica da análise inicial e da contraditoria, deberá entregarse ao laboratorio de que se trate a mostra correspondente, debidamente conservada a temperatura non superior a 6 graos centígrados, no prazo máximo de vinte catro horas (24 horas) dende a toma de mostras, aos efectos de iniciar o procedemento de análise nese prazo.

2. As determinacións analíticas da mostra inicial e da contraditoria levaranse a cabo en laboratorios que dispoñan de acreditación para, cando menos, Sólidos en Suspensión, DQO, DBO5, NTot, PTot, que garanta o cumprimento da norma UNE-EN-ISO 17025. Tamén se poderán levar a cabo no Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.

3. O laboratorio ao que se encargue a práctica da análise inicial deberá entregar os resultados ao Consorcio no prazo de trinta días naturais desde a recepción da mostra, e o Consorcio procederá a comunicalos á persoa interesada. A comunicación á persoa interesada deberá realizarse no prazo de dez días desde a recepción dos resultados pola entidade xestora.

4. A folla de resultados analíticos, tanto na análise inicial como na contraditoria, expresará en todo caso a data de recepción da mostra, de inicio e de fin da análise, así como os métodos analíticos

empregados. De ser o caso, farase constar igualmente o estado de conservación da mostra á súa chegada ao laboratorio.

5. Pola súa parte, a persoa interesada poderá facer uso do dereito a realizar a análise contraditoria. Nese caso, comunicarlle á entidade xestora os resultados da dita análise, se o considera procedente.

6. A práctica da análise dirimente, por solicitude de calquera das partes, levarase a cabo no laboratorio que designe a entidade xestora entre os indicados na alínea 2. A mencionada entidade comunicarlle á persoa interesada con antelación suficiente o lugar, a data e a hora onde se levará a cabo, para os efectos de que poida estar presente nas operacións, asistida, se o xulga oportuno, de persoal técnico. En ningún caso se tomará en consideración a petición de análises dirimentes logo de transcorridos dous meses desde a data da toma de mostras, ou cando non se realizase análise contraditoria.

7. Os gastos xerados pola práctica da análise contraditoria corresponden sempre á persoa interesada. Os gastos da análise dirimente corresponden á parte que a solicite.

CAPÍTULO V. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

ARTIGO 43.-RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O réxime de infraccións e sancións relativas ás verteduras ao sistema público de saneamento e depuración, así como o réxime de medidas cautelares, sen prexuízo do previsto no título VII da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Capítulo VI do Decreto 141/2012, do 21 de xuño polo que se aproba o Regulamento Marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, é o contemplado no presente regulamento.

2. Terán a consideración de infraccións as accións e omisións que contraveñan o establecido na citada Lei 9/2010, no citado Decreto 141/2012 e no presente Regulamento.

3. As infraccións clasificaranse en tres grupos, para proceder ao correspondente réxime sancionador. Deste xeito, as infraccións disporanse en: leves, graves e moi graves.

4. Considéranse infraccións de carácter leve:

- a) A vertedura ao sistema de depuración ou de saneamento de augas residuais de natureza doméstica sen contar coa autorización correspondente, cando esta sexa necesaria, ou sen respectar as características das acometidas.
- b) A construción e modificación de sumidoiros, acometidas ou conexións á rede, ou instalacións anexas a esta, aínda sendo de propiedade particular, sen ter a licenza de conexión aos sumidoiros, ou sen se axustar ás condicións sinaladas na licenza concedida ou ás disposicións deste Regulamento.
- c) A utilización de sistemas autónomos de saneamento (fosas sépticas ou similares) non autorizados, o incumprimento das correspondentes obrigas de limpeza e mantemento destes, o non envío a un xestor autorizado do produto resultante das operacións de limpeza ou a conexión a estes sistemas de augas non permitidas no presente Regulamento.
- d) A non conexión ao sistema de saneamento por parte dos usuarios obrigados a iso, e sempre que non se produza unha clara afección ao medio receptor por parte dos sistemas autónomos utilizados, ou ben por xerar escorreduras de augas residuais en terreos públicos ou privados, casos en que terá a consideración de grave.
- e) A dilución e a vertedura de augas brancas, agás que se trate dun volume desproporcionado ou que resulte rendible polo beneficio obtido acadar os límites de vertedura por dilución, caso en que terá a consideración de grave.
- f) A falta de información á entidade xestora do aumento do volume do caudal de vertedura en máis dun 10%.

- g) O incumprimento das condicións establecidas no permiso de vertedura, sempre que non se causen danos ao sistema público de depuración ou de saneamento, ou ben cando estes danos non superen os 3.000 euros.
- h) As accións e omisións das que se deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento do sistema público de depuración ou de saneamento inferiores a 3.000 euros.
- i) A non execución das arquetas ou pozos de control descritas no presente documento, necesarias para a inspección por parte da Administración ou da Entidade xestora. No caso de existir a arqueta ou pozo, a modificación das súas características ou dimensións, ou a manipulación ou desprecintado dos equipos de autocontrol por persoal alleo ao Consorcio ou á Administración Hidráulica.
- j) A desobediencia aos requirimentos do Consorcio, en relación coa adecuación de verteduras ou instalacións ás condicións regulamentarias, e tamén en relación coa remisión de datos e informacións sobre as características do efluente ou as instalacións de tratamento.
- k) A vertedura das augas residuais, ou de calquera outro tipo de residuo, mediante sistemas non canalizados (camións cisterna ou doutro tipo) á rede de saneamento, sempre que se trate de verteduras procedentes de actividades domésticas ou asimilables e non estean autorizadas, segundo se establece no artigo 26.
- l) Incumprimento de calquera prohibición establecida no presente Regulamento ou a omisión dos actos a que obriga, sempre que non estean considerados coma infraccións graves ou moi graves.
- m) A falta de abono do importe dos servizos prestados polo Consorcio, de acordo co previsto neste regulamento e na ordenanza de abastecemento, e de acordo ás tarifas e taxas vixentes, no prazo establecido.

5. Considéranse infraccións graves:

- a) A obstrución á labor inspectora do Consorcio no acceso ás instalacións ou a negativa a facilitar a información requirida.
- b) A vertedura ao sistema de depuración ou de saneamento de augas residuais de natureza distinta á doméstica, sen contar co permiso correspondente.
- c) A realización de verteduras das substancias prohibidas relacionadas no anexo I deste Regulamento.
- d) O incumprimento das condicións establecidas no permiso de vertedura, sempre que causen danos ao sistema público de depuración ou de saneamento superiores a 3.000 euros e ata 15.000 euros.
- e) As accións e omisións das que se deriven danos ou perdas para a integridade ou o funcionamento do sistema público de depuración ou de saneamento superiores a 3.000 euros e ata 15.000 euros, xa sexan causadas maliciosamente ou por negligencia.
- f) A evacuación de verteduras sen tratamento previo, cando estas o requiran, ou sen respectar as limitacións especificadas neste Regulamento.
- g) A ocultación ou falseamento de datos esixidos na solicitude de verteduras, e determinantes para o outorgamento do permiso de vertedura.
- h) A reincidencia na comisión de dúas ou máis infraccións leves no período dun ano.
- i) A falta de comunicación das situacións de emerxencia ou perigo, ou o incumprimento das ordes da Administración derivadas de situacións de perigo ou emerxencia.
- j) A non existencia das instalacións e equipos necesarios para a realización dos controis requiridos, ou mantelos en condicións non operativas.
- k) A resistencia ou demora na instalación de elementos correctores que fosen esixidos para o cumprimento do presente Regulamento.
- l) A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións prohibidos ou clausurados.

m) A posta en funcionamento de aparellos ou instalacións non autorizadas, ou diferentes ás aprobadas para o permiso de vertedura, así como o desprecintado, anulación ou manipulación dos que fosen colocados polo Consorcio.

6. Considéranse infraccións moi graves:

- a) Calquera conduta indicada no apartado 43.5, da que se deriven danos ou perdas para o sistema de depuración ou de saneamento superiores a 15.000 euros.
- b) As infraccións cualificadas como graves no apartado 43.5 que, por cantidade ou calidade da vertedura, deriven a existencia dun risco moi grave para a saúde das persoas, os recursos naturais ou o medio ambiente.
- c) A reincidencia na comisión de dous ou máis infraccións graves no período dun ano.
- d) O incumprimento das ordes de suspensión de verteduras non permitidas.
- e) Evacuación de verteduras prohibidas neste Regulamento ou en condicións diferentes ás permitidas, sen autorización administrativa expresa.

ARTIGO 44.-SANCIONES

1. A imposición de sancións e a esixencia de responsabilidades, con arranxo a este Regulamento, realizarase mediante a instrución do correspondente expediente sancionador e segundo os artigos 280.2, 287 e 289 da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia.

2. As infraccións poderán dar lugar á imposición das seguintes sancións:

- a) Sancións pecuniarias.
- b) Suspensión do permiso de vertedura, pechamento de instalacións ou prohibición de utilización de instalacións ou servizos públicos, de acordo co disposto no artigo 92.4 da Lei 9/2010 de Augas de Galicia
- c) Solicitude de suspensión do permiso de actividade municipal.

3. As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas coas seguintes multas, establecendo un importe económico das sancións ata un máximo de 100.000 euros, de acordo coa potestade atribuída para o efecto ás entidades locais no artigo 92.3 da Lei 9/2010, de 4 de novembro de Augas de Galicia:

- a) Infraccións leves: multa de ata 6.000 euros.
- b) Infraccións graves: multa entre 6.001 e 30.000 euros.
- c) Infraccións moi graves: multa entre 30.001 e 100.000 euros.

4. O cálculo do custo das sancións, danos, fianzas e sobrecuste, sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial vixente, efectuarase segundo o establecido no Anexo VI (Calculo do custo a efectos de sancións, danos, fianzas e sobrecuste. Valoración económica dos parámetros).

5. As sancións graduaranse en función da reincidencia do infractor, da súa intencionalidade, do beneficio obtido, da afección producida ao sistema de depuración ou de saneamento, ou á calidade do medio receptor e prexuízo ocasionado de interese xeral. En todo caso, para a graduación das sancións, terase en conta ademais dos criterios relacionados, o principio de proporcionalidade consagrado no art. 131.2 LRPAC.

6. Serán responsables as persoas físicas ou xurídicas que realicen os actos ou incumpran os deberes que constitúan a infracción e, nos casos de establecementos industriais ou comerciais, os titulares destes.

7. Para a gradación das multas a impoñer, dentro dos límites mencionados, teranse en conta os seguintes criterios, asegurándose a adecuación necesaria entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.
- b) A gravidade do feito constitutivo da infracción, considerando os danos e prexuízos producidos.
- c) O risco obxectivo causado aos bens ou ás persoas.
- d) A relevancia externa da conduta infractora.

- e) A reincidencia, por ter cometido no prazo dun ano máis dunha infracción da mesma natureza, sempre que se teña declarado así por resolución firme.

ARTIGO 45.-ÓRGANOS COMPETENTES

1. A Presidencia do Consorcio, segundo o artigo 19.4 do seus estatutos, e de acordo co establecido no artigo 287.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, é competente para o exercicio da potestade sancionadora.

2. Así e todo, o Consorcio, con independencia das actuacións contempladas neste artigo, podería instar a outros Organismos competentes, á incoación de expedientes ao abeiro da lexislación vixente.

3. O Consorcio remitirá ao Organismo de conca correspondente, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ou, no seu caso a Augas de Galicia, copia das resolucións que recaian nos expedientes sancionadores que tramitaran.

ARTIGO 46.-PROCEDEMENTO

1. O procedemento para a tramitación dos expedientes, será o previsto na vixente normativa xeral de procedemento administrativo común.

2. Serán sancionadas pola comisión de infraccións, as persoas físicas e xurídicas que resulten responsables delas, aínda a título de mera inobservancia.

3. Con independencia da sanción que se lles impoña, os infractores serán obrigados a reparar o dano causado, podendo o Consorcio, se procede, exercer as facultades de execución subsidiaria previstas na Lei.

4. Os prazos de prescrición das infraccións e das sancións serán os previstos na vixente normativa xeral de procedemento administrativo común.

5. O prazo para a resolución dos expedientes sancionadores será dun ano, que se contará dende a súa incoación.

6. Para a execución de determinados actos, poderán impoñerse multas coercitivas, nos termos previstos na LRXPAC.

ARTIGO 47.-MEDIDAS CAUTELARES

1. Sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda, o infractor deberá de reparar o dano causado. A reparación terá como obxecto a restauración dos bens alterados á situación anterior á infracción.

2. Cando o dano producido afecta ás infraestruturas de saneamento, a reparación será realizada polo Consorcio, con cargo ao infractor. Entenderanse por infraestruturas de saneamento as definidas no Artigo 3 deste Regulamento.

3. Se o infractor non procedese a reparar o dano causado no prazo sinalado no expediente sancionador, o Consorcio poderá proceder á imposición de multas coercitivas sucesivas.

4. O órgano competente para incoar os expedientes, poderá adoptar as medidas seguintes:

- a) Ordenar a suspensión provisional dos traballos de execución de obras ou instalacións que contradigan as disposicións deste Regulamento ou sexan indebidamente realizados.
- b) Requerir ao usuario para que, no prazo que se lle indique, introduza as medidas técnicas necesarias que garantan o cumprimento das prescricións deste Regulamento.
- c) Ordenar ao usuario que, no prazo que se lle fixe, introduza nas obras ou instalacións realizadas as rectificacións precisas para axustalas ás condicións do permiso de vertedura ou ás disposicións deste Regulamento.
- d) Ordenar ao usuario que, no prazo que se lle indique, proceda á reparación e reposición das obras e instalacións ao seu estado anterior e á demolición do que fora indebidamente construído ou instalado.

- e) Impedir os usos indebidos das instalacións para o que non se teña obtido permiso, ou cando non se axusten ao seu contido ou ás disposicións deste Regulamento.
- f) Ordenar a clausura ou precintado das instalacións de vertedura, en caso de que non sexa posible tecnicamente ou economicamente evitar o dano mediante as oportunas medidas correctoras.

5. As medidas relacionadas no apartado anterior poden ser adoptadas, con carácter de cautelares, e a reserva da resolución definitiva que se adopte no expediente, simultaneamente á incoación do procedemento sancionador, ou ben en calquera momento da súa instrución, e poden manterse de xeito continuado.

ARTIGO 48.-VALORACIÓN DE DANOS

1. A valoración dos danos ás obras hidráulicas, aos efectos de aplicación do réxime sancionador a que se refire o presente capítulo, será realizada polo Consorcio e determinarase en función dos gastos de explotación e, no seu caso, de reposición daquelas.

2. Os danos ás obras hidráulicas que conforman os sistemas de depuración e de saneamento calcularase en euros/día, como resultado da ponderación do custo diario de explotacións das instalacións públicas afectadas en relación co caudal e carga contaminante da vertedura de que se trate.

3. O Consorcio determinará, de acordo cos orzamentos aprobados ao efecto e as correspondentes certificacións, os gastos de explotación repercutibles ao responsable da vertedura de que se trate.

4. A valoración de danos, que servirá de base para a cualificación da infracción e, no seu caso, da indemnización que deba impoñerse, resultará do cálculo a que se refire o apartado segundo, multiplicado polo número de días que se considere que a vertedura se mantivo en situación irregular.

5. Para os efectos do disposto no apartado anterior, computaranse os gastos correspondentes a todo o período no que a instalación pública de saneamento ou de depuración de augas residuais quedara afectada pola vertedura irregular, aínda que esta fora de carácter puntual. En calquera caso, considerarase que a vertedura irregular mantense durante, polo menos, un día.

6. Nos supostos de verteduras que non dispoñan de tratamento que deriven dunha actividade non ocasional, presumirase, salvo proba en contrario, que a calidade deles se mantén indefinidamente.

7. Así mesmo, presumirase o mantemento da calidade da vertedura durante o período que medie entre dous ou máis tomas de mostras consecutivas, cuxos resultados amosen incumprimentos da normativa vixente ou dos límites impostos no correspondente permiso, ata a data da toma da mostra seguinte na que a calidade da vertedura cumpra dita normativa ou cos límites impostos no xa citado permiso.

8. A valoración de danos deberá notificarse ao presunto/a infractor/a simultaneamente co prego de cargos que se dite no correspondente expediente sancionador.

ARTIGO 49.-RELACIÓN CO CANON DA AUGA E CO COEFICIENTE DE VERTEDEURA

1. Os resultados analíticos de que dispoña Augas de Galicia para a determinación do canon da auga regulado no título IV da Lei 9/2010, de augas de Galicia, poderán ser utilizados nos expedientes sancionadores a que se refire este capítulo, sempre que se correspondan cos períodos considerados neles.

CAPÍTULO VII. RECLAMACIÓNS, RECURSOS E XURISDICIÓN

ARTIGO 50. RÉXIME XURÍDICO E PROCEDEMENTO

3. Os actos que dite o Consorcio en exercicio das potestades e demais funcións que ten atribuídas en orde á prestación dos servizos aos que se refire a presente Ordenanza, e en xeral, as relacións cos usuarios estarán sometidos ás disposicións que rexen a actuación e procedemento das Administracións Locais.

4. En tal sentido, os usuarios poderán formular ante os órganos do Consorcio reclamacións, peticións e solicitudes de información nos termos previstos polas citadas disposicións.

ARTIGO 51. RÉXIME DOS RECURSOS

5. Os actos que diten os órganos do Consorcio poñen fin á vía administrativa e fronte aos mesmos caberá a interposición, con carácter potestativo, de recurso de reposición fronte ao mesmo órgano que os ditou, ou ben ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso administrativo.

6. O réxime xurídico do recurso potestativo de reposición, así como de calquera outros que resultaren procedentes, será o establecido na Lei de réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

7. Como regra xeral, a interposición de recursos non suspenderá a executividade da resolución impugnada, salvo nos supostos nos que legalmente proceda tal medida ou nos casos nos que o Consorcio, razoe suficientemente a adopción da mesma, e impoña, no seu caso, os medidas cautelares correspondentes.

8. Os procedementos que se refiran á aplicación e efectividade das taxas devengadas polos servizos ás que se refire a presente Ordenanza, seranlles de aplicación o réxime de recursos previstos nas disposicións de carácter tributario, e nos termos establecidos na Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 52. PROCEDEMENTOS ALTERNATIVOS AOS RECURSOS

Sen prexuízo establecido no artigo anterior, o Consorcio adaptarase ás disposicións administrativas que tanto subxectivamente, como polo que afecta ao ámbito do obxecto da presente Ordenanza, podan resultarlle de aplicación, e prevexan a substitución do recurso potestativo de reposición, por outros procedementos de impugnación, reclamación, conciliación e arbitraje ante órganos colexiados ou Comisións específicas non sometidas a instrucións xerárquicas.

ARTIGO 53. XURISDICIÓN COMPETENTE

O coñecemento das cuestións litixiosas que se susciten entre o Consorcio e os usuarios con ocasión da relación do servizo a que se refire o ámbito da presente Ordenanza corresponderá aos órganos da Xurisdición Contencioso Administrativa.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS**PRIMEIRA.**

Obtención do permiso de vertedura e documentación a presentar polas instalacións existentes:

1. Todos os usuarios titulares das actividades indicadas no artigo 8.1 do presente Regulamento reguladora de verteduras, que dispoñan dunha autorización de vertedura en vigor outorgada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ou pola Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, no caso de actividades comprendidas no ámbito de aplicación da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (IPPC), os cales non tiveran presentado ao concello correspondente a documentación a que esta disposición se refire, á entrada en vigor do presente regulamento, deberán presentar nun prazo de (6) seis meses, no Consorcio, un informe técnico emitido por un Organismo de Control Autorizado ou por unha Entidade Colaboradora, no que se certifique, no seu caso, que a instalación cumpre coas condicións que, en materia de verteduras de augas, foran establecidas en dita autorización de vertedura.

2. Dito informe deberá incluír unha descrición das instalacións existentes, unha relación detallada das medidas e análises realizadas, e un diagnóstico das necesidades de adaptación á citada autorización de vertedura, se fóra necesario.

3. Estes usuarios deberán presentar unicamente no Consorcio, copia de dita autorización de vertedura en vigor outorgada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil ou pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, ou informe técnico emitido por un Organismo de Control Autorizado ou por unha Entidade Colaboradora e unha solicitude simplificada segundo o modelo 1.1 do anexo IX.

SEGUNDA.

A partir da aprobación definitiva do presente Regulamento, para os usuarios que se encontran vertendo en fosas sépticas ou similar e se dean as circunstancias que establece o artigo 8.6, disporase dun prazo de UN ANO para realizar a conexión á rede de sumidoiros pública.

TERCEIRA

Os Concellos que directa ou indirectamente utilicen calquera tramo de rede de sumidoiros do Consorcio, deberán asinar no prazo de 6 MESES un convenio co fin de axustar a vertedura das súas augas residuais ás normas do presente Regulamento.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Os permisos de vertedura outorgados por cada un dos concellos integrantes do Consorcio ou ben pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, as autorizacións para a conexión ao Sistema de Saneamento do Louro e as autorizacións de baleirado de fosas sépticas outorgadas por Augas de Galicia, manterán a súa vixencia durante o prazo para o cal foron outorgados, sen prexuízo de que proceda á súa revisión, revogación ou caducidade de acordo co disposto no presente regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado no BOP e comezará a aplicarse a partir do día un de xaneiro de 2.014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I*A. VERTEDURAS PROHIBIDAS*

En ningún caso se verterá á rede de colectores públicos calquera dos seguintes produtos:

- a. Materias sólidas ou viscosas en cantidades ou tamaños tales que, por si soas ou por integración con outras, poidan producir obstrucións ou sedimentos que impidan o correcto funcionamento do sistema ou dificulten os traballos da súa conservación ou mantemento.
- b. Disolventes ou líquidos orgánicos inmiscibles na auga, combustibles ou inflamables.
- c. Aceites e graxas flotantes sólidas ou semisólidas.
- d. Substancias sólidas potencialmente perigosas.
- e. Gases ou vapores combustibles ou inflamables, explosivos ou tóxicos ou procedentes de motores de explosión.
- f. Materias que, por razón da súa natureza, propiedades ou cantidades, por si mesmas ou por integración con outras, poidan orixinar:
 1. Calquera tipo de molestia pública.
 2. A formación de mesturas inflamables ou explosivas co aire.
 3. A creación de atmosferas molestas, insalubres, tóxicas ou perigosas que impidan ou dificulten o traballo do persoal encargado da inspección, limpeza, mantemento ou funcionamento do sistema.
 4. A coloración das augas residuais de tal xeito que non se pode eliminar con ningún dos procesos de tratamento usuais nas estacións depuradoras
- g. Materias que, por si mesmas ou a consecuencia de procesos ou reaccións que teñan lugar dentro da rede, teñan ou adquiran calquera propiedade corrosiva capaz de danar ou deteriorar os materiais do sistema ou prexudicar ó persoal encargado da súa limpeza e conservación.
- h. Residuos de natureza radioactiva.
- i. Residuos industriais ou comerciais que, polas súas concentracións ou características tóxicas ou perigosas, requiran un tratamento específico ou un control periódico dos seus efectos nocivos potenciais.

- j. As verteduras que por si mesmas ou a consecuencia de transformacións químicas ou biolóxicas que se poidan producir na rede de saneamento dean lugar a concentracións de gases nocivos na atmosfera da rede de sumidoiros superiores aos seguintes límites:
- Dióxido de carbono: 15.000 ppm
 - Dióxido de xofre: 5 ppm
 - Monóxido de carbono: 25 ppm
 - Cloro: 1 ppm
 - Ácido sulfhídrico: 10 ppm
 - Ácido cianídrico: 4,5 ppm
- k. Residuos sanitarios definidos na vixente normativa nesta materia.
- l. Residuos sólidos ou semisólidos xerados por sistemas de saneamento e depuración.
- m. Residuos de orixe pecuaria.

B. CONTAMINANTES DAS AUGAS

1. Considéranse coma contaminantes das augas as substancias que figuran referenciadas no Anexo II do Real Decreto 606/2003, do 23 de maio, polo que se modifica o Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento de Dominio Público Hidráulico, que desenvolve os títulos Preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei de Augas e que son os seguintes:

- a) Compostos organohaloxenados e substancias que poidan dar orixe a compostos desta clase no medio acuático
- b) Compostos organofosforados
- c) Compostos organoestánnicos
- d) Substancias e preparados, ou produtos derivados deles, cuxas propiedades canceríxenas, mutáxenas, ou que poidan afectar á tiroide, esteroidoxénesis, á reprodución ou a outras funcións endócrinas, no medio acuático ou a través do medio acuático estean demostradas
- e) Hidrocarburos persistentes e substancias orgánicas tóxicas persistentes e bioacumulables
- f) Cianuros
- g) Metais e os seus compostos
- h) Arsénico e os seus compostos
- i) Biocidas e produtos fitosanitarios
- j) Materias en suspensión
- k) Substancias que contribúen á eutrofización, en particular nitróxeno, fósforo e os seus compostos.
- l) Substancias que exercen unha influencia desfavorable sobre o balance de osíxeno (e computables mediante parámetros tales como DBO e DQO)

2. Ademais, consideráranse contaminantes os seguintes:

- a) Calor
- b) Substancias colorantes
- c) Aceites e graxas de orixe animal ou vexetal

C. VERTEDURAS CON SUBSTANCIAS PERIGOSAS

1. De acordo co disposto na disposición adicional segunda contida no Real Decreto 60/2011, do 21 de xaneiro, sobre as normas de calidade ambiental no ámbito da política de augas, para os efectos da aplicación das obrigas derivadas da protección das augas superficiais fronte a substancias perigosas previstas no Regulamento de Dominio Público Hidráulico aprobado polo Real Decreto 849/1986 do 11 de abril, e no Regulamento de Planificación Hidrolóxica, aprobado polo Real Decreto 907/2007, do 6 de xullo, entenderanse como substancias perigosas a todas as substancias contidas nos Anexos I e II do Real Decreto 60/2011, e deberá observarse o seguinte:

2. As medidas respecto das substancias perigosas consisten, de acordo co artigo 51 do Real Decreto 907/2007, do 6 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Planificación Hidrolóxica, entre outras, no requisito de autorización de todas as verteduras de augas residuais con substancias perigosas do anexo IV do citado regulamento, que se limitarán conforme ao establecido no artigo 100.2 do texto refundido

da Lei de Augas. As devanditas autorizacións considerarán os valores límite de emisión das substancias perigosas que contén con regulación específica, así como as normas de calidade ambiental aprobadas regulamentariamente ou as que no futuro se aproben.

**NORMAS DE CALIDADE AMBIENTAL PARA SUBSTANCIAS PERIGOSAS E OUTROS
CONTAMINANTES (SEGUNDO O ANEXO I DO RD 60/2011)**

APARTADO A. NORMAS DE CALIDADE AMBIENTAL (NCA)

MA: media anual; CMA: concentración máxima admisible; Unidade: [µg/l]

(1)	(2)	(3)	(4)	(5)	(6)	(7)
N.º	Nombre de la sustancia	N.º CAS ^(a)	NCA-MA ^(b) Aguas superficiales continentales ^(c)	NCA-MA ^(b) Otras aguas superficiales	NCA-CMA ^(d) Aguas superficiales continentales ^(c)	NCA-CMA ^(d) Otras aguas superficiales
(1)	Alacloro	15972-60-8	0,3	0,3	0,7	0,7
(2)	* Antraceno	120-12-7	0,1	0,1	0,4	0,4
(3)	Atrazina	1912-24-9	0,6	0,6	2,0	2,0
(4)	Benceno	71-43-2	10	8	50	50
(5)	* Difeniléteres bromados (Pentabromodifenileter, congéneres nºs 28, 47, 99, 100, 153 y 154) ^(e)	32534-81-9	0,0005	0,0002	no aplicable	no aplicable
(6)	* Cadmio y sus compuestos (en función de las clases de dureza del agua) ^(f)	7440-43-9	≤ 0,08 (Clase 1) 0,08 (Clase 2) 0,09 (Clase 3) 0,15 (Clase 4) 0,25 (Clase 5)	0,2	≤ 0,45 (Clase 1) 0,45 (Clase 2) 0,6 (Clase 3) 0,9 (Clase 4) 1,5 (Clase 5)	≤ 0,45 (Clase 1) 0,45 (Clase 2) 0,6 (Clase 3) 0,9 (Clase 4) 1,5 (Clase 5)
(6 bis)	Tetracloruro de carbono ^(g)	56-23-5	12	12	no aplicable	no aplicable
(7)	* Cloroalcanos C ₁₂₋₁₃	85535-84-8	0,4	0,4	1,4	1,4
(8)	Clorfenvinfós	470-90-6	0,1	0,1	0,3	0,3
(9)	Clorpirifós ^(h) (Clorpirifós etil)	2921-88-2	0,03	0,03	0,1	0,1
(9 bis)	Plaguicidas de tipo ciclodieno Aldrín ^(g) Dieldrín ^(g) Endrín ^(g) Isodrín ^(g)	309-00-2 60-57-1 72-20-8 465-73-6	Σ = 0,01	Σ = 0,005	no aplicable	no aplicable
(9 ter)	DDT total ^(g) ⁽ⁿ⁾ p,p' - DDT ^(g)	no aplicable 50-29-3	0,025 0,01	0,025 0,01	no aplicable no aplicable	no aplicable no aplicable
(10)	1,2 - Dicloroetano ⁽ⁱ⁾	107-06-2	10	10	no aplicable	no aplicable
(11)	Diclorometano	75-09-2	20	20	no aplicable	no aplicable
(12)	Di(2-etilhexil)ftalato (DEHP)	117-81-7	1,3	1,3	no aplicable	no aplicable
(13)	Diurón ^(j)	330-54-1	0,2	0,2	1,8	1,8
(14)	* Endosulfán	115-29-7	0,005	0,0005	0,01	0,004
(15)	Fluoranteno ^(k)	206-44-0	0,1	0,1	1	1
(16)	* Hexaclorobenceno ^(l)	118-74-1	0,01 ⁽ⁿ⁾	0,01 ⁽ⁿ⁾	0,05	0,05
(17)	* Hexaclorobutadieno	87-68-3	0,1 ⁽ⁿ⁾	0,1 ⁽ⁿ⁾	0,6	0,6
(18)	* Hexaclorociclohexano	608-73-1	0,02	0,002	0,04	0,02
(19)	Isoproturón ⁽ⁿ⁾	34123-59-6	0,3	0,3	1	1
(20)	Plomo y sus compuestos	7439-92-1	7,2	7,2	no aplicable	no aplicable
(21)	* Mercurio y sus compuestos	7439-97-6	0,05 ⁽ⁿ⁾	0,05 ⁽ⁿ⁾	0,07	0,07
(22)	Naftaleno	91-20-3	2,4	1,2	no aplicable	no aplicable
(23)	Níquel y sus compuestos	7440-02-0	20	20	no aplicable	no aplicable
(24)	* Nonilfenol * 4-Nonilfenol	25154-52-3 104-40-5	0,3 0,3	0,3 0,3	2 2	2 2
(25)	Octilfenol [[4-(1,1',3,3'-tetrametilbutil)fenol]]	140-66-9	0,1	0,01	no aplicable	no aplicable
